

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 3 ANO 2012



centro de estudos do corgo

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL
M^a Consuelo Vázquez Castro
Josefa González Díaz
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
Xosé Enrique Casanova Sánchez
Manuel Fernández López "Lolo"
Xosé Manuel Castro Castedo
Roberto Rodríguez Páramo

DESEÑO E IMPRESIÓN
Grafinco

DEPÓSITO LEGAL
LU 149-2010

ISSN 2171-6013

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 3 ANO 2012

Agradecemoslle á Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo a colaboración económica para poder plasmar por terceira vez no papel este soño chamado *Corga*. Oxalá siga sementando tanto e tan ben na agra cultural lucense.

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
M^a Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)
Josefa González Díaz (Vicepresidenta)
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Secretario)
Xosé Enrique Casanova Sánchez (Tesoureiro)
Manuel Fernández López "Lolo"
Xosé Manuel Castro Castedo
Roberto Rodríguez Páramo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO
Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGÜÍSTICA
Xosé Manuel Becerra Pardo

ASESORÍA TIC
Josefa González Díaz

*Centro de Estudos do Corgo (CEC)
Antigas Escolas do Corgo s/n
27.163 O Corgo (Lugo)
ocorgo@gmail.com
<http://ocorgo.blogspot.com>*

EDITORIAL

Na primavera do 2010 chegou ás vosas mans o primeiro número da **CORGA**, unha das iniciativas do Centro de Estudos do Corgo. Nela puxemos toda a nosa ilusión e os mellores desexos de que tivera vocación de continuidade.

Desde ese ano, coma un puntual cuco, non faltamos á nosa cita primaveral cos lectores.

O CEC naceu para que todos poidamos aprender sobre o noso concello a través dos variados traballos que os autores nos van presentando ano tras ano e que tratan temas tan diversos como a lingua, o patrimonio arquitectónico, a historia ou a etnografía.

Así, pouquiño a pouco, viron a luz na **CORGA** 21 estudos individuais ou colectivos que propiciaron outras tantas conferencias divulgativas no Centro Sociocultural.

Estamos seguros de que contribuíron a ver o concello con outros ollos e a valorar un pouco máis O Corgo, tanto desde dentro como desde fóra das nosas fronteiras.

Parabéns, xa que logo, aos autores dos estudos e aos membros do Comité Científico polo seu desinteresado asesoramento.


Agradecemos tamén á Area de Cultura da Deputación de Lugo a sensibilidade que veu demostrando hacia este proxecto desde os seus inicios e polo financiamento que o fai posible.

E grazas, como non, aos nosos lectores, sempre interesados en descubrir nestas páxinas novos aspectos da cultura corguesa.

Nestes tempos que corren, repletos de mercados especuladores, primas de risco, bancas insaciáveis, baixos salarios e aumento do desemprego, semella que a única preocupación social recae sobre os bens materiais, sen dúbida precisos para a nosa supervivencia; mais non debemos esquecer a cultura como alimento do espírito.

Agardemos que esta humilde revista siga cumprindo anos e ampliando o horizonte cultural do concello: Coñecer o noso pasado tamén pode ser unha boa maneira de gañar o futuro.

O CONSELLO EDITORIAL



ÍNDICE

| | |
|---|-----|
| Fernando ARRIBAS ARIAS. Cruceiros e cruces do Concello do Corgo..... | 6 |
| José Manuel BLANCO PRADO. Etnorituais e ofrendas relixiosas a nivel popular en dúas comunidades do Corgo (Lugo): Anseán e Castrillón (I)..... | 12 |
| Xosé Enrique CASANOVA SÁNCHEZ. A Fervenza. Reserva da biosfera | 22 |
| Juan José GARCIA RODICIO. Os teleclubs do concello do Corgo (1967-1984): Unha achega inicial..... | 32 |
| Xosé Manuel CASTRO CASTEDO. Léxico do Galego de Queizán. | 44 |
| Jesús IGLESIAS JIMÉNEZ. Debuxos do río Chamoso. | 54 |
| Jesús ABUÍN ARIAS, Josefa GONZÁLEZ DÍAZ. Os escudos no concello do Corgo. | 58 |
| Javier GÓMEZ VILA. As divindades da auga na provincia de Lugo: A fonte das Virtudes..... | 70 |
| Jaime F. LÓPEZ ARIAS. A vella estrada xeral entre o Padornelo e Lugo..... | 80 |
| MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO | 100 |
| BOLETÍN DE INSCRICIÓN COMO SOCIO DA A.C. ARUMES DO CORGO | 109 |
| MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CEC..... | 110 |
| DOCUMENTACIÓN PARA INSCRICIÓN COMO SOCIO DO CEC..... | 112 |
| NORMAS DE PUBLICACIÓN | 120 |

RESUMO

Resulta paradoxo que un concello como O Corgo, tan rico en granito, non posúa un número maior de cruces de pedra que as que figuran neste artigo, que só pretende ser un pequeno achegamento a este tipo de construcións, se ben non descartamos nun futuro próximo unha maior profundización sobre este tema.

PALABRAS CLAVE

Corgo, cruz, cruceiro, via crucis.

1 INTRODUCCIÓN

Non é O Corgo un concello que poida presumir de ter un elevado número de cruceiros, xa que das trinta e oito parroquias que integran este municipio só en tres atopamos exemplos destas “*oracións en pedra*” como define Castelao estas mostras da nosa arte popular¹. Chama a atención o feito de que tres destas parroquias, concretamente as de



01.- Cruz de VILAPENE (Chamoso)

Arribas Arias, Fernando

difusion@museolugo.org
Etnógrafo. Profesor de EXB e
Licenciado en Humanidades pola USC.
Responsable de Difusión da Rede Museística da
Deputación de Lugo

O meu agradecemento a Mario Outeiro e a Manuel Fernández “Lolo” pola información que me facilitaron para a realización deste traballo, así como tamén a Mario Saavedra.

Santa María de Queizán, Santo André de Chamoso e San Xoán de Segovia, concentren todos os cruceiros existentes neste municipio, aos que hai que sumarlles unha cruz de granito situada no lugar de Vilapene (Chamoso). Seguindo coas cruces, convén destacar tamén unha pedra calada incrustada no muro testeiro da igrexa parroquial de Anseán, de cronoloxía incerta, aínda que ben puidera tratarse dun elemento prerrománico, que presenta unha seteira en forma de cruz, símbolo que tamén aparece gravado na parte superior desta placa.



02.- Cruz da igrexa de Anseán

(1) Neste artigo citamos exclusivamente os cruceiros públicos e omitimos aqueles que se atopan no interior de propiedades privadas.



03.- Cruces da igrexa de CELA

Tres cruces de pedra podémolas ver sobre o muro que delimita o muro do adro da igrexa parroquial de Cela, templo que conserva aínda algún elemento románico, probablemente restos dun antigo *Vía crucis* hoxe desaparecido.

Pola súa parte, a cruz colocada na tapia do cemiterio de Marei, flanqueada por dous pináculos, procede do lintel da vella portada de entrada a este camposanto, do que tamén formaban parte as dúas fornelas con huchas de ferro para as esmolas que aínda se conservan.



04.- Cruz do cemiterio de MAREI

Quizais procedente do cemiterio de Quinte é a cruz de pedra que, actualmente, está colocada sobre un lintel de formigón que serve de acceso a unha leira particular inmediata á igrexa desta parroquia. Outra cruz existente no Corgo é a que se atopa á



05.- Cruz de QUINTE

entrada do camiño que leva á igrexa de Cerceda; trátase dunha gran cruz relativamente nova sobre unha gran base circular carente de calquera mérito artístico.



06.- Cruz de CERCEDA

2 OS CRUCEIROS

Polo que respecta aos cruceiros, en Santa María de Queizán podemos ver dous moi interesantes²: o primeiro está dentro do adro da igrexa parroquial e trátase dun cruceiro liso, é dicir, sen efixies e case carente de ornamentación, xa que se limita ás molduras do capitel e a unha superposición de rebaixas cuadrangulares en cada unha das caras do imoscapo. Levántase sobre unha plataforma dun só chanzo de granito, de planta cuadrangular, sobre o que se asenta unha base monolítica de forma paralelepípeda coas arestas superiores achafranadas que, no seu lado leste, ofrece unha inscrición moi borrosa que, na nosa opinión, di:



07.- QUEIZÁN (Cruceiro de dentro do adro)

**HIZOLA JUAN
ANTONIO AÑO
D(E) I D CC L (1750?)³**

O seu fuste, monolítico e de sección cuadrangular no extremo inferior e coas arestas rebaixas no resto, remata nun capitel moldurado cun listel, unha escocia e un bocel que dá paso a un pequeno

tramo recto. A cruz, sen efixies, ten unha sección cuadrangular nos extremos xa que as súas arestas están rebaixasadas.

A particularidade deste cruceiro é que presenta dous pousadoiros de diferente tamaño, un no lado leste e outro no norte.

Iguais características ten o cruceiro situado fóra do adro e próximo a un sartego antropomorfo diferenciándose, soamente, ademais da ausencia de pousadoiros, no capitel e na plataforma, formada neste último caso por dous chanzos. No lado SE da súa base, aparece o epígrafe:



08.- QUEIZÁN (Cruceiro de fóra do adro)

**HIZOLA FRANC
ISCO DIAZ AÑO
O DE 02**

(2) O situado dentro do adro presenta as seguintes coordenadas UTM: x= 631.580 y= 4.759.704; mentres que as do que está fóra do adro son: x= 631.581 y= 4.759.725. Temos que clarexar que as coordenadas empregadas son as referidas ao sistema Europeo 1950.

(3) Aínda que poida parecer que este Juan Antonio é o artífice deste cruceiro, normalmente este tipo de epígrafes aluden á persoa que os manda facer. Cómpre dicir tamén que na fachada do templo parroquial hai unha inscrición na que pode lerse: **HIZOSE SIENDO CURA DON GUTIÉRREZ DE MON I VALLEDOR. AÑO DE MDCCIXVL (1736).**



08. (bis) QUEIZÁN (Cruceiro de fóra do adro)

Na parroquia de Segovia localizamos un cruceiro⁴ que ten a particularidade de ter a cruz de ferro. O seu capitel, composto por diversas molduras, descansa sobre un fuste de sección cuadrangular nos extremos e octogonal no tramo central, que arrinca dunha base consistente nunha gran pedra de forma irregular. A súa cruz, latina e lanceolada, é de ferro e está ornamentada con volutas forxadas que se concentran na intersección dos brazos e no pé.



09.- SEGOVIA. Cruceiro

En Santo André de Chamoso hai outros dous cruceiros. O primeiro atópase nunha encrucillada próxima á igrexa parroquial⁵. Dous chanzos de cachotería conforman unha plataforma cuadrangular sobre a que se sitúa unha base monolítica e de forma paralelepípeda. O seu fuste, oitavado na parte central, presenta no extremo superior un astrágalo de bocel, mentres que o capitel moldurado ten como motivo ornamental unhas pequenas volutas nos vértices superiores. A cruz, latina e de sección cuadrangular pero coas arestas rebaixadas, leva no seu anverso un relevo de Cristo baixo unha cartela na que pode lerse **INRI**. Esta figura do Redentor, con coroa de espiñas na cabeza que inclina ao lado dereito, estende os brazos ao longo da cruz e as súas mans aparecen abertas. O perizoma anóase ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito por encima do esquerdo. No reverso aparece a Virxe coas mans cruzadas sobre o ventre en actitude orante.



10.- STO. ANDRÉ (Cruceiro da igrexa)

(4) As súas coordenadas UTM son: x= 626.445 y= 4.760.767.
 (5) As súas coordenadas UTM son: x= 627.000 y= 4.754.972.

O segundo cruceiro de Santo André de Chamoso localízase no lugar do Hospital, concretamente nunha encrucillada de pistas. Trátase dun cruceiro⁶ que presenta unhas características particulares e que o converte nun dos máis singulares dos que levamos visto neste concello. Levántase sobre unha plataforma de planta circular (forma nada frecuente na provincia de Lugo) de granito, tendo o banzo inferior, coas xuntas encintadas, unha considerable altura. A súa base, monolítica e tamén circular, dá paso a un groso fuste coas arestas lixeiramente rebaixadas que, na parte inferior da súa cara W, amosa unha inscrición na que pode lerse: **1913**, data que nos fai dubidar se corresponde á da construción do cruceiro ou se alude a unha reforma ou cambio de empraamento.



11.- Cruceiro do Hospital

Ao carecer de capitel, a cruz está asentada directamente sobre o fuste. De tipo grego e de grosas proporcións, presenta no seu anverso un relevo de Cristo de ruda labra (apreciable sobre todas as mans e nos pés) coa cabeza inclinada ao lado dereito. Os brazos están estendidos horizontalmente e as mans aparecen abertas, mentres que o perizoma anóase á esquerda e o pé dereito aparece sobre o esquerdo. No reverso pode verse un rudo relevo da Virxe, vestida con túnica e manto, e nos brazos da cruz o sol e a lúa.

3 UN PETO DEDICADO A SAN MARCOS

Por último, cómpre dicir que na parroquia de San Cristóbal de Chamoso, á beira da antiga N-VI e concretamente á altura do quilómetro 489, atópase un peto que, segundo a inscrición, é para **LIMOSNA A S. MARCOS**, santo que conta cunha capela próxima que data do ano 1870. Este peto exento levántase sobre un plinto de cachotería que remata nun corpo voado de granito moldurado na súa parte frontal, na que se abre unha gran



12.- PETO SAN MARCOS

fornela con arco escarzano ou rebaixado, protexida por un enreixado de ferro, hoxe carente de imaxe. No piñón é onde figura a inscrición citada, que aparece protexida pola sima dun frontón que lle dá paso a unha cuberta a dúas augas.

4 CONCLUSIÓNS

Queremos rematar este artigo de aproximación aos cruceiros e cruces do Corgo facendo un chamamento para a posta en valor deste patrimonio etnográfico que, se ben non é moi numeroso, non deixa de ser interesante. Unha sinalización simple, como a existente na parroquia de Santa María de Queizán, pode contribuír a esta posta en valor que pode completarse cunha ruta que permita, entre outras cousas, darlles a coñecer estes cruceiros aos propios habitantes do Corgo e ao público en xeral.

5 BIBLIOGRAFIA

- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio. Os cruceiros. Santiago: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12, Fundación Caixa Galicia, 2003.
- LAREDO VERDEJO, José M.: Os nosos cruceiros, A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza. 1993.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. As cruces de pedra na Galiza. Madrid: Akal, 1975 (Ed. Facsímile).
- VALIÑA SAMPEDRO, E. e outros. Inventario artístico de Lugo y su provincia (VI volumes). Madrid: Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia, 1975.

(6) As súas coordenadas UTM son: x=625.460 y=4.754.380.




RESUMO

O 11 de xuño celébrase a festividade do San Bernabé no castro de Castrillón (O Corgo). A doitan acudir devotos non só da contorna senón tamén doutros concellos limítrofes para pregarlle ao santo a concesión dalgún pedimento ligado case sempre con doenzas humanas, ou ben para agradecerlle o don xa recibido. Por tal motivo, levan a cabo unha serie de rituais, e ofrendas propiciatorias e de acción de grazas. Así oen unha misa, poñen o santo, levan a cabo o ritual de circunvalación ó redor do santuario. participan na procesión, traen candeas, aportan diñeiro, ofrecen figuras de cera, sufragan misas etc.

PALABRAS CLAVE

Ofrenda propiciatoria, petición condicional, poñer o santo, ofrenda de acción de grazas, pedimentos, mediación.



Autor do mapa: José Cancio Fernández.

José Manuel Blanco Prado

Jmbp53@yahoo.es

Doutor en Historia

Profesor (xubilado) de Ensino Secundario

(esp. De Filosofía)

I. ALGÚNS DATOS SOBRE O CONCELLO DE "O CORGO."

O concello do Corgo, cunha extensión de 157 km², está situado no centro da provincia de Lugo, formando parte da comarca de Lugo. A capital municipal dista 14 km., da cidade de Lugo. Segundo o Padrón municipal do 2010 o concello tiña 3938 habitantes distribuídos en 173 entidades de poboación pertencentes a 38 parroquias¹. Malia que na primeira década deste século maniféstase un leve crecemento da poboación debido ao retorno de emigrantes e da nova poboación asentada, procedente da cidade de Lugo, a pirámide de poboación do Corgo reflicte un claro avellentamento demográfico con taxas de natalidade moi inferiores ás de mortalidade.



O SANTUARIO DO CASTRILLÓN (O CORGO) (LUGO)

A súa paisaxe correspondese cunha ampla superficie de erosión ou penechaira situada a uns 400-500 metros de natureza rochosa granítica, con sectores xistosos e chairas aluviais ao longo

(1) Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

As parroquias son: Abragán (San Bartolomeu), Adai (Santiago), O Alto (Santalla), Anseán (Santa Catarina), Arxemil (San Pedro), Bergazo (San Fiz), Cabreiros (Santa Mariña), Campelo (San Xulián), Camposo (Santiago), Castrillón (San Salvador), Cela (San Xoán), Cerceda (San Pedro), Chamoso (San Cristovo), O Corgo (San Xoán), Escoureda (Santa María), Farnadeiros (San Pedro), Folgosa (San Martiño), Fonteita (Santiago), Franqueán (Santa María), Gomeán (Santiago), Lapio (San Miguel), Laxosa (Santiago), Maceda (San Pedro), Marei (Santa María), Paradela (San Fiz), Pedradita (San Miguel), Piñeiro (Santa María), Queizán (Santa María), Quinte (Santalla), Sabarei (Santa María Madanela), Chamoso (San Bartolomeu), Chamoso (Santo André), Manán (San Cosme), Manán (Santa María Madanela), Farnadeiros (Santo Estevo), Folgosa (Santo Estevo), Segovia (San Xoán), Vilachá (San Xiao).

dos ríos, constituídas por sedimentos arxilosos². Isto posibilitou que se puidesen construír longas rectas nas estradas desta zona: A nacional VI (Madrid -A Coruña), a estrada de Ourense (C - 546), e a autovía do Noroeste. Estas xunto coa vía ferroviaria³ constitúen as principais vías de comunicación, que comunican este concello co exterior.

Este municipio posúe un clima oceánico continental, o que dá lugar a que os invernos sexan fríos e os veráns frescos. Desde o punto de vista económico o concello baséase no sector primario cunha agricultura ligada á gandería, debido ao tradicional predominio das pequenas explotacións familiares de carácter mixto. Na produción gandeira destaca dun xeito especial o gando bovino, proiec-tado de cara a venda de leite, e logo o porcino, que se atopa en case todas as explotacións agrarias como un complemento económico. O sector secundario é pouco importante e só convén destacar a presenza de fábricas transformadoras da madeira. Finalmente o sector terciario conta cunha relevante implantación de actividades de índole comercial de hostalaría nos arredores da nacional VI, así como o subsector dos transportes⁴.

II. ALGÚNS TRAZOS SOBRE O CONCEPTO DE PIEDADE POPULAR



Antigo confesionario

A devoción de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus trazos, xa que cada comunidade ten unha óptica propia de vivir a fe e de proiec-tala aos demais grupos humanos para que a coñezan. Polo tanto, e popular o que o pobo crea. Tamén o que recibe, asimila e fai propio⁵.

Polo tanto, a relixión de cada grupo humano é unha especie de colección viva de cantos, ritos, vivencias, que un pobo vai reunindo ao longo da súa historia.

Por outra banda o fenómeno relixioso popular tenta buscar co divino unhas relacións máis simples, directas e rentables.

Isto fai posible que a devoción popular estea en contacto coa plástica simbólica en contraposición ao abstracto. **“...la religiosidad popular comporta con frecuencia una reacción anti-intelectualista, y a su vez la creación de otros lenguajes más cercanos a su mundo y su mentalidad”**⁶. Ademais as expresións relixioso-populares son a manifestación da emotividade persoal e respon-den ao desexo e á necesidade da intimidade coa entidade sagrada. Finalmente os devotos nas súas relacións co sagrado tamén adoptan unha postura pragmática de tal xeito que a petición dunha serie de rogacións segue sendo unha característica básica de relixiosidade popular. **“Reliquias, medallas, aguas sagradas, imágenes de devoción, tienen como fin atraer el poder divino y ponerlo a favor del creyente”**⁷.

Un dos espazos sagrados onde se proiec-ta a piedade popular é no santuario. Este é un lugar de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial ao que acoden devotos de diferentes comunidades, algúns para pregar á divindade a concesión dunha serie de pedimentos de base material -recuperar a saúde, boas colleitas, doenzas de animais etc- ou espiritual, e outros para levar a cabo as promesas ofrecidas, logo de que a divindade lles outorgase as rogativas requeridas.

“Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual...”⁸. **“El santuario es el punto de referencia o término al que los romeros dirigen sus aspiraciones físicas y espirituales”**⁹.

(2) O sector central do municipio do Corgo está drenado por unha serie de afluentes do río Neira, entre os que cómpre distinguir o Tórdea, que nace no municipio de Castroverde, e o Chamoso. A súa vez o río Neira verte as súas augas no suroeste do municipio ao río Miño.

(3) Hai unha estación en Laxosa, parroquia de O Corgo.

(4) EQUIPO “IR INDO”. Guzmán López, Cristina e outros: *Galicia en Comarcas*. Lugo, Vigo: La Voz de Galicia. Ed. Ir Indo, 2005, páx. 99.

(5) ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C. 1976, páx. 36.

(6) CACHEDA VIGIDE, Eduardo Aurelio: *La religiosidad popular en Galicia. El municipio de Arzúa*. Santiago: Edicións e Deseño S.L., 1991, páx. 289.

(7) BASURKO, Xavier: “Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*, II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P. Vasco, Vitoria, 1982, páx. 308.

(8) RODRÍGUEZ BECERRA, S: “De Ermita a Santuario: Reflexiones a partir de algunos casos de Andalucía”, en *Romarías e Peregrinacións. Actas do Simposio de Antropoloxía*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1993, páx. 111.

(9) PRAT I CAROS, J: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad Popular, III. Hermandades, Romerías, Santuarios*. Barcelona, Anthropos, 1989, páx. 227.



Imaxe de San Bernabé co
Evanxeo de San Mateo

Nos santuarios se veneran distintas advocacións de Xesús, da Virxen, e diferentes imaxes de santos, que actúan como mediadores ou intercesores diante de Deus. **“Os focos de sacralidade dun santuario son as reliquias e as imaxes de Deus, a Virxe e os santos”¹⁰**.

III. O SANTUARIO DO SAN BERNABÉ DE CASTRILLÓN (O CORGO)

1. A LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO, OS TRAZOS ARTÍSTICOS E A ICONOGRAFÍA DO SANTO

A efectos eclesiásticos, Castrillón, era, hai anos, unha freguesía anexa de Santa María de Franqueán. Na actualidade, a freguesía foi suprimida, pertencendo o seu ámbito territorial a freguesía de Santiago de Gomeán, arceprelado do Picato, provincia e diocese de Lugo. A efectos civís Castrillón é unha parroquia, pertencente ao concello de “O Corgo”, provincia de Lugo. A súa poboación está distribuída en cinco entidades: Castrillón, Fontoira, Lidor, Mesón do Caldeiro, Pedradreira. O termo parroquial está regado polo río Tordea, que nace no municipio de Casterverde, e comunicado pola N-VI, e por algunhas pistas locais.



Imaxe do San Bernabé adicada a “poñer o Santo”
e dous esmoleiros.

O santuario é unha igrexa románica, que ocupa a parte norte do castro. Aмосa unha nave a dúas augas, elevada, sobre unha armadura de madeira

e cuberta de lousa. Tanto os muros laterais como a ábsida, que é semicircular e máis baixa e reducida que a nave, están coroados por saíntes e sólidos canzorros, que sosteñen unha forte cornisa. Ademais este recinto sagrado posúe unha portada cun arco de medio punto sen imposta e decoración.

No seu interior varios retablos amosan talles do século XVI:

A do Salvador, de pé e cunha bóla do universo; a do San Bernabé, cunha capa e libro; a da Inmaculada, cunha peaña de nimbo e un dragón aos seus pés; e a do San Antonio¹¹.

San Bernabé naceu en Chipre e pertencía a unha familia levítica. Algúns autores, como Clemente Alexandrino e Eusebio de Cesarea, supoñen que San Bernabé foi un dos 72 discípulos dos que fala o evanxeo. En calquera caso, aparece como unha figura relevante no seo da igrexa primitiva que, sen pertencer ao grupo dos doce, merece ao igual que San Pablo o título de apóstolo. Ambos os dous colaboraron conxuntamente na organización da comunidade de Antioquia e na predicación aos xentíes. Foi lapidado e queimado vivo polos xudeus de cara ao ano 63. O seu corpo foi atopado no 458, levando no peito o evanxeo de San Mateo que, xunto coas pedras da lapidación, constitúen os atributos da súa iconografía.



Mesa con figuras de cera e velóns

Neste santuario hai dúas imaxes do San Bernabé: A que permanece dun xeito permanente no interior do recinto sagrado e amosa o evanxeo de San Mateo; e a que sae na procesión e mostra a palma do martirio e as pedras da lapidación.

(10) MARIÑO FERRO, X.R: “Os Santuarios e os seus símbolos”, en Romarías e Peregrinacións. Ob. cit., páx. 88.

(11) VALIÑA SAMPEDRO, Elías: Inventario Artístico de Lugo y su provincia. Servicio de publicaciones M.E.C.. T. II. Madrid, 1975, páxs. 92-94.

2. AS FONTES DOCUMENTAIS¹²

- 2.1. Libro de Bautismos., perg. 20 jul. 1773- 30 dic. 1834, fols.. 1-54 v.¹³.
- 2.2. Libro de Bautismos., hol, 28 en. 1836-25 nov. 1852, fols.. 1-24 r., blancos.
- 2.3. Libro de Bautismos, hol., 23 mar. 1852-1 en. 1893, fols.. 1-57 v., blancos.
- 2.4. Libro de Matrimonios., perg. 20 en. 1818-21 feb, 1852m fols.. 1-11 v., blancos¹⁴.
- 2.5. Libro de Matrimonios., hol., 9jn. 1855-16 ene. 1893, fols.. 1-16v., blancos.
- 2.6. Libro de Difuntos., perg., 12 en. 1818-13 feb.1853, Fol.. 1-22r., blancos¹⁵.
- 2.7. Libro de Difuntos., hol., 18 dic. 1852-8 en. 1893, Fol.. 1-29 v., blancos.
- 2.8. Libro de Fábrica., perg., 1816-1893, Fol.. 1-49v., fol., blancos¹⁶.

3. A FESTIVIDADE E A PROCEDENCIA DOS DEVOTOS

Todos os anos o día once de xuño conmemórase neste lugar a festividade do San Bernabé¹⁷. Adoitan acudir devotos



Ritual de poñer o santo

non só do concello de "O Corgo", senón tamén doutros concellos limítrofes como Casterverde, O Páramo, Láncara, Portomarín, Neira de Jusá, Guntín, e mesmo Lugo. Noutro viñan tantos fieis e romeiros de ofrenda e merenda que aínda hoxe as

persoas de idade do lugar teñen lembranza do seguinte dito: **"No día do San Bernabé nin os páxaros movían os huevos no nido, do día santo que era"**¹⁸.

4. OS PEDIMENTOS E AS PROMESAS

Os devotos ofrécese por si mesmos ou para acadar algunha intercesión para outras persoas, que non poden vir ao santuario normalmente por algunha doenza ou impedimento físico debido a idade. As peticións máis usuais fanse por doenzas humanas e de animais. Non obstante, os romeiros

tamén levan a cabo pedimentos ligados coa crise da facenda propia ou outros problemas de índole familiar e social.

Con todo, a petición vai ligada ao cumprimento dunha promesa. Esta consiste nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa é Deus, a través de Cristo ou dunha serie de intercesores ou mediadores como son as diferentes advocacións da Virxe e os santos. Neste caso concreto referímonos ao San Bernabé.

Agora ben, podemos distinguir tres tipos de relación entre os devotos e a entidade sagrada:

1. Relación condicional, é dicir primeiramente a divindade simbolizada por Cristo, a Virxe e os santos concede a petición ó devoto e logo este leva a cabo a promesa; trátase dun cumprimento "a posteriori". A este tipo de relación dásele os nomes de **"Ofrenda condicionada"**¹⁹ e **"Petición Condicional"**²⁰.



O párroco poñendo o santo

(12) VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Catálogo de los Archivos parroquiales de la diócesis de Lugo*: Servicio de Publicacións da Deputación de Lugo, 1991, pax. 266.

(13) No libro de bautismos faise unha ficha na que se fai constar data, lugar de nacemento, lugar de bautismo, nome asignado; lugar de nacemento e vecindade dos pais, abós e padriños. Tamén poden aparecer acontecementos, que afectaron á parroquia: tormenta, invasión dos franceses, algunha catástrofe, etc.

(14) No libro de matrimonios se reseña a hora da celebración do matrimonio, de día, de noite, viudos, vellos; o lugar, templo ou ermida; nomes, data e lugar de nacemento dos cónxuxes.; pais, testigos, etc; dote da filla, en especie ou en metálico, etc.

(15) No libro de difuntos adoita aparecer a idade do finado, o lugar de orixe e vecindade, fillos, testamento, lugar de sepultura etc.

(16) O libro de fábrica soe ser de interese sobre todo no aspecto socio-económico. Este libro úsase con moita liberdade de anotacións. Boas ou malas colleitas, administración do templo, descrición de montes parroquiais, cultivos, camiños, aparcementos.

(17) Se o día propio coincide en sábado ou lúns, tamén se celebra festa o domingo. O mesmo en relación a un día festivo.

(18) Este dito tamén quedou reflectido no Santuario das Virtudes (Pedradita) (O Corgo).

(19) GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, pax. 60.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, pax. 154.

(20) WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid: Tecnos, 1978, pax. 134.

2. Algúns devotos veñen solicitar, suplicantes, a mediación de Cristo, da Virxe ou dos santos ante calquera problema cumprindo una serie de rituais e ofrendas.

Neste caso os distintos rituais e ofrendas que os devotos realizan teñen lugar antes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de relación recibe os nomes de "**Ofrenda propiciatoria**"²¹ e "**Devoción peticionaria**"²².

3. Finalmente hai devotos que veñen tódolos anos por algunha petición concedida pola divindade noutroira. A este tipo de relación dásele o nome de "**Ofrenda de acción de gracias**"²³.

A promesa a divindade reproduce dun xeito claro o sistema social vixente no que alquen fai algo a cambio dunha posterior axuda cando chegue o momento axeitado. "**Cando o campesino mercantiliza as súas relacións relixiosas...o que tenta é traducilas a unha dialéctica coñecida, que lle proporciona dúas vantaxes fundamentais: a comprensión pragmática dunha interacción, de por si misteriosa, entre o natural e o sobrenatural, e unha certa seguridade ou dereito emanante da reciprocidade co intermedio**"²⁴.

5. OS RITUAIS E AS OFRENDAS

O ser humano encóntrase suxeito a unha gran cantidade de perigos. Por tal motivo leva a cabo unha serie de rituais, xa que está convencido da súa eficacia e de que é posible vincular a súa acción a un sentido valioso para a súa vida persoal. Desde sempre o ser humano, por causa da súa



Procesión percorrendo campo da festa

fraxilidade, debeu realizar rituais e ofrendas coa finalidade de que os deuses e espíritos sentasen compasión e fosen propiciatorios.

Hocart puxo de manifesto que a función do ritual é dobre: por unha banda un obxectivo inmediato e preciso como acadar boas colleitas e por outra un obxectivo máis xeral ao que lle o nome de "saúde", xa que o ritual é a expresión do interese do home porla vida²⁵. Pola súa banda, Arnold M. Rose sinala que os rituais distínguense polos seguintes elementos: *Posúen unha regularidade e periodicidade ao estar ligados con certas festas. * Teñen un sentido para un certo número de persoas. *Adoitan presentarse dun xeito dramático.* Producen "consensus" de sentimentos mediante unha experiencia participativa²⁶. Neste santuario se celebran os seguintes rituais propios dunha liturxia oficialista ou ben axeitados a unha mentalidade popular.

5.1. O RITUAL DE VIR ANDANDO AO SANTUARIO

Antano moitos devotos viñan ao recinto sagrado andando desde o seu lugar de orixe, como sacrificio previo denantes de entrar en contacto co sagrado. Hoxe, aínda que o máis habitual é vir en coches propios ou doutras persoas, hai algúns fieis, que seguen vindo andando por promesa desde o seu lugar de habitat.

5.2. O RITUAL DA CIRCUMVALACIÓN

Logo de chegaren ao santuario os devotos entran en contacto co sagrado. Por iso algúns deles dan unha ou máis voltas ao redor do mesmo case sempre de pé. Nas súas mans poden levar de ofrenda figuras de cera, que representan ao corpo humano, enteiro ou partes do mesmo: pernas, brazos, pés, así como figuras de animais: cochos, vacas, eguas. O dar voltas ao redor do santuario

(21) GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 155.

(22) WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.

(23) GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 155.

(24) GONDAR PORTASANY, Marcial: *Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 153.

(25) ANTHROPOLOGICA. Instituto de Antropología de Barcelona, nº 6. Ed. Daimon. Barcelona. 1977, páx.99.

(26) *Ibidem*, páx. 99.

ten o valor dunha penetración e toma de contacto nun nivel relixioso. Na Grecia clásica tal rito facíase cun fin apotropaico e catártico²⁷.

5.3. A CELEBRACIÓN DE MISAS

No ano 2010 o crego que administra o santuario, D. José Antonio Vila, oficiou varias misas tanto o



O párroco oficiando a misa solemne

sábado como o domingo. Comezou a primeiras horas da mañá e rematou a unha e media da tarde cunha misa solemne, que oficiou desde o palco da música debido a falta de espazo na igrexa ao ser a máis concorrida de todas.

5.4. O RITUAL DA PROCESIÓN

Ao rematar a misa solemne celébrase a procesión, que percorre o campo da festa e logo o perímetro do santuario. Tódalas imaxes, que saen na procesión, santifican o espazo que percorren, proporcionando unha enerxía positiva a todas as persoas, que se encontran no seu percorrido. **“Dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico”**²⁸

Na procesión interveñen os seguintes elementos:

1. A cruz e o pendón parroquial levados por fregueses da comunidade parroquial.
2. As imaxes do San Bernabé, O Salvador e San Antonio, levadas nas andas cadanseu por catro homes da freguesía.
3. A imaxe da Inmaculada, portada nas andas por catro mulleres da freguesía.
4. O crego concelebrante.
5. A orquestra, que vai tocando unha marcha procesional.

6. Os asistentes ao ritual colocados sen distinción de idade e sexo.

Segundo a disposición da procesión Álvarez Gastón distingue unha serie de trazos:

“Se trata de manifestaciones más multitudinarias no sólo por los participantes activos, sino también por los numerosos espectadores. Dentro de la comunidad local es algo que llega o vitalmente a los feligreses. Los elementos fundamentales de toda procesión son: las imágenes, la forma de llevarlas, el pueblo que participa y el que mira, el espíritu de la celebración, cantos, rezos, silencio..”²⁹

“Las procesiones son como un ritual de peregrinación menor. Guiada por la cruz procesional seguida de los estandartes, la comunidad eclesial



Devotos do San Bernabé oindo a misa solemne

camina a través de las calles como dramatización de la historia sagrada, como exaltación epifánica, pero, sobre todo como ritual de camino penitencial y salvífico.

5.5. OS RITUAIS DE CONTACTO

O desexo de todo romeiro é entrar en contacto coas imaxes e demais obxectos relacionados co santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza. Entre os rituais de contacto máis habituais sinalo os seguintes:

(27) TABOADA CHIVITE, Xesús: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Ed. Galaxia, 1972, páxs. 156-157.

(28) MARIÑO FERRO, X.R.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais, 1987, pág. 175.

(29) ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo. *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid. B.A.C., 1976, páxs. 91-92.

5.5.1. O RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA IMAXE ESTÁTICA

Algúns devotos tocan coas súas mans, panos e outros obxectos a imaxe do San Bernabé e, logo, pasanos polas partes doentes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e curativa.

5.5.2. O RITUAL DE POÑER O SANTO.

O crego, encargado do santuario, e un fregués da comunidade parroquial levan a cabo este ritual no interior do recinto sagrado ao longo da mañá e ao rematar a procesión. Consiste en realizar, cunha imaxe pequena do santo, unha cruz por riba da cabeza dos devotos, mentres o poñente recita a seguinte xaculatoria:

**“Cristo vive,
Cristo reina,
San Bernabé te libre de todo mal. Amén”.**

Nesta fórmula sagrada, que acabo de mencionar, pódese apreciar como o santo actúa como mediador ou intermediario diante dun ser absoluto e transcendente. **“...Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxen”³⁰**. Este ritual emprégase en moitos santuarios galegos. **“En moitos santuarios milagreiros hai o costume de “poñe-lo santo”. Van a que llo to-quen os enfermos para sandar, e os sanos para que non lles dea a enfermidade. Para esto hai unha imaxe**



A imaxe do San Bernabé coas pedras da lapidación e unha devota con figuras de cera.

pequena do santo; o devotoponse de xeonllos, e o sacristán, as máis das veces, colle a imaxe e dalla a beixar, e logo trázalle coela unha cruz nas costas, decindo unha oración...”³¹.

Tamén se utiliza noutros pertencentes a outras rexións, nacionalidades, e nacións. **“En el santuario de San Martín (Azcoitia - Guipúzcoa) durante la misa se da a besar la reliquia del santo titular”³¹**. En el santuario de “A Virxe do Porto” (Plasencia), tamén se da a bicar unha imaxe da Virxe. Isto mesmo sucede en Liria (Valencia), coa imaxe de San Vicente Ferrer...³². Finalmente segue usándose noutras nacións, nas que segue habendo un forte contido relixioso de influencia católica.. **“En muchos santuarios bretones los romeros besan las reliquias expuestas delante del coro”³³. “Los romeros portugueses, al terminar la misa, se agolpan para besar las imágenes del santo”³⁴.**

Por outra banda a relixiosidade popular ademais dunha dimensión práctica ten, como dixemos anteriormente, un compoñente baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar á entidade sagrada ou para compensala polo don acadado. De aí que os devotos realicen unha serie de ofrendas ao chegaren ao santuario. Así sufragan misas na honra do santo, que serán oficiadas polo párroco no transcurso do ano³⁵.



A procesión percorre tamén o perímetro do santuario

Deixan diñeiro no intre de poñer o santo nunha bandexa ou boeta, que se encontra ao carón do poñente; tamén nos esmoleiros, que hai no interior da igrexa, e no momento de oír unha das misas, que se celebran no recinto sagrado.

(30) MOREIRAS SANTISO, Xosé. “A relixiosidade popular no sector rural”, en *Rev. Encrucillada*, nº9, Vigo, 1978, páx. 64.

(31) MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 171.

(32) Observacións persoais.

(33) MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 170.

(34) MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 170.

(35) Normalmente ao ser unha ofrenda escasa encargase case sempre o párroco de celebrar as misas.

Aportan “velóns normais” ou máis pequenos, que colocan ao carón das imaxes do San Bernabé. Os “velóns normais” valen cinco euros e os pequenos tres. Estes adoitan estar acesos no interior da igrexa ata que rematan os diferentes oficios relixiosos.

Tamén ofrecen figuras de cera, que simbolizan a unha serie de animais: cochos e vacas, así como ao corpo humano, enteiro ou nalgunha das súas partes: brazos, pernas, pés etc. Esta ofrenda encontrase nunha mesa alongada, situada no lado esquerdo da igrexa, de onde os devotos poden recollela mediante o previo pago de cinco euros por cada figura. Estas, de índole artesanal, son ofrecidas polos romeiros en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica que o santo exerceu na sandación de diferentes doenzas de carácter humano ou animal. Polo tanto hai o costume de oír misa coa mesma e realizar o ritual de circunvalación ao redor do santuario. **“Estes exvotos foron e son moi abundantes en case todos os centros de romaría e permanecen expostos no altar como mostra das peticións feitas e como manifestación pública do poderío e capacidade de convocatoria do santo”**³⁶. Trátase dun ofrecemento público, por canto adoita colocarse nos altares das imaxes de devoción. Isto distingue aos exvotos respecto a outras ofrendas, coma os cartos ou as candeas, que amosan un papel máis indeterminado.

No museo de Pontevedra hai unha serie de terracotas procedentes do santuario itálico de Calvi, situado na Campania. Neste santuario ofrecéronse durante varios séculos moitos

exvotos de terracota aos deuses itálicos. Convén distinguir as cabezas de homes e mulleres, e algúns animais: cochos, vacas. A maioría destas terracotas, construídas con molde, estiveron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semellanza cos exvotos de cera, que aínda se ofrecen en varios santuarios³⁷.

Cumpridos os oficios relixiosos, os devotos e fregueses da comunidade participan nos diversos actos da celebración profana. Os ramistas encargados da mesma traen canda eles foguetes, que tiran para anunciaren os momentos relevantes de cada xornada festiva; contratan as orquestas, que serven para deleitar aos presentes e subastan os terreos do campo da festa entre vendedores ambulantes, que teñen como obxectivo específico ofrecer viandas, bebidas, xoguetes, rosquillas, etc., para consumo e lecer de todos os romeiros.



A rosquilleira, símbolo da dimensión profana do santuario

| RITUAIS E OFRENDAS | |
|--|--|
| LITURXIA OFICIAL | PIEIDADE POPULAR |
| RITUAL DAS MISAS | RITUAL DE “POÑER O SANTO” |
| RITUAL DA PROCESIÓN | RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA IMAXE ESTÁTICA |
| | RITUAL DE CIRCUMVALACIÓN |
| OFRENDA EN DIÑEIRO | RITUAL DE VIR ANDANDO DESDE O SEU LUGAR DE ORIXE |
| VELAS MOI PEQUENAS COLOCADAS NUN LAMPADARIO MECÁNICO | FIGURAS DE CERA |
| | OFRENDA EN “VELÓN” |

IV. ALGUNHAS CLAVES DE INTERPRETACIÓN SOBRE O SANTUARIO DO SAN BERNABÉ (CASTRILLÓN) (O CORGO)

A área de influencia deste santuario manifestase en canto a súa operatividade, reflectida nas curacións e solucións de problemas, que levou a cabo o santo ao longo da súa historia. Polo tanto este recinto sagrado non só expresa a vivencia da identidade da comunidade parroquial na que se

(36) GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M. : Guía das festas populares de Galicia. Vigo: Ed. Galaxia, 1997, páxs. 133-134.

(37) BLANCO PRADO, J. M.: Exvotos e Rituais nos santuarios lucenses. Lugo: Deputación provincial, 1996, páxs. 47-48.

localiza, senón tamén o sentido de apertura, que lle dá a gran devoción, que sinten outras comunidades pola súa imaxe. Sen milagros non hai posibilidade de crear devoción, xa que son a proiección do poder da imaxe, á que acoden todos os necesitados, na procura da solución de doenzas e de problemas de índole familiar e social. Polo tanto esta imaxe opera como mediadora perante Deus e condensa toda a virtude e o poder sobrenatural. Con ela establece unha importante comunicación por medio da palabra e de certas actitudes somáticas, encamiñadas a acadar o seu amparo e benevolencia. Pero tal favor sacro hai que o relacionar co grao de protección ás estruturas dun intercambio igualitario, o cal implica “dar para que me deas”. Por iso, os devotos, realizan varios rituais e deixan unha serie de ofrendas para satisfacer a súa parte no acordo coa entidade sagrada.

En xeral, en todo santuario podemos distinguir dúas dimensións diferentes: unha relixiosa e outra profana, ou dous polos semánticos opostos: un, o ideolóxico ou normativo, e o outro o sensorial. Por conseguinte, toda romaxe presenta un elemento de unión e comunicación do grupo social, mais tamén constitúe un xeito de liberación da sensibilidade, xa que é o tempo no que se tolera a ruptura das normas e regras, que regulan a conducta dos membros dunha comunidade³⁸.

Finalmente, a desagrarización desta comunidade, fenómeno que podemos traspolar a case toda Galicia, vai levando paseniño ao abandono dunha relixiosidade ligada a un tipo concreto de sociedade. Mais sempre seguiran existindo algunhas manifestacións desta relixiosidade dende o intre en que as doenzas coas que se acode aos recintos sacros teñen un carácter xeral, e, ademais, a tecnoloxía médica aínda non é capaz de solucionar todos os males.



Figuras de cera, velóns, eo seu prezo.

(38) GALVÁN, Alberto. “Ritos, fiestas y creencias”, en *Las Razas Humanas*, t. II. Compañía Internacional. Editora S.A. Barcelona, 1981.

BIBLIOGRAFÍA.

- ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C. 1976, páx. 36.
- ANTHROPOLOGICA. Instituto de Antropología de Barcelona, nº 6. Ed. Daimon. Barcelona. 1977, páx.99.
- BASURKO, Xavier: “Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*, II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P. Vasco, Vitoria, 1982, páx. 308.
- BLANCO PRADO, J. M.: *Exvotos e Rituais nos santuarios lucenses*. Lugo: Deputación provincial, 1996, páxs. 47-48.
- CACHEDA VIGIDE, Eduardo Aurelio: *La religiosidad popular en Galicia. El municipio de Arzúa*. Santiago: Edicións e Deseño S.L., 1991, páx.289.
- CANCIO FERNÁNDEZ, José: Autor do mapa.
- EQUIPO “IR INDO”. Guzmán López, Cristina e outros: *Galicia en Comarcas. Lugo*, Vigo: La Voz de Galicia. Ed. Ir Indo, 2005, páx. 99.
- GONDAR PORTASANY, Marcial: “Racionalidad campesina y Relativismo cultural”, en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.
- GONDAR PORTASANY, Marcial: *Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 154.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M.: *Guía das festas populares de Galicia*. Vigo: Ed. Galaxia, 1997, páxs. 133-134.
- MARIÑO FERRO, X.R: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 175.
- MARIÑO FERRO, X.R: “Os Santuarios e os seus símbolos”, en *Romerías e Peregrinacións*. Actas do Simposio de Antropología. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1993, páx. 88.
- PRAT I CAROS, J: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad Popular*, III. Hermandades, Romerías, Santuarios. Barcelona, Anthropos, 1989, páx.227.
- RISCO, Vicente: “Etnografía. Cultura Espiritual”, en *Historia de Galicia* dirixida por Ramón Otero Pedrayo. T. I, 1979, páxs.380-381.
- RODRÍGUEZ BECERRA, S: “De Ermita a Santuario: Reflexiones a partir de algunos casos de Andalucía”, en *Romerías e Peregrinacións*. Actas do Simposio de Antropología. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1993, páx. 111.
- TABOADA CHIVITE, Xesús: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Ed. Galaxia, 1972, páxs. 156-157.
- VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Servicio de publicaciones M.E.C. T. II. Madrid, 1975, páxs. 92-94.
- VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Catálogo de los Archivos parroquiais de la diócesis de Lugo*: Servicio de Publicacións da Deputación de Lugo, 1991, pax. 266.
- WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134. ones M.E.C. T. II. Madrid, 1975, páxs. 92-94.

RESUMO

Neste traballo pretendo dar a coñecer un espazo próximo a nós de gran valor ecolóxico, ambiental e paisaxístico que foi recoñecido por un organismo internacional como é a UNESCO a través da figura RESERVADA BIOSFERA.

Todos os pobos teñen unha maneira de relacionarse coa natureza e co medio.

É obriga de todos nós manter unha relación estable e de respecto co medio, conservándoo para o futuro, pois queiramos ou non dependemos del.

PALABRAS CLAVE

Fervenza, Reserva da Biosfera, biodiversidade, hábitat fluvial, uso sostible.

INTRODUCCIÓN

As reservas da biosfera son zonas con ecosistemas terrestres ou costeiros, ou unha combinación dos mesmos, con gran valor ecolóxico, ambiental e cultural, recoñecidos no plano internacional como tales no Programa sobre o Home e a Biosfera da UNESCO.

No Estado español existen na actualidade 38 Reservas da Biosfera, das que 4 están en Galicia, que son :Area de Allariz; Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Burón; e Terras do Miño do que forma parte A Fervenza; sumando unha superficie entre todas elas dunhas 600.000 has. e ocupando un 20% da superficie do territorio galego.

Intégranse todas elas na Rede Mundial de Reserva da Biosfera, da que forman parte 482 zonas en 102 países.

O obxectivo que pretende a UNESCO con este recoñecemento é a conservación destes lugares con características excepcionais, promovendo a **investigación**, a **observación** a longo prazo, a **formación**, a **educación** e a **sensibilización** do público, permitindo ao mesmo tempo que as comunidades locais participen na conservación e o uso sostible dos seus recursos. Nelas promóvese a conservación dos recursos naturais e o desenvolvemento económico e social das comunidades locais, tendo en conta todas as

Casanova Sánchez, Xosé Enrique

enriquegomean@yahoo.es

Bacharelato

Axente medioambiental da

Consellería de Medio Rural de Lugo

necesidades sociais, culturais, económicas, apoiadas nunha base científica.

Preténdese, entre outros aspectos: manter un conxunto definido e interconectado de “laboratorios naturais”, facendo un seguimento das comunidades humanas e os territorios nos que se desenvolven; manter liñas de comparación entre territorios efectivas, observando a súa evolución; promover modelos de ordenación e xestión sostible do territorio.

A regulación, caracterización e potenciación destas Reservas da Biosfera baséase no feito de que constitúen un modelo de xestión integrada, participativa e sostible do patrimonio e dos recursos naturais, conxugando a preservación da biodiversidade biolóxica e dos ecosistemas, cun desenvolvemento ambientalmente sostible que repercute na mellora do benestar da poboación, potenciando a participación pública, a educación entre desenvolvemento e medio, buscando novas formas de mellorar esa integración.

As Reservas da Biosfera, deben contar para manter a condición de tales, cun Plan de Ordenación, de Uso e Xestión que contemple para a súa aplicación os obxectivos que se pretenden, onde ademais quedaran definidas as zonas de **núcleo**, aquelas que precisan dun maior grao de conservación, de **tampón** e de **transición**.

TERRAS DO MIÑO

A Reserva da Biosfera Terras do Miño, na que se integra a Fervenza, foi declarada como tal o 7 de novembro do 2002, e foi a primeira destas figuras aprobadas en Galicia. Ocupa unha superficie de 363.669 e integra a 26 concellos, todos eles situados na bacía do Miño.

Hai que subliñar que a Fervenza, ademais de ser Reserva da Biosfera, foi declarada provisionalmente durante tres anos “zona de especial protección dos valores naturais” integrada no espazo natural Miño- Neira, dos concellos do Corgo, Guntín, Lugo e o Páramo, segundo a Orde

da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible publicada no Diario Oficial de Galicia o 21 de decembro do 2007, con posibilidades de seguir mantendo este grao de protección, en base o anuncio publicado o 2 de xaneiro do 2012 no Diario Oficial de Galicia no que se acorda someter a participación pública a proposta de ampliación de rede Natura 2000 de Galicia na que se mantén este espazo.

Esta declaración autonómica vén a reforzar, precisamente, os obxectivos marcados por un organismo internacional como é a UNESCO, como ben quedou definido no texto da propia Orde da Xunta de Galicia que di “este galardón supón o recoñecemento pleno á convivencia sustentable, a unha forma de vida que, durante séculos, soubo compatibilizar o desenvolvemento de actividades produtivas coa protección do ecosistema”.

Este espazo, situado na marxe esquerda do río Miño e que ocupa unha superficie de máis de 50 has incluíndo as zonas de núcleo, tampón e transición, das parroquias de Cerceda e Santo Estevo de Farnadeiros do concello do Corgo, forma parte dun sistema fluvial que sobresaí pola calidade ambiental e a riqueza natural da zona, especialmente pola súa variedade florística, entre as que destaca, sobre todo, os bosques de ribeira, integrados por árbores centenarias, plantas acuáticas e outras especies protexidas e que constitúen un dos mellores ecosistemas fluviais de Europa.

A regulación natural das augas do río Miño, o seu paso pola Fervenza, conformaron unha área de



Río Miño, o seu paso pola Fervenza

gran naturalidade e diversidade permitindo a preservación dun heteroxéneo medio fluvial, no que se alternan medios de augas lóxicas e leníticas, representadas estas últimas por rápidos e pequenas fervenzas; existen ademais, nas zonas máis chas pequenas illas terrixenas e zonas de inundación temporal que manteñen unha elevada hidromorfía de orixe freatófilo.

A Fervenza alberga un grande número de hábitats naturais nos que cabe resaltar a presenza de distintos tipos de bosques aluviais representados por formacións riparias de amieiros e freixos, bosques de asulagamento de amieiros e cordóns de bosque illas. Este tipo de hábitats están tipificados pola directiva europea 92/43/CEE, como “Hábitat natural Prioritario”, ou “Hábitats naturais de Interés Comunitario”, considerados por esta normativa como: “tipos de hábitats naturais ameazados de desaparición cuxa conservación supón unha especial responsabilidade, dada a importancia da proporción na súa área de distribución natural incluída no territorio no que se aplica a citada Directiva”.

TIPOS DE HABITATS
(Incluídos na Directiva 92/43/CEE)

| Tipos de hábitats | Nat-2000 |
|---|-----------|
| Ríos de pisos de planicie a móntano (<i>Ranunculion</i>) | Nat-3260 |
| Ríos de Beiras fangosas (<i>Chenopodion, Bidention</i>) | Nat-3270 |
| Brezales húmidos atlánticos de zonas templadas | Nat-4020* |
| Brezales secos europeos | Nat-4030 |
| Prados con molinias sobre substratos ácidos (<i>Molinion</i>) | Nat-6410 |
| Prados pobres de sega de baixa altitude | Nat-6510 |
| Rochedos silíceos con vexetación de <i>Sedo-Scleranthion</i> | Nat-8230 |
| Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> | Nat-91E0* |
| Carballeiras galaico-portuguesas de <i>Q. robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i> | Nat-9230 |
| Bosques de <i>Castanea sativa</i> | Nat-9260 |

Os Hábitats Naturais Prioritarios aparecen sinalados con un *.

Existen ademais nos distintos tipos de hábitats presentes na zona un gran número de plantas que pola súa endemicidade, rareza ou fragilidade tamén aparecen incluídas na normativa 92/43/CEE., como poden ser entre outras a *arnica montana*, ou distintas variedades de narcisos.

PLANTAS
(Incluídas nas diversas categorías de protección ou rareza)

| Especie | D92/43 | 1992 | 1997 | 2000 |
|--|--------|------|------|------|
| <i>Arnica montana atlántica</i> | V | | | |
| <i>Carex durieui</i> | | V | V | |
| <i>Deschampsia setacea</i> | | | | EN |
| <i>Isoetes longissimum</i> | | | | EN |
| <i>Myrica gale</i> | | | | DD |
| <i>Narcissus asturiensis</i> | II | | | |
| <i>Narcissus bulbocodium bulbocodium</i> | V | | | |
| <i>Narcissus pseudonarcissus nobilis</i> | II | | | |
| <i>Nymphoides peltata</i> | | | | CR |
| <i>Ruscus aculeatus</i> | V | | | |
| <i>Sphagnum</i> | V | | | |

D92/43

Especies incluídas respectivamente nos **Anexos II e V** da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE modificada polo DC 97/627CEE.

UN-1992

Especies incluídas na Listaxe Vermella Europea elaborada polas Nacións Unidas e a Comisión Europea. Categorías: **V**- Especie Vulnerable, **E** - Especie en Perigo.

IUCN- 1997

Especies incluídas na Listaxe Vermella Europea elaboradas pola UICN. Categorías **V** -Especies Vulnerables; **E** -Especies en Perigo.

IUCN- 2000

Especies incluídas na Listaxe Vermella Europea elaboradas pola UICN. Categorías: **EN**- Especies en Perigo; **VU**- Especies Vulnerables; **CR**- Especies Críticas; **DD**- Datos insuficientes.



Hábitats característicos da zona. Carballeiras

Por outra banda a riqueza da fauna de vertebrados e invertebrados que teñen como medio natural estes espazos naturais, tanto no propio río como nas súas veiras e contorna, é múltiple e variada, podemos destacar entre outros pola súa singularidade invertebrados bivalvos como o mexillón de río; a troita común ou a anguía...; mamíferos e mustélidos como a londra, garduña, xenetas etc. É frecuente e constante a presenza de súidos como o xabaril ou ungulados como o corzo.

Polo que respecta as aves cabe destacar a garza, a cegoña, parrulos etc. Nas rapaces tanto nocturnas como diúrnas son abundantes as curuxas, o moucho, o falcón, a aguia.

Moitas destas especies gozan dun nivel de protección especial recoñecido por distintas normativas europeas, estatais ou de ámbito galego.

INVERTEBRADOS (BIVALDOS)

| | | IUCN | LME |
|--------------------------------------|--------|------|-----|
| Especie | D92/43 | | |
| <i>Margarittifera margarittifera</i> | II | | Pe |
| <i>Anadonta cygnea</i> | | | Ei |
| <i>Unio timidus</i> | | | Pe |

D92/43

Especies incluídas respectivamente no **Anexo II** da Directiva Hábitat (DC92/43/CEE modificada polo DC 97/62/CEE.

IUCN- 2000

Especie incluída na Listaxe Vermella Mundial da IUCN (2001). En- En Perigo.

LME- 1999

Listaxe de Moluscos de España Protexidos ou a protexer (Sociedade Española de Malacología). Categorías: **Pe**- En Perigo de Extinción. **Ei**- Especie interesante.

Tamén Figuran no **RD 139/20011**, para o desenvolvemento de “Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas; e no **Decreto 88/2007**, que regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

VERTEBRADOS

(Incluídos en diversas categorías de protección ou rareza, internacional, estatal ou galega)

| Especies | IUCN | | | Convenio | | Directiva | |
|---|---------|-------|------|----------|---------|-----------|--|
| | Mundial | Berna | Bonn | Aves | Hábitat | | |
| <i>Columba palumbus</i> | NA | | | II,III | | | |
| <i>Anas Platyrhynchos</i> | NA | III | II | II,III | | | |
| <i>Buteo buteo</i> | NA | II | II | | | | |
| <i>Cuculus Canorus</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Streptopelia turtur</i> | NA | III | | II | | | |
| <i>Apus apus</i> | NA | II | | | | | |
| <i>Hirundo Rustica</i> | NA | II | | | | | |
| <i>Picus viridis</i> | | | | | | | |
| <i>Dendrocopos major</i> | NA | II | | | | | |
| <i>Alauda arvensis</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Delichon urbica</i> | NA | II | | | | | |
| <i>Motacilla alba</i> | NA | II | | | | | |
| <i>Motacilla cinerea</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Chondrostoma polylepis</i> | NA | III | | | | II | |
| <i>Bufo bufo</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Rana perezi</i> | NA | III | | | | V | |
| <i>Natrix natrix</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Erinaceus europaeus</i> | NA | III | | | | IV | |
| <i>Talpa occidentalis</i> | K | | | | | | |
| <i>Galemys pyrenaicus</i> | R | II | | | | II,IV | |
| <i>Sorex coronatus</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Sorex granatus</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Sorex minutus</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Neomys fodiens</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Neomys anomalus</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Crocidura russula</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Rhinolophus hipposideros</i> | NA | II | II | | | II,V | |
| <i>Rhinolophus ferrumequinum</i> | NA | II | II | | | II,IV | |
| <i>Myotis myotis</i> | NA | II | II | | | II,IV | |
| <i>Pipistrellus pipistrellus</i> | NA | II | II | | | IV | |
| <i>Oryctolagus cuniculus</i> | NA | | | | | | |
| <i>Sciurus vulgaris</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Eliomys quercinus</i> | NA | III | | | | | |
| <i>Microtus agrestis</i> | NA | | | | | | |
| <i>Pitymys lusitanicus</i> | | | | | | | |
| <i>Arvicola sapidus</i> | NA | | | | | | |
| <i>Rattus norvegicus</i> | | | | | | | |
| <i>Rattus rattus</i> | NA | | | | | | |
| <i>Apodemus sylvaticus</i> | NA | | | | | | |
| <i>Mus musculus</i> | NA | | | | | | |
| <i>Canis lupus</i> | V | III | | | | II*,IV,V | |
| <i>Vulpes vulpes</i> | NA | | | | | | |

| | | | | | |
|--------------------------------|-----------|------------|-----------|-----------|-------------|
| <i>Mustela nivalis</i> | NA | III | | | |
| <i>Martes foina</i> | NA | III | | | |
| <i>Sus scrofa</i> | NA | | | | |
| <i>Lutra lutra</i> | NA | II | | | II,V |
| <i>Meles meles</i> | NA | III | | | |
| <i>Genetta genetta</i> | NA | III | | | V |
| <i>Capreolus capreolus</i> | NA | III | | | |
| <i>Troglodytes troglodytes</i> | NA | II | | | |
| <i>Prunella modularis</i> | NA | II | | | |
| <i>Cettia cetti</i> | NA | II | II | | |
| <i>Hippolais polyglotta</i> | NA | II | II | | |
| <i>Sylvia atricapilla</i> | NA | II | II | | |
| <i>Phylloscopus collybita</i> | NA | II | II | | |
| <i>Regulus ignicapillus</i> | NA | II | I | | |
| <i>Saxicola torquata</i> | NA | II | II | | |
| <i>Phoenicurus ochruros</i> | NA | II | II | | |
| <i>Erithacus rubecula</i> | NA | II | II | | |
| <i>Turdus merula</i> | NA | III | II | II | |
| <i>Turdus philomelos</i> | NA | III | II | II | |
| <i>Parus ater</i> | NA | II | | | |
| <i>Parus caeruleus</i> | R | II | | | |
| <i>Certhia brachydactyla</i> | NA | II | | | |
| <i>Emberiza cirrus</i> | NA | II | | | |
| <i>Fringilla coelebs</i> | NA | III | | | |
| <i>Serinus serinus</i> | NA | III | | | |
| <i>Carduelis chloris</i> | NA | III | | | |
| <i>Acanthis cannabina</i> | | | | | |
| <i>Passer domesticus</i> | NA | | | | |
| <i>Sturnus unicolor</i> | NA | III | | | |
| <i>Oriolus oriolus</i> | NA | II | | | |
| <i>Garrulus glandarius</i> | NA | | | | |
| <i>Pica pica</i> | NA | | | | |
| <i>Corvus corone</i> | NA | | | | |
| <i>Corvus corax</i> | NA | III | | | |

Listaxes de protección internacionais:

UICN – Mundial

Especies incluídas na Listaxe Vermella de vertebrados a nivel Mundial elaborado pola UICN

Convenio – Berna

Especies incluídas nos anexos do Convenio Berna.

Convenio – Bonn

Especies incluídas nos anexos do Convenio Bonn.

Directiva – Aves

Especies incluídas nos anexos da DC 79/409/CEE

Directiva – Hábitats

Especies incluídas nos anexos da DC 92/43/CEE

En **negriña** especies que figuran no **RD139/2011**, do “Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y de catálogo Español de Especies Amenazadas”; e no **D88/207**, que regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

Polo que respecta aos valores chamados culturais-etnográficos hai que destacar o conxunto da “Casa grande da Ferverza”, formado por unha antiga casa de labranza, o muíño e o banzado ou presa que subministraba o muíño, construcións realizadas no seu día con excelente pedra de cantería de gran calidade. Na actualidade estas infraestruturas despois de sufrir algunha modificación están dedicadas ao chamado turismo rural.



Complejo turismo rural “Casa Grande da Ferverza”



Muíño

Por outra banda é moi interesante pola súa singularidade o carreiro que divide as fincas de cultivo coas zonas de inundación, e que servía de acceso aos veciños da parroquia de Cerceda para o muíño, nalgúns tramos aínda se poden observar as pegadas que deixaban as rodas dos carros despois de tanto rozamento.



Camiño de acceso ao muíño

ACCESOS

Para achegarse a este lugar existen dúas vías de acceso, dende a cidade de Lugo estrada N-VI dirección Madrid e á altura do complexo hostaleiro “Torre de Núñez”, no lugar de Conturiz, sae a estrada provincial LU-P 2.904 dirección concello do Páramo, unha vez percorridos uns 12 Km., sempre moi próximos ao río Miño, aparece o indicador “A Ferverza”, que conduce directamente o lugar de referencia.

Outro dos accesos é pola estrada provincial D.P.1.611, que comunica Maceda (O Corgo), con Lousada (Guntín), nos límites dos concellos de O Corgo e O Páramo no río Neira, a altura da parroquia de Cerceda, existe unha pista de terra en bo estado, pegada case literalmente a marxe dereita do río Neira que despois de percorrer 1 km. aprox. introdúcenos no núcleo da Ferverza.

AMEAZAS. APROVEITAMENTOS HIDRO-ELÉCTRICOS E OUTROS

No ano 2001, xurdiron cadanseu proxecto para a construción nesta área de dúas “minicentraís” para aproveitamentos de carácter hidroeléctrico coñecidas como saltos da Mota e Tosende moi próximas entre si. A primeira situaríase nas proximidades da desembocadura do río Neira no Miño e a segunda a altura do muíño da casa da Ferverza afectando aos concellos de O Páramo, Guntín e O Corgo.

Posteriormente o promotor do salto da Mota renunciou ao proxecto seguindo o seu curso o

coñecido como salto de Tosende promovido por “Hidroeléctrica de Tosende S.L.”, que presentou autorización para o aproveitamento na Xunta de Galicia o 17 de abril do 2001. Á vista dos informes e alegacións presentadas no transcurso do procedemento de Avaliación e Efectos Ambientais o órgano ambiental autonómico ditaminou con data do 15 de decembro do 2003 informe negativo de efectos ambientais, deixando unha porta aberta para á revisión do proxecto introducindo aquelas medidas correctoras que permitiran a compatibilidade deste proxecto coas afeccións ao patrimonio cultural, hábitat fluvial, poboacións piscícolas e socioeconómicas. En abril do 2005 o promotor retoma de novo o proxecto presentando na Xunta de Galicia un novo documento coas medidas correctoras para a súa posible aprobación. Despois da emisión de distintos informes dos órganos competentes na materia tanto autonómicos como estatais o MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E MARINO, a través da Secretaría de Estado de Cambio Climático, formula con data do 29 de xaneiro do 2010, **declaración de impacto ambiental favorable**.

Esta declaración favorable provocou o rexeitamento de amplos sectores sociais, organizacións ecoloxistas e políticas que consideran que o desenvolvemento deste proxecto só favorece intereses particulares sen atender ás necesidades reais para o ben común ao respecto da produción enerxética, causando ademais un impacto permanente, irreversible e continuo para a conservación do ecosistema deste espazo singular.



Ameazas. Repoboación de eucaliptos nos arredores

A empresa *Hidroeléctrica de Tosende S.L.*, foi absorbida en novembro do 2009 no 100% pola empresa de turismo rural “*Casa Grande da Fervenza*”, segundo información aparecida no Xornal de Galicia do martes 16 de febreiro do 2010.

Referente as actividades que máis inflúen na configuración da Fervenza están relacionadas cos usos agrarios e forestais, sendo estes últimos os que máis impacto negativo poden causar sobre o medio, especialmente na zona de tampón e transición, coa a ameaza de talas sobre as carballeiras centenarias ou a introdución e presenza de repoboacións, xa existentes, de piñeiros, chopos ou eucaliptos.

Ultimamente, ademais, o fungo coñecido como *phitôphthora alni et al.*, está producindo a mortalidade dos amieiros da ribeira.

A REALIDADE DA FERVENZA FRONTE AO DESEXABLE

Sendo obxectivos das RESERVAS DA BIOSFERA a conservación, a investigación e observación ao longo prazo, a formación, a educación, a participación das comunidades locais na conservación e uso sostible dos seus recursos promovendo o desenvolvemento económico e social das mesmas, a realidade é que na Fervenza moitos destes obxectivos non se cumpriron ou están moi devaluados.


A día de hoxe pódese afirmar que as comunidades locais non se senten partícipes deste proxecto. Os veciños perciben esta figura, creada sen ningún mecanismo de participación nos que se sentiran implicados, como un atranco máis que limita o desenvolvemento das súas actividades, principalmente as relacionadas cos usos agrarios e forestais, sen que lles reporte ningún beneficio de tipo económico ou social. Neste sentido hai que subliñar a perplexidade que lles causa a aprobación dun proxecto hidroeléctrico e se lles limite e impida, por exemplo, os aproveitamentos para leñas de uso doméstico.

Existe, ademais, unha descoordinación entre as distintas administracións e “estamentos” con competencias nestes espazos: Confederación Hidrográfica, Xunta de Galicia con distintos servizos con competencias na materia, Deputación Provincial a través do INLUDES, Concello, etc.


É de sulbiñar que as administracións, incluso as máis próximas como o concello, nunca promoveron ningunha actividade tendente a divulgación e coñecemento deste espazo singular.

Polo que respecta a programas de observación e estudo céntranse principalmente os relacionados con traballos universitarios en distintos ámbitos, ou os que puntualmente sexa preciso realizar por calquera circunstancia que supoña a distorsión do medio (brotes de pragas, introdución de especies foráneas..)

A día de hoxe a única actividade de carácter económico ligada a este entorno é o complexo de turismo rural coñecido como “Casa Grande da Fervenza”.



Planimetría.



Ubicación

CONCLUSIÓNS

Para a conservación deste espazo mantendo os obxectivos marcados pola figura da RESERVA DA BIOSFERA, é preciso:

- Desbotar calquera tipo de actividade que poida influír no ecosistema de carácter permanente e irreversible como son os aproveitamentos hidroeléctricos, coa paralización definitiva do aprobado provisionalmente polo MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE RURAL E MARINO.
- Manter unha liña de colaboración constante coas comunidades locais próximas, especialmente cos propietarios de terreos da zona, establecendo mecanismos de compensación, non teñen por que ser económicos, polas restricións as que se ven obrigados pola realización de certas actividades que poidan prexudicar ao medio.

- O concello debe liderar e promover todas as actuacións tendentes a divulgación para o coñecemento e a conservación deste espazo, impulsando especialmente aquelas que sirvan como ferramenta para o desenvolvemento económico-social da zona. Por outra banda debe estar representado e participar en todas aquelas decisións que afecten a este espazo.
- Realizar campañas de coñecemento e concienciación social para a conservación destes espazos, nos máximos ámbitos posibles (comunidades escolares, universidade, sectores sociais con conciencia ecolóxica, comunidades de pescadores etc...).

BIBLIOGRAFÍA

- Area protexidas de ámbito internacional.(Páxina web da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia)
- Estratexia galega para a conservación e uso sostible da Biodiversidade. (Servizo de publicacións da Consellería de Medio Ambiente, da Xunta de Galicia).
- Programa MaB (Home e Biosfera da Unesco).
- Guía das aves de Galicia. Baía Edicións. (Penas Patiño X.M. e outros).
- Guía dos mamíferos de Galicia. Baía Edicións. (Juan Ignacio Díaz d´a Silva.).
- Directiva 92/43 CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestre.(Directiva Hábitats)
- Ley 42/2007 del 13 de diciembre del Patrimonio Natural y la Biodiversidad. (MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO).
- Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero para el desarrollo del Listado de especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da natureza da Xunta de Galicia.
- Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.



“Os teleclubs déronlle luces, alas, aos pobos, que xa tiñan unha inquedanza, e aproveitaron...”
(Domingo de Franqueán)

RESUMO

Os finais dos 60 e primeiros dos 70 son a época dourada dos teleclubs en España, onde chegou a haber máis de 5.000. Case 400 na provincia de Lugo. A nosa achega recolle datos sobre teleclubs do Corgo que se gardan no Arquivo Histórico Provincial de Lugo e tamén da información de persoas xenerosas que aínda manteñen a memoria do que foron aquelas épocas de desarrollismo, onde "todo estaba por facer".

Algúns dos seus maiores dinamizadores foron os párrocos. Pero os teleclubs tamén se deberon a outras iniciativas, como imos tentar describir. Das 38 parroquias que ten O Corgo, 5 contaron con teleclubs. O primeiro e máis dinámico creouse en Marei en 1967. Logo Franqueán, Gomeán, Folgosa e Farnadeiros. Eran asociacións con local social nos que se reunía a xente primeiramente a ver a televisión, pero de seguido realizaron labor comunitaria, social, cultural, artística ou de formación agraria, imprescindible daquela.

PALABRAS CLAVE:

teleclubs, animación sociocultural, desenvolvemento comunitario e rural, tardofranquismo, transición, lingua galega.

INTRODUCCIÓN



Placa externa no TC de Marei, da Extensión Agraria de Sarria

Para entender o contexto da situación no rural na que aparecen os teleclubs, podemos subliñar algunhas brevísimas liñas¹. Máis de tres cuartas partes dos galegos e galegas activas tiñan a actividade agraria como base na volta do ano 70.

García Rodicio, Juan José.

jjgr@edu.xunta.es.

Posgrao en Servizos Culturais

Agradecementos:

Ana Cabana (USC), persoal do AHPL, Eliseo López, Alfonso López, Montse López, Jose Antonio López, Jose Chousa pai e fillo, Olga, Julio López, Domingo Pérez, Pablo, Chelo e Mar, J. Carlos Rodríguez, e a todos os veciños e veciñas que amablemente atenderon no seu tempo esta investigación inicial.

Os labregos tiñan a obriga de pertencer ás *Hermanidades Sindicales de Labradores y Ganaderos* (HSLG, que no 1978 se reconstituían como Cámaras Agrarias), que tiñan o control de todo o mercado e elementos económicos (financiamento polas Caixas Rurais, compras e vendas de abonos, fitosanitarios, sementes, UTECOS, etc.). As Axencias de Extensión Agraria, máis técnicas e menos políticas, competían co sindicato vertical na xestión das necesidades do rural. Outro organismo esencial na época para os teleclubs, o IRYDA² financiador de moitos locais, camiños e obras, por medio das "Solicitudes de Auxilio Económico". Aínda así, o cambio de modelo económico, a apertura de mercados, a reforma do sistema laboral, a reforma do sistema agrario e un longo etcétera eran materias pendentes para un país como España no contexto europeo. As Axencias de Extensión Agraria tiñan a función de dinamizar a Reforma Agraria tantas veces detida, na República e xa antes, e que en Galicia tiña varios retos, entre outros: a concentración parcelaria, a xestión empresarial do campo, incluída a tecnificación e maquinización, e a xeración de infraestruturas e a capacitación persoal e técnica. Non é aquí o lugar para describir o encomiable labor dos axentes de Extensión Agraria, pero si para dicir que contaron e promoveron os teleclubs como lugares de desenvolvemento comunitario, como lugares de reunión e de impartición de cursos. Os teleclubs foron unha vía para cumprir cos seus obxectivos de dinamizar o campo, e así se verá no caso concreto do Corgo.

Para comprender a iniciativa da creación dos teleclubs para o rural debemos dar conta de como xurdiu a idea de constituílos na estrutura política. Manuel Fraga Iribarne toma posesión do Ministerio de Información e Turismo en xullo do 1962, nun

(1) Unha información moito máis completa en COLLARTE PÉREZ, A., (2006), *Labregos no franquismo*, Ourense, Difusora das Letras.

(2) Acrónimo do Instituto de Reforma y Desarrollo Agrario, xuntou ao Servizo nacional de Concentración Parcelaria e ao Instituto Nacional de Colonización.

cambio de gabinete que inaugura unha época, e no que tamén estaría Laureano López Rodo, o impulsor dos Plans de Desenvolvemento, que acabarán dándolle nome a esa época chamada “Desarrollismo”³. No 1964 o Ministerio de Información e Turismo (antes chamado de Propaganda, e posteriormente de Cultura) ten que deseñar e orquestrar a campaña “25 anos de paz”, que celebraría esa España que levaba dende 1939 sen guerra. O 18 de xullo de 1964 (día conmemorativo do alzamento militar contra a República) inaugúranse os Estudos de Televisión de Prado del Rey como os maiores até o momento en Europa. Prodúcese e difúndese a película “Franco, ese hombre” (en Televisión Española a partir de novembro). E tamén nese ano 1964 inaugúranse os primeiros teleclubs. O primeiro en Zamora, o segundo en Belesar (Vilalba) e o terceiro San Esteban de Camoiras. Quen inaugura o primeiro é o galego Pío Cabanillas Gallas, na súa condición de Subsecretario do Ministerio de Información e Turismo⁴.

A televisión estaba abocada a ser o medio de comunicación de masas máis influente. Pero apenas había televisións. E menos no rural. Os teleclubs créanse para que a xente do rural tivera ese acceso á televisión, idea por outra parte nada orixinal, xa que esa iniciativa xa se implantara antes en Francia e mesmo na India. En España tamén se nomean “guías” ou “monitores” para que a xente do rural “poidera entender e manexar” a televisión. Os televisores entregados aos teleclubs pertencían á Dirección Xeral de Radiodifusión e Televisión, da que tamén dependerá dende 1968 o NODO (Noticiero Documental, que se proxectaba obrigatoriamente nas sesións de cine en España⁵).

A idea dende un principio foi constituír unha Rede Nacional de teleclubs, con un programa propio, dirección xeral propia e financiamento e convenios propios e un medio de comunicación propio, o *Boletín Teleclub*⁶. Este boletín ou revista, que inicialmente serviu de presentación das autoridades (Xefe do Estado, ministro Manuel Fraga, subsecretario Pío Cabanillas, etc.), de seguido foi un medio de difusión cultural de todo o estado. Os actos culturais, a difusión das iniciativas de mellores socioculturais dos pobos (actividades de recuperación de folclore, promoción da saúde, do ocio



Ciclos culturais organizados dende a Delegación do MIT

creativo en linguas propias, etc.) era recollida en calquera lugar de España onde se recibía puntualmente ese boletín como unha ventá aberta que servía de inspiración (se se podía facer unha cabalgata de Reis en Logroño, por que non en Viveiro?, (se se podía falar de sexualidade en Sevilla, por que non en Lestrobe?). Ese boletín a nivel estatal deixou de editarse nos inicios dos anos setenta, cando se empezou a editar o boletín *Teleclub Galicia*, que baixo o patrocinio económico da Fundación Barrié, seguiu cumprindo a función de enalzamento das mellores iniciativas nas catro provincias galegas.

Como sinalamos, é básico para entendermos a existencia e o labor dos teleclubs galegos o papel dos curas párrocos. Neste senso debemos citar a influencia do Concilio Vaticano II, ao que asistiron bispos de Lugo, como Ona de Echave e Araujo Iglesias, e supoñía, entre outras cousas, unha posta ó día dos relixiosos e da liturxia. Houbo unha boa cantidade de sacerdotes que acababan de saír do Seminario, de Lugo coma doutros lugares, que tiñan o espírito do Concilio Vaticano II como referente para a súa práctica. Misar na lingua que entendese a xente, incorporar cantigas ás liturxias, darlles máis participación aos fegreses, achegarse

(3) Manuel Fraga Iribarne chega ao MIT en 10 xullo 1962 e deixa o Ministerio 29 outubro de 1969. Substitúeo Sánchez Bella. Logo sería presidente da Xunta de Galicia de 1989 a 2005. Cambiou de gabinete despois da presión internacional (e congreso político no exilio español). O substituído era Gabriel Arias Salgado e levaba dende 1951.

(4) Foi despois ministro do 3 de xaneiro 1974 ao 29 outubro de 1974.

(5) O NO-DO foi o xornal audiovisual propagandístico do Réxime durante 40 anos.

(6) O primeiro número do Ano I é en novembro de 1966, aínda que hai unha publicación previa.

mais ás necesidades, e “salvar o home, agora, non despois”.

A memoria dos corgueses sinala que foi don Jaime Ceide, párroco de Franqueán e promotor do seu teleclub, quen deu algúns dos pasos decisivos desta modernización: celebrou en 1969 a primeira misa en lingua galega⁷, e foi quen retirou a obrigatoriedade de dar “os responsos”, que eran parte do peculio do que dispuñan os sacerdotes naquela época⁸. Aínda que tamén antes algúns sacerdotes daban algunhas clases de alfabetización, como o vello cura de Marei, don David. O labor dos curas, sobre todo dos máis novos, foi decisiva nunha época na que a autoridade pública dunha parroquia era o cura e o mestre. E eles foron dos primeiros en ser os dinamizadores culturais dos teleclubs, tarefa que acometeron autónoma e libremente.

OS TELECLUBS EN LUGO

A provincia de Lugo, por razóns aínda por investigar, foi das máis xenerosas na creación de teleclubs. Durante o ano 1966 dos 1.113 creados en España, 73 deles creáronse en Lugo. Seis meses máis tarde, en xullo de 1967 había o dobre (151) na nosa provincia, e en marzo de 1970, 332. En 5 anos fixéronse tres cuartas partes dos que houbo finalmente na provincia.

TC creados (Fonte: I Tirada do Boletín *Teleclub*, segunda época, agosto de 1974.)

Para entender unha das razóns deste auxe é preciso facermos mención á Fundación Barrié de la Maza. Pedro Barrié de la Maza, conde de FENOSA⁹, asina en 1968, en nome da fundación que creara, un convenio co Ministerio de Información de Manuel Fraga para financiar durante catro anos con 10 millóns de pesetas catro

| Ano | Nº TC España | Lugo | Observación |
|------|--------------|------|--------------------------|
| 1964 | 26 | | O 1º o 29 de novembro |
| 1965 | 278 | | |
| 1966 | 1.113 | 73 | En outubro só 20 en Lugo |
| 1967 | 2.322 | 151 | Xullo en Lugo |
| 1968 | 3.348 | | |
| 1969 | 4.414 | | |
| 1970 | 4.414 | 332 | Marzo |
| 1974 | 4.599 | 351 | En Agosto |

teleclubs perfectamente dotados cada ano en cada provincia galega. Este convenio renovarao até en tres ocasións máis a súa viúva Carmen Arias. Aínda en 1983 a Fundación tería catro millóns e medio de pesetas de orzamento para teleclubs.

| | | | | |
|----------|------------|----------|------------|-------------|
| Lugo 351 | Burgos 290 | León 247 | Oviedo 233 | Ourense 209 |
|----------|------------|----------|------------|-------------|

Comparativa das provincias que máis TC crearan, en Agosto de 1974:

Podíamos considerar aos TC do Corgo como partícipes das 3 fases de creación de teleclubs: A primeira “fornada”, con Manuel Fraga aínda no Ministerio até 1969; a segunda fornada, xa con menos forza, pero tentando reflotar toda a rede de teleclubs até 1975; e a última, ao abeiro dos convenios de creación na época da Transición e até 1984 na Democracia. Por iso sinalamos que a

| | Nº TC | Ano de creación |
|-------------|-------|-----------------|
| Marei | 1.076 | 1967 |
| Franqueán | 1.839 | 1967 |
| Folgosa | 4.854 | 1973 |
| Gomeán | 4.900 | 1973 |
| Farnadeiros | 5.255 | 1978 |

A evolución concreta no Concello do Corgo foi a seguinte:

época gloriosa dos TC foi no tránsito dos 60 aos 70. Fixémonos que dende 1966 até 1969 temos un número de 3.000 TC creados, isto é, xa estaban fundados catro quintas partes do total. Con respecto ao financiamento sinalar que o teleclub de Folgosa, despois de crearse en xaneiro de 1973, cursou petición ao delegado provincial para incluírse nas axudas da Barrié, petición do cura párroco que se cursa, chegando de inmediato ao centro material habitual dos teleclubs e financiamento. O teleclub de Farnadeiros tamén se acolle a estas axudas do convenio da Barrié no ano 1978.

(7) O 7 de xaneiro de 1969 fora cando se comunicara o recoñecemento da lingua galega para a liturxia, despois da insistencia, con sinaturas ante Roma, dos sacerdotes galegos, e Ms. Araújo como iniciador.

(8) Os “responsos” serían aquelas oracións e salmodias que se facían en cada parada fronte a unha casa no enterro e condución dun féretro a darlle sepultura. En cada parada de cada casa, barrio ou cruzamentos de camiños, a xente daba unha cantidade; para o sacerdote, por executar o responso. O que se criticaba, e por iso se extirpou ese costume, é que “se mercadeaba, e cada morto valía o que deran polos responsos, pero o diñeiro ía para o cura, non para o morto”

(9) FENOSA non é lugar ou condado, é Fuerzas Eléctricas do Noroeste S.A. P Barrié tamén foi partícipe na creación de Astano, Emesa, La Toja, Alúmina, Ceide, Ferrocarril a Zamora e outras infraestruturas industriais, incluso formativas como a Escola de Exeñeiros Industriais ou de Arquitectura.

O persoal que estaba encargado da xestión de altas e subministración aos teleclubs en Lugo foi especialmente dilixente. Isto facilitou a creación de tantos teleclubs na provincia, converténdose na que tiña máis centros de todo o Estado. A delegación do Ministerio de Información e Turismo era a Delegación da JCITE, que era a Xunta Central de Información, Turismo e Educación Popular¹⁰. Nesta última vertente, a de “educación popular”, era onde se encadraba a difusión cultural da que os teleclubs formaban parte¹¹. Pero tamén estaba o Ministerio de Agricultura, que con Extensión Agraria e Ordenación rural exercía de financiador e promotor de moitos. Existía un “Asesor Provincial” de teleclubs, que era o encargado de supervisar a súa creación e mantemento. En Lugo foi o focense Luís Cordeiro quen ostentou este cargo¹². A el competía dinamizar as xestións de axudas económicas dos diversos organismos (MIT, IRYDA, a Deputación, e mesmo o Padroado de Vivenda rural Álvarez Ude). Dende a Delegación remitíanse os modelos de actas de constitución, de estatutos, de cesión de terreos, e o boletín oficial de inscrición, onde se describía a comunidade (incluíndo as taxas de emigración, diversión habitual, estimación dos veciños que o solicitaban e previsión de local e dimensións) e os porques do proxecto do TC, incluíndo a razón de escoller esta ou aquela persoa como monitora.

Esta xestión podémola seguir, por exemplo, no caso do TC de Farnadeiros:

- Setembro de 1978, asínase un acta de constitución
- 14 novembro de 1978 entra solicitude en Dirección Xeral de Difusión Cultural,
- 24 xaneiro 1979 acéptase,
- 20 abril 1979 recollen tocadiscos,
- 9 maio de 1980 reciben biblioteca básica de 300 volumes,
- 15 de maio de 1980 reciben lote de discos, 15 libros e un armario librería.

A persoa que se nomeaba como secretario monitor tiña que solicitar e ter aprobado un certificado de “buena conducta moral, pública y privada, sin conocerse antecedentes político sociales ni actos contrarios al Régimen actual, al que están considerados afectos”, asinado polo Gobernador civil. Dende os primeiros anos fanse xuntanzas e cursos de monitores polas diversas partes do Estado (en Galicia na Toxa), onde se dá formación

sobre actividades, desenvolvemento comunitario, póñense en común experiencias, e realízanse probas cos aparellos que logo teñen que facer funcionar nos teleclubs.



Libros das bibliotecas dos TC

Se ben inicialmente se podía dispoñer como sé da asociación do teleclub un enderezo particular, de seguido se propoñía un local común (vellas escolas¹³ sobre todo), ou ben rehabilitando ou construído de novo. En Franqueán iniciouse así, na casa dun particular, e máis logo fíxose un local a carón da escola, en terreo cedido ao común. En Farnadeiros e posiblemente Gomeán foi na antiga escola construída polos veciños. E en Marei e Folgosa en locais cedidos pola parroquia.

Os enxeñeiros do IRYDA redactaban planos que ofertaban e publicitaban no boletín Teleclub Galicia por exemplo, para construír teleclubs (un



Cartel do calendario do TC de Marei

(10) Nun primeiro intre tamén asinaba o propio gobernador civil. O delegado da JCITE no 1967 era Francisco Martín Gallardo.
 (11) No desmantelamento do Movimiento e Sindicato Vertical franquista, o MIT pasaría a ser Cultura, e os TC depender de Dir Xer. de Difusión Cultural.
 (12) Luís Cordeiro foi o primeiro Presidente da Deputación de Lugo da Democracia.
 (13) A lei de Educación de 1971 propuxo a Concentración en “Centros” Educativos. O Corgo e APóboa.

deles tiña incluso forma de hórreo). O mesmo IRYDA adoitaba financiar as obras e dispoñer material.

Ofrecíase tamén para o adorno do interior da sé, en clave de estímulo cultural, variada carteleira, en concreto imaxes fotografadas do Museo do Prado (Velázquez, Zurbarán, Goya, etc), cun texto na parte inferior referido ao autor e á obra¹⁴. Tamén era habitual, en toda a xeografía española a entrega de carteis cunha imaxe do claustro do Mosteiro de Silos. No acto de entrega dos televisores, e das acreditacións, entregábase unha placa metálica co logotipo da Rede Nacional de teleclubs, que en letras de liñas redondeadas e pop, propias da época "yeye" rubricaba TELE-CLUB nos exteriores de todos os locais, moitos dos cales aínda hoxe se poden ver, non sempre advertido polos viandantes, ben pola perda da pintura que os resaltaba, ben por estaren en portas ou partes do edificio que xa non teñen acceso.

Inicialmente o teleclub era un club con televisión¹⁵. A calquera teleclub oficial o Ministerio de Información e Turismo vía a súa Delegación, facíalle entrega do consabido televisor, nun acto ao que inicialmente asistían alcaldes e moitos veciños e veciñas, e que despois se foi quedando nun acto administrativo.

En moitos sitios, como a montaña luguesa podíase dar a circunstancia de contar con aparello receptor, e non con antena para recoller ese sinal. Na zona do Corgo o sinal proviña do repetidor do Picato (concello de Guntín) pola canle nº 4. No caso deste concello o único problema foi que non en todas as parroquias tiñan a corrente eléctrica (de FENOSA) a 220 V, senón que tamén a había a 125, por exemplo en Gomeán e Folgosa, e por iso era preciso un transformador de corrente para facer funcionar calquera aparello. O primeiro era o televisor, e despois, e ás veces ao mesmo tempo na mesma constitución do teleclub, moitos outros aparellos (tocadiscos, magnetófono, etc.). As referencias verbais fan que se refiran á delegación do MIT, hoxe Cultura, como "unha familia, á que ías cando precisabas algo, e que cho intentaban solucionar e facilitarche as cousas o mellor posible". Iso é moito dicir, dunha administración coma a da época da que falamos, o que indica a boa disposición a que os teleclubs se organizaran no rural.



Discos das discotecas dos TC

Os tocadiscos nos sesenta eran o centro da festa para a mocidade. Era habitual que se sacasen á venda e difusión cancións soltas (en discos con cara A e cara B). Toda a década dos setenta os teleclubs de toda España dispuxeron do tocadiscos Bettor Dual (33 e 45 revolucións, segundo se puxera un "single" (con 1 ou 2 cancións) ou un "maxi single" (4 cancións)). A Rede de teleclubs facíalles entrega dun lote de discos, algúns da colección "Fundador" e "Belter" Por exemplo na "Discoteca Fundador" do 72/73, ou nos Discos Sorpresa fundador, contábanse con artistas como Betty Missiego, Tony Ronald, Los Tres Paraguayos, Peret, Miguel Ríos, Waldo de los Ríos. Grupos como Los Módulos, Los Payos, Los Pekenikes; cantautores ou cantantes como Mari Trini, Dolores Vargas, Alberto Cortez, Karina, e, como non, o incombustible Manolo Escobar. Tamén se dispuña de coleccións como "Eurovisión 68", "Música de Baile" ou "Cadena de éxitos"

Tamén contaba cun magnetófono de bobinas que podía gravar e tamén reproducir audio, e é posible que haxa algunha conferencia gravada, e persoas contando contos e chistes, aínda que non puidermos topar ningunha nas nosas investigación até o de agora no Corgo. Tamén un proxector de diapositivas, con coleccións de diapositivas de temáticas agrarias, de historia da arte ou bioloxía, que até daquela era algo só ao alcance de institutos de Bacharelato ou universidades. E para sorpresa e agrado de moitos, unha máquina de proxectar cine

(14) Por exemplo nunha reprodución de Rubens, retrato de María de Medicis di "Lo fundamental en Rubens son las grandes composiciones de colores entonados y ricos, y los desnudos con una carne dorada y palpitante..."

(15) No primeiro boletín xa se relatan os 3 obxectivos dos TC: distracción, convivencia e ensinanza.

en 16 mm, co que proxectar películas alugadas, ou outras que se dispuñan nas delegacións do MIT baixo petición previa.

Todos os materiais seguían sendo propiedade do Ministerio doante, e sempre se asinaban “recibís” e documentos do estilo de

"En el día de la fecha se hace entrega al TC de ... nº de la provincia, de un tocadiscos marca Königer 2501. El Ministerio mantiene la propiedad y plena disponibilidad del mismo, pudiendo por tanto retirarlo de estimarlo pertinente.... EL TC queda advertido.. utilizándolo de acuerdo con los fines propios del TC, ... artículo 1743 y ss. del código civil"

Pero alén de aparellos electrónicos, os teleclubs tamén contaban con bibliotecas. Nos primeiros anos, a biblioteca básica do TC constaba da colección de Editora Nacional, con temas académicos e de historia. Despois sería a enciclopedia Labor, e a colección da Editorial Salvat, de 300 volumes a que ocupara os estantes dos teleclubs, ademais dunha colección infantil, de agronomía, de bricolaxe ou de literatura clásica e actual.

A Rede Nacional de teleclubs tamén editaba unha serie de libros propios con títulos de interese: *Televisión y acción cultural, El cine, Técnicas teatrales, Las maravillas del mundo e Plantas y jardines.*

O teleclub de Marei



Exterior do TC de Marei co logotipo oficial que facía de credencial

É un privilexio para unha investigación contar con memorias publicadas das actividades dunha asociación, e que estas se poidan enriquecer coa memoria viva das xentes. O daquela cura párroco de Marei publicou¹⁶ unha revista-memoria anual, da que se difundían centos de exemplares. Daquela, coma hoxe, é útil publicitar os logros de calquera asociación ou empresa. Tamén é obrigatorio dar conta das axudas ou investimentos realizados. E, aínda máis, naquela altura era útil

para que as xentes da emigración soubesen o que estaba avanzando a aldea e a parroquia. Don Eliseo ía casa por casa preguntando varias cuestións, e unha delas era os enderezos dos veciños e veciñas emigrados en Barcelona, en Lugo, en Ourense e en Madrid. Enderezo e teléfono. Porque no Teleclub de Marei púxose un dos primeiros teléfonos da contorna, para cando veu o ministro Fraga a inauguralo.

Nunha rolda por varios teleclubs da provincia, que remataría en Samos cunha xuntanza de teleclubs, Manuel Fraga inaugurou o teleclub de Marei¹⁷. Até a igrexa de Marei (o teleclub está en terreo da reitoral) foron o Gobernador Civil, o Delegado do MIT, e o Delegado Territorial de Telefónica. Alfonso López, o repinicador, tocou as campás, que era como se difundían as novas dende sempre. Desá inauguración gárdase referencia nos xornais da época (El Progreso), dando conta do gran número de xente asistente, pero tamén na memoria de don Eliseo López, párroco e monitor do teleclub de Marei. Conta, con retranca, como no momento do discurso do ministro contan que caeu unha fiestra cun gran ruído “porque caeron uns prisioneiros que tiña para suxeitala”. Lembra que “resulta que hai que poñer o teléfono porque vén Fraga inauguralo dentro de 15 días. Facer unha pancarta de benvinda. E gravalo nun magnetófono que mandaron. Déronnos máis do que eramos capaces de imaxinar. Unha máquina de cine (que logo non funcionaba). E había que facer un discurso”. O discurso do cura López dicía algo así:

“Quiero una España más Una, con menos diferencias entre regiones, porque 3 son las leyendas negras sobre Galicia: ser españoles, ser gallegos, y ser pobres labregos¹⁸... Quiero una España más Grande, que se venda vino del Ribeiro en el extranjero, si, que la gente tenga derecho a emigrar, pero también a vivir dignamente del producto de su labor en donde nace... Y una España más Libre ...porque estamos sin derechos ciudadanos y tenemos la madurez suficiente para libertades políticas...”

E remata esta intervención ao estilo dos curas agraristas como Basilio Álvarez “...Lo único que

(16) Polo menos a segunda e terceira das memorias (72-73 e 73-74) coa axuda de Xulio Xiz.

(17) 26 de agosto de 1969. Na recepción de teleclubs da provincia no mosteiro de Samos, despois dunha xornada recorrendo O Cebreiro, As Nogais, celebra misa o abade de Samos.

(18) No xornal *El Progreso* do 27 de agosto de 1969, (portada e pax. 5), o cronista di que o cura dixo: "tres leyendas negras pesan sobre nosotros, 1º la de ser españoles, 2º la de ser gallegos y 3º la de haber nacido en Lugo... somos nosotros con nuestro esfuerzo ... los que hemos de deshacer estos malos entendidos"

pido es que me dejen continuar sirviendo al pueblo de Marei". A seguir, o Gobernador civil (e Xefe Provincial do Movemento) Eduardo del Río levántase e di unhas palabras de corrección inmediata "...hai que saber que puesto ocupa cada uno y su obligación. España no es la del 36... Galicia es puntera en motocultores...", e logo Fraga ampliaría o argumento ao Gobernador "ya no es la del 36, pero queda mucho por hacer..." Pero despois diralle no coche ao ministro, xunto co Delegado e outras personalidades, despois de certo silencio de circunstancias "...el curita estuvo valiente...", e replicando en complicidade Sanchez Carro¹⁹ **"yo no le llevo a ver a cualquiera"**²⁰.



Televisor entregado ao Teleclub

Eliseo López López, naceu en 1939 en Paradela e foi o dinamizador do teleclub de Marei. Seu pai emigrara a Arxentina, onde fixera cartos, mais non fortuna. Eliseo lembra como referentes para a acción comunitaria a Sociedade Agraria de Paradela, onde tiñan unha máquina de mallar pan e unha báscula para vender tenreiros. Nas súas propias palabras "Eso indica unha intención, unha capacidade de traballar para o común e en común, dende sempre". Lembra tamén un Comité de Socialistas e Comunistas. El escoitaba naquelas conversas abertas "Un desexo de xustiza, de colaboración, de cultura e arte...Un carnaval, de 10-12 grupos de 6-7 persoas, sempre se celebrou., disfrazados, meténdose coa xente (...) eses días de noite pecha, despois de ir xogar a partida onda un veciño. Ías para a cama, abrías a ventá, e había un tío cantando por un camiño...Ían os mozos ao único sitio con luz, que tiña unha radio, e conectaban con Radio "Pirenaica" ... "Fiesta en el Aire..." E a inquedaanza deste sacerdote novo era tamén a de informarse, e dispoñer das revistas e libros de "matute"²¹ **de cando ían a Madrid, ou en Pontevedra no Magariños, ou ao Fusalba. Incluso dispuxo o libro de Julián Grimau, que naquel momento estaba prohibido pola censura**²². Estudou para mestre nos principios dos setenta, cando estaba en plena tarefa co Teleclub, "por casualida-

de, un cura compañeiro díxome que logo podía entrar sen ingreso, e alá fun". Máis tarde tamén estaría facendo servizo en Preescolar na Casa. "Era un home aberto, sociable, que quería o mellor para o pueblo, e ás veces ata deu o que non tiña", di seu amigo José Chousa. "El era o que facía todo e nos enredaba aos outros" testemuña Julio, o carteiro. "Pero todo era de xeito informal" di o propio Eliseo.

A autoridade do cura nas parroquias de antano era grande, e ademais vivían nas reitorais e coñecían as necesidades da xente. Nesas roldas que facía Eliseo polas casas cada tanto, amais de recoller os teléfonos da xente emigrada para poder contactar con eles, tamén recollía o que cría a xente da casa que lle facía falla á aldea "...e en 4-5 anos, case todo se conseguiu... cando cheguei só chegaba a carretera a 10 casas, e dalí a pouco ás 100 que había". Tamén levou a moitos mozos e mozas á escola a Lugo os luns polas mañás, naquel seu Seat 600 que aparcaba na parte de atrás do teleclub, como lembra Monste López.

Outra das tarefas que teimaron foi construír unha radio por medio dun curso de CEAC de mestre electricista, e aínda que se recibiron os fascículos, a xente foino abandonado, pero fixeron funcionar aquel cúmulo de transistores e resistencias, condensadores e empates, insertos nunha placa metálica que aínda arromba nos locais do Teleclub.

Para achegármonos ao labor do TC de Marei contamos coas memorias das actividades, as que as xentes chaman "os libros do teleclub". Son como unhas revistas anuais que unha asociación realiza para dar conta do realizado, das persoas que colaboraron, etc²³. **Preséntanse en formato apaisado 25x15 cm. aproximadamente, con capa e contracapa en cartón a dúas tintas (vermello e negro), e constan de 80-100 páxinas, con publicidade en páxina par. Nos teleclubs de toda a provincia representábanse pezas de teatro en galego. E parte destas revistas-libros-memorias estaban en galego. Nos libros-memoria do teleclub de Marei**

(19) Tamén coñecido como Alsanca, na crónica deportiva.

(20) Referencia de Eliseo López de testemuño recibida do propio Sánchez Carro.

(21) Matute en alusión ao alcohol ilegal, pero en caso de libros eran libros sobre os que pesaba censura e prohibición de edición, difusión, tenencia e lectura.

(22) Julian Grimau: Membro do Partido Comunista foi a última persoa xulgada e condeada por tribunal militar por delitos derivados da Guerra Civil. Detido o 7 novembro de 1962, xulgado en Consello de Guerra en 18 abril de 1963, executado o 20 abril 1963.

(23) Como se sinala no libro-memoria de Nadal de 1973, recollendo unha viñeta do TC de Folgoso tirada do boletín *Teleclub Galicia* a propósito das Semanas Culturais, dous paisanos, un deles coa pucha posta e o paraugas na caluga din "Ta ben eso das semanas culturais", e o outro replica "Si... primeiro danche muita cultura e despois tés que mandar a "Memoria".

contan as nosas fontes que houbo instrución e consello de que se fixera parte maior en castelán, aínda que se mantivera o galego²⁴.

As axudas económicas aos TC para as semanas culturais²⁵ tiñan como contrapartida escribir unhas memorias ou partes de actividades. Un xeito ben completo, orixinal, e que transcende o propio acto administrativo é a confección destes Libros-Memoria no Teleclub de Marei, no que no Nadal do 72 dise *"Sirva esta publicación de estímulo a las fuerzas vivas que luchan por un Marey mejor..."* e tamén *"El TC de Marey te abre sus puertas... entra confiado... a través de estas páginas pretende, que cerca o lejos, entréis dentro de el y juzgueis benevolmente, y os suméis al quehacer que comporta el cotidiano vivir, a la común tarea..."*. En cada número réndense contas do que se fixo e se desfixo, dos logros do ano anterior, etc.

Por exemplo nunha páxina titulada "Resumen de un año" da memoria de 1972 fálase de:

- Construción de almacéns para as Cooperativas.
- A instalación dunha báscula para pesar gando.
- Pistas a diversos barrios da parroquia.
- Viaxes de estudo a diversas explotacións gandeiras de Asturias e Santander.

E tamén se expoñen con humilde transparencia o que non se puido conseguir:

- Alumeado público.
- Restauración da igrexa parroquial.
- Explanación do campo de fútbol²⁶.
- Explotacións comunitarias.

É especialmente interesante o que se conta no libro do 1971, por canto narra o acadado dende a comezos de 1967.

- Construción do edificio. Nun terreiro anexo á reitoral destinado a cortes e pendellos que estaban en ruína, faise unha fonda reforma. O edificio é dunha soa planta, está apoiado na reitoral e ten unha porta a esta, á que se sube por medio da escaleira que vai tamén dende o exterior. Conta cun espazo de oficina, que lle chaman "do Plantel", onde está a biblioteca, e un salón amplo onde está o bar, a lareira, o baño e a porta para o teléfono.
- Construción do campo de minibasket e duchas. Aínda presentes. Un campo de 10 metros de lonxitude aproximadamente, pintado pero de dimensións adaptadas ao pequeno espazo, e coas canastras de ferro.

- Instalación de teléfono público rural (nº 22 de Gomeán)²⁷.
- Biblioteca Básica, con doazóns do MIT, adquisicións e outros doadores. Esa biblioteca básica eran inicialmente uns 300 volumes da Editora Nacional, con monografías diversas.

Material: fútbolín, tocadiscos, magnetófono, proxector de diapositivas e filminas, proxector de cine sonoro, etc. (Salvo o fútbolín, todo o demais era o material básico dos teleclubs que financiaba a Fundación Barrié).

Entre os logros comunitarios, que mesmo os fan acredores do premio de 1969 de "Desenvolvemento Comunitario" estaba a creación de Cooperativa do Campo, da que aínda hoxe existe presenza e que é a primeira cooperativa de consumo da provincia (en realidade apenas funcionou)²⁸; a **creación do Plantel de Extensión Agraria, que sería unha sede e agrupación local para xestionar as actividades da Central; a xestión da construción da escola (de nenos e nenas); ou a renovación de tendido eléctrico; unha Cabalgata de Reis con reparto de xoguetes (recollíanse polas xogueterías da cidade de Lugo, e moitas doábanos xenerosamente), nas que participou Julio López e Montse L. Fouz; un curso de aprendizaxe agrario, baixo a dirección da Axencia de Extensión Agraria de Sarria; e máis de 50 charlas, que segundo as memorias "han servido para que varios socios hayan efectuado diversos cambios en sus explotaciones, haciéndolas más rentables con siembra de prados artificiales, maíces híbridos, frutales..."**; a proxección dunha vintena de películas e varias excursións culturais, unhas a cargo dos socios e outras da Extensión Agraria (a Madrid, 5 días á Feira do Campo, a todas as capitais galegas, a Portugal, etc).

24) Por exemplo, podemos analizar a presenza da lingua galega no Libro-memoria de Nadal do 1971: escríbese en castelán a relación de actividades e salvo as autoridades e personalidades e tamén a publicidade que ía en castelán, todas as entrevistas e incluso a reflexión do padre Jesús Mato se presentan en lingua galega, arredor de 10 páxinas en total. Da publicidade, só *La Estrella de Galicia* (dun total de 3 anunciantes) o fai en galego: "¡Despois de 64 anos, seguimos "madurando" orgullosamente... mais non nos avellentamos. Si, maduramos unha cervexa perfeita, no "seu ponto"... xusta aos seu gosto. Esto é orgullo. Axiña a produciremos na fábrica máis moderna de Europa... orgullosamente galega... LEG.. é a máxima expresión en cervexas"

(25) A Delegación xestionaba Semanas Culturais no 72 73 e 74 por case 40 TC de Lugo.

(26) Había uns terreiros por tras da reitoral, onde se xogou ao fútbol, e incluso dérase a cesións de veciños, pero nunca se fixo.

(27) Parece ser que apenas 15 días antes da inauguración non había tal teléfono, e ía vir o ministro co afán de inauguralo. Grazas ás xestións de Eliseo co delegado da compañía Telefónica e o alcalde do Corgo, púidose facer todo en tan escaso tempo, apenas 15 días despois da festa parroquial do 15 de agosto.

(28) No relativo a iniciativas como a Cooperativa do campo non é que o teleclub fixera estritamente as xestións, pero si era o centro da primeira iniciativa, era o disparador, por medio dalgunha charla, algunha proposta, unha reunión, unha consulta. Para iso estaba o Plantel da Extensión Agraria, e os funcionarios, e obviamente os propios veciños que formaban tales cooperativas. O cura chegou a ser membro da directiva, pero non exercía como tal e pagaba as súas cotas correspondentes.

O curso para obter o carné de tractorista, ou o de mecánica, para o que se mercou un motor que se desmontou de arriba a abaixo, foi moi importante segundo contan.

Alén das memorias escritas, os veciños gardan na súa memoria o importante papel que tiña o bar do teleclub polo que supoñía de lugar de ocio e de convivencia da veciñanza. Este rexíase en réxime de autoservizo, se ben tamén se contaba coa atención que dispensaba un membro da directiva, Julio López, o carteiro. Igualmente se lembra o teleclub como un lugar no que se desenvolvían moitas actividades como a preparación das comunicacións e das confirmacións dos rapaces e as festas parroquiais

Segundo a memoria, o valor da obra realizada superaría os 2 millóns de ptas., e dado que o financiamento era de 160.000 ptas., a achega do Concello era de 20.000 ptas., houbo que sumar 325 días de traballos dos veciños, e mesmo coa doazón de 42.000 ptas. dun veciño. O soporte económico, igual que a alta asistencia ás actividades permite ver que a veciñanza de Marei traballou cooperativamente porque estaban interesados en melloraren a súa calidade de vida. Na memoria do Nadal 1973 sinalaba amador Troncoso *"Hace 8 años que conozco las gentes de Marey. He visto su proceso de desarrollo comunitario. Sinceramente los progresos alcanzados han sido francamente esperanzadores. De un pueblo de poca fe en ellos mismos, ha pasado a ser un pueblo ejemplo de pueblos"*. Na memoria do 1973 falando con veciños que axudaran na construción do camiño de Vilanova e Vilar di Elías Parajuá, de 72 anos, á pregunta, *por que traballa aquí?* respondía *"Pois traballo para que o pueblo teña outro vivir. Este camiño lévanos hastra o centro da parroquia, á igrexa, ó colegio, para que os alumnos poidan vir sin quedar entalados polos camiños. E a produción, para que teña outro valor. Así, poderemos vivir moito máis cómodamente do que vivimos hastra agora"*. Xesús Mato comenta sobre o espírito da xente de Marei: *"Comunidade exemplar que se deixou de perder o tempo chumisqueando ou chorando e púxose a traballar, sen outear pr'atrás ollando as dificultades. Por todo isto, dándome conta d'as trécolas que tivéstedes que remexer, d'as gabias que houbo que saltar, d'as moreas que houbo que desfacer... non teño máis remedio que felicitarvos de novo, un ano máis"*.

O propio Eliseo, daquela cura de Marei, di que non houbo ningunha consigna, circular ou particularidade á hora de montar e sacar adiante actividades do teleclub, o que é evidente, é que o teleclub tamén funcionaba como local de actividades que non eran propias del, pero para as se utilizaba o local²⁹. **O propio ex-cura comenta "eu sentínme completa e absolutamente libre, fixen, fixemos o que puidemos facer". E non só o di el, senón moitos monitores dos teleclubs de Lugo naquela época. A delegación de Lugo organizaba unhas "Semanas Culturais", na primavera, en máis de 30 teleclubs. En Marei no 73 foi en febreiro.**

Os funcionarios e cargos da delegación, incluso dende o "incidente" da inauguración co ministro sempre foron solícitos ou polo menos, deixaron facer, como pedía o propio cura-monitor. Será pola distancia, pola falta de interese, pola despreocupación polas cousas pequenas que facían uns veciños pola súa propia aldea sen molestar a ninguén, será porque as dinamizaba o párroco, o caso é que toda ese labor non tivo tanto obstáculos externos coma os do propio proceso de medrar. Ao redor do 1984 "acabouse o programa", e o dinamizador colleu outros camiños lonxe deste meritorio labor.

O teleclub de Folgosa

Como unha continuación do seu labor no de Marei, e irradiando o seu coñecemento, no teleclub de Folgosa deu unha charla Eliseo López o 18 de xaneiro de 1973, co título "El Teleclub como lugar de convivencia y como medio eficaz para la promoción de la parroquia", e inmediatamente despois víronse dúas películas documentais de "Historias de Pepe", das que s'elles subministraba aos teleclubs a Delegación. O cura de Folgosa era Benigno Mella, de Melide, "un cura moi dinámico que tamén fixo moitas cousas", recorda a memoria veciñal. O teleclub de Folgosa foi o nº 4854 da Rede Nacional, e dispuxeron poñerlle como nome "O noso lar" pero de seguido recibiron advertencia de que non era regulamentario poñerlles alcumes aos teleclubs, que o número era o identificativo. A acta de constitución está datada o 2 de xaneiro de 1973, e xa nese mes e seguintes dispuxeron unha serie abondosa de actividades, incluída a xestión

(29) Nalgún caso, como o dun curso de cooperativismo, a comandancia da Garda Civil reclamoulles o permiso para celebralo. O dereito de reunión, ou o dereito a falar en público máis de 3 persoas, sen permiso previo da Garda Civil ou do Gobernador Civil é un logro da Democracia. O famoso "disuélvanse, por favor" facía mención a calquera xuntanza de varias persoas que estivesen falando de calquera tema que puidese afectar "á seguridade do Estado".

paralela coa Delegación do Ministerio e a Fundación Barrié para acadar fondos e materiais dun teleclub oficial. Segundo o artigo 5º dos estatutos do teleclub, o ámbito territorial de acción previsto para o TC estaba integrado polas localidades seguintes: Coto, Vilacorbe, Piñeiro, Erboredo, Seoane, Santo Estevo, Monte de Silva, Veiga de Armelore e Coea. O que sería a parroquia.

Juan Carlos, hoxe cura en Marei, e de familia de Coto-Folgosa, lembra a gran animación dos partidos de fútbol, das conferencias, a presenza de autoridades e de moita xente nas actividades O local, apegado á igrexa, refixose a partir doutra construción previa. Chegou a haber unha mesa de pin-pon, un pequeno bar (a onde viñan mozos doutras parroquias, como Franqueán). Nas partes de actividades, que era preceptivo enviar á Delegación para xustificar actividades trimestral ou semestralmente aparecen reflectidas moitas actividades: ao pouco da constitución ten lugar unha reunión de Extensión Agraria de Castroverde e en febreiro de 1974 xa se relata a creación de 6 comisións para encadrar aos socios e socias e repartir tarefas³⁰. **Houbo actividades tremendamente exitosas: como a de "Convivencias para matrimonios", ás que asistiron un ano 61 parellas e que se repetirá noutras ocasións con matrimonios doutras aldeas e tamén as "Convivencias para mozos"**³¹; nas actividades do primeiro semestre de 1974 destaca un curso de tractoristas, no que se podía conseguir o carné de condución do vehículo e que tamén validaba a parte teórica do carné de conducir de coches. Asistiron 39 homes e 5 mulleres; ou un curso sobre alimentación do gando e administración familiar impartido polo axente de Extensión Agraria de Castroverde.

No 76 hai cambio de monitor por cambio de residencia, pois o dinamizador inicial estaba de coengo en Madrid, e cambiaron as propostas. Dende 1978 a 1980 recíbense libros, o tocadiscos, que enviaba a Delegación de Cultura, etc, pero xa non había o nivel de actividade dos primeiros anos setenta. Aínda así, rexístranse moitas charlas, bailes e a presenza de moitos veciños e veciñas para veren certos programas de televisión (como o "Un, dos, tres"). Tampouco se deixaron de lado aspectos como a realización de obras comunitarias (camiños veciñais, botar firme...), sempre contando con prestación persoal de traballo e cesión gratuíta por parte dos propietarios dos terreos.

O teleclub de Farnadeiros



Antiga Escola reformada por e para o TC de Farnadeiros

Un caso tardío na constitución dos teleclubs, tanto no concello do Corgo como para o conxunto de Galicia, é o de San Estevo de Farnadeiros. Fundouse nos primeiros anos da democracia, en 1978, grazas a que o convenio coa Fundación Barrié seguía garantindo a creación con financiamento e prestación de material. O teleclub situouse na antiga escola, que era e segue sendo aínda o local electoral.

Conta Jose Ángel Rodríguez Arias, o primeiro secretario e monitor que a escola a rehabilitaron eles co diñeiro que lles concederan pola constitución do teleclub, e algo máis que houbo que poñer. Pero "non importaba gastar diñeiro polo puebllo". Antigamente no piso de arriba vivía a mestra, dona Pepita, cos seus fillos. A escola foi doazón da xente da parroquia, polo tanto é parroquial, non municipal, e así o tivo que testemuñar o Concello. Había un camiño, que hoxe é estrada que sae do desvío da vía rápida.

O promotor presidente do TC fora José Silva, un retornado de Venezuela que instalou unha granxa

(30) "Comisión 1 de Estudio e Formación Religiosa e Formación Profesional, Comisión 2 Deportivo-recreativa, Comisión 3 de Obras comunitarias, Comisión 4 de problemas e relacións humanas, Comisión 5 de decoración e reforma do TC e Comisión 6 de fondos e orzamentos".

(31) No 1974 repítese a Semana de convivencias para matrimonios (carácter socio-religioso subliñado) do 21 ao 31 de marzo con matrimonios de Folgosa e viúvas, e matrimonios doutras aldeas. As charlas impartíunas o reverendo Francisco García Campo e tres matrimonios. Os temas das convivencias, dos que cumpridamente se editou tarxeta-folleto para entregar como invitación foron: "Amor, La familia iglesia doméstica. Sintonía Sexual y paternidad responsable. La espiritualidad responsable. Confianza y diálogo en el Matrimonio. La educación de los hijos". As "Convivencias para mozos" (de ambos sexos maiores de 16 anos). 6 a 10 de Abril e incluían o "I trofeo juventud", conferencias, traballos en equipo sobre temas variados (amizade, ideais, diversión, valores, Cristo, a Virxe). A última convivencia foi presidida polo bispo de Lugo.

agrícola, moi preto do teleclub. “Era unha persoa que quería tirar polo pueblo, tiña coche, e facía os papeleos”. José Ángel estaba inserto nesa actividade sociopolítica propia da transición á democracia: o veterinario Baliela, de Gomeán, animara a uns mozos (entre eles a el) nunha asociación cultural e logo no PSOE³², pero o asesor para artellar o teleclub non fora ese, senón que foi o cura de Marei, don Eliseo, ao que visitaran en diversas ocasións, e animáraos e informáraos de onde pedir financiamento e que tipo de actividades facer. Incluso el mesmo se encargou de dar algunha charla (sobre a importancia dos pais na EXB, nunha semana cultural dun Nadal, na que tamén se falara da xuventude no rural, o desenvolvemento comunitario, a hixiene no campo, os cambios nas explotacións, etc.).

Na creación do teleclub entregouse a consabida Televisión (marca ELBE), e o tocadiscos marca Bettor Dual, con altofalantes, con autotransformador, con discos (lote da III Campaña en 1980), e unha biblioteca de 300 volumes, entre os que se contaban biografías e estudos de Larra, Beckett, Galileo, Teilhard de Chardin, Wallon, Mahoma, Xoán XXIII, Hobbes, Shopenhauer, ou Santo Tomás, entre outros moitísimos títulos da biblioteca básica Salvat ou a colección Austral, de socioloxía, literatura infantil, xardinería, a autobiografía de Federico Sánchez, Mujercitas, a Constitución ou coleccións de pintores clásicos.

As actividades do teleclub de Farnadeiros duraron pouco, catro ou cinco anos, porque “non había moito quen tirase” sinala a memoria popular, pero foron moi significativas, e o edificio, segue sendo de utilidade aínda hoxe³³.

O teleclub de Franqueán

Creouno en 1967 o cura párroco don Jaime Ceide³⁴. O segundo televisor da contorna e teleclub tivo o seu local nos baixos dunha casa que lle mercaron á familia Besteiro. Despois alguén cedeu un terreo, se cadra dunhas “folgadas”³⁵, preto do campo da festa (San Roque), e da escola (para que tamén cederan o terreo). Por alí tamén se colocou a báscula de gando. Era daquela un lugar común, encrucillada de camiños. Camiños que houbo que facer, e que forman parte dos logros do teleclub. No 1974 a súa directiva promove o ensanchamento e camiño á igrexa e o afirmado e sumidoiros.



Exterior actual do TC de Franqueán, remozado

O primeiro monitor foi Luciano Marbán, ao que sucedeu Domingo Pérez. Pero a proposta inicial eran dúas mozas as que se ocuparían do cargo de monitor. Dise que as mozas de Franqueán, e todo a aldea, sempre foi moi progresista, e que había moita igualdade entre xéneros. As mozas ían á última moda (minifaldas, bikinis), e as familias apostaban por que as mozas seguisen estudando, a pesar de que o habitual en España era que as mozas só seguisen as actividades da “Sección Femenina”, da que tamén había actividade en Gomeán, ou na parroquia. Tamén se di que en Franqueán, á parte de tradicións antigas “como eso de facer calaveras coas cabazas, que aquí se fixo sempre”, sempre se celebrou o Entroido, incluso no franquismo³⁶. Daquela había moi poucos medios “facíamos as caretas de caixas de zapatos, e pintábamolas con tizóns”. Por iso, a concesión do primeiro televisor e dun tocadiscos, e unha pequena biblioteca, cartelería, era un material que a xente de seguido aproveitou. Temos tamén en conta que a corrente eléctrica púxose en Franqueán no 1955 pero a 125 V, e os aparellos tiñan que levar transformador de voltaxe. O televisor recolleuse o 14 de agosto de 1967. E a inauguración do novo local foi na festa da Purísima de 1972, cando se tocou “jota e muiñeira”³⁷ ata altas horas da madrugada”. Tamén houbo gravacións de cancións populares e vilancicos no 72 estando uns montañeiros de paso.

(32) Chegara a presentarse nas municipais, e por apenas 8 votos non conseguira a acta de concelleiro, que si conseguira o veterinario Baliela, como cabeza de lista.

(33) É o caso do curso de bordado, da charla das Comisións Labregas ou da “peña quinieliística” que se montou “Solo eran homes os que acudían. Traíanse unhas caixas de refrescos. Xogábase a partida de tute ou birisca. Eran anos difíciles, e como non se gañaba nada, abandonouse...”. A peña era un medio máis de manter a ilusión e crear convivencia veciñal”.

(34) O párroco recibiu unha homenaxe en outono de 1972 polo seu labor, cunha placa que aínda está agora nesa área común na que se pode ler “A súa confianza en nós fainos sentir esperanza no noso futuro”

(35) Podían ser faixas de terreo que van dende a linde propia até un espazo común, como camiños ou regatos.

(36) Na época da ditadura o Entroido e as máscaras, bromas á autoridade e outros non estaban permitidos.

(37) Parece ser que eran os bailes da Sección Femenina, xa bastante “peneirados”. A xente de antes, realmente cando ía bailar dicía “ir de rúa a...”, ou “hai rúa en...”

Nos "guateques" dos domingos e algunha festa soaban os discos. Houbo un cartel de grandes dimensións de Serrat, un dos favoritos da xente, que tamén escoitaba a Patxi Andión, Víctor Manu-el, Mari Trini, Los Módulos, Julio Iglesias, Camilo Sexto, Nino Bravo, etc. O tocadiscos amañábo a veces un veciño, substituíndo a agulla lectora por un pauciño afiado de carballo. Pola noite, preparados cun bra-seiro para escorrentar o frío, chegaban os máis vellos para botar a partida e ver a televisión (lémbra-se "Gala del sábado" especialmente). Tamén se realizaron as actividades no marco de Ciclos Culturais da Delegación da primavera do 73.

A Directiva do teleclub realizaba eleccións cada tanto, como era preceptivo. Decidiábase quen se encargaba de abrir, pechar, pedir os fondos para o bar, tamén o encargado da contabilidade, e acordábanse prezos para que se mantivera o servizo. Había unhas cotas, e incluso socios honorarios que doaran cantidades grandes sobre todo dos estaban en Madrid na emigración. Das actividades máis lembradas son o Belén inmenso que se poñía polo Nadal, os magostos, o baile tradicional (que o houbo porque parece que as mozas aprendían na "Sección Femenina" en Gomeán), as excursións a cargo de Extensión Agraria de Castroverde, guiadas por José Recimil³⁸, onde se sentiron "internacionales".

A grande importancia do teleclub remata "cando chegan os televisores ás casas". Ata o 2008 no que se reformou o edificio, estivo abandonado e perdéndose material.

CONCLUSION

Sabemos que isto só é unha pequenísima achega ao coñecemento xeral do labor e presenza dos teleclubs no concello do Corgo. Aínda queda moita historia, viva, que escoitar e contar, e que para esta edición non foi posible recompilar. Abre o interese a moitas temáticas da época, que haberá que seguir recollendo.

A nosa pretensión nestas páxinas foi facer mención a unha iniciativa que para a altura dos anos 60 e 70, -e só entendendo o tecido sociocultural da época se pode entender-, foi encomiable, pioneira, dinamizadora, e que non só o foi no eido das tecnoloxías de comunicación, como na bibliografía se reflicte, senón no cultural e no comunitario, que deixou unha pegada necesaria para o que logo foi a Democracia. Os teleclubs foron lugares de ocio, pero tamén, e sobre todo, lugares de convivencia, centros para a mellora da comunidade, que sentiu neles un motor tractor ao que engancharse.

BIBLIOGRAFIA

Revistas:

- Boletíns Teleclub. Madrid. Editados por JCITE. 1966-1971
- Boletíns Teleclub Galicia. Edita Delegación JCITE Lugo, e A Coruña. 1971-1974
- Teleclub MAREY (memorias autoeditadas) Navidad 71, Navidad 1972-73, Navidad 1973-1974
- Agenda Sindical, 1971, 1972, Delegación de la Organización Sindical Española.
- Agenda Tiempo Nuevo 1963. Organización Sindical Española

Monografías:

- Fundación Pedro Barrié de la Maza, *I Centenario de D Pedro Barrié de la Maza*, A Coruña. 1988
- TRANCHE, R. ; SÁNCHEZ-BIOSCA, V., (2001), *NODO, el tiempo y la Memoria*, Cátedra/Filmoteca
- COLLARTE PÉREZ, A., *Labregos no franquismo*, Ourense, Difusora das Letras. 2006
- FERNANDEZ FREIXANES, V. *Doce gallegos*. Plaza y Janés 1979

FOTOGRAFÍAS:

- 1: Cartel do calendario do TC de Marei.
- 2: Placa externa no TC de Marei, da Extensión Agraria de Sarria.
- 3: Cartel do Ministerio de Agricultura, do Desenvolvemento Comunitario, para os nosos fillos.
- 4: Oco de proxección cara o salón do TC de Marei, xa coa foto dos Reis constitucionais.
- 5: Exterior do TC de Marei 2011.
- 6: Cabina de Teléfono público de Marei.
- 7: Ciclos culturais organizados dende a Delegación do MIT.
- 8: Exterior actual do TC de Franqueán, remozado.
- 9: Tocadoiros Bettor dual, para os TC.
- 10: Antiga Escola reformada por e para o TC de Farnadeiros.
- 11: Libros das bibliotecas dos TC.
- 12: Discos das discotecas dos TC.

(38) Jose Recimil foi o promotor do teleclub de Gomeán. Tamén sería Parlamentario galego dende 1983. Deixamos a referencia ao TC de Gomeán para outro momento da investigación, polo escaso e contradictorio dos datos até o de agora atopados.

RESUMO

No presente artigo achéganse algunhas peculiaridades do léxico coloquial oral da parroquia de Queizán partindo dos datos do material recolleito nas gravacións que realicei hai máis de vinte e cinco anos e da miña experiencia persoal como falante natural desta freguesía.

Concentro a pescuda nos castelanismos e nos dialectalismos. Dentro dos primeiros distingo aqueles exemplos nos que se detecta a convivencia da forma galega e da castelá ao mesmo tempo, se ben a solución propia case sempre restrinxe o seu significado. Noutros casos atópase unha adaptación dos castelanismos á fonoloxía do galego; ás veces os castelanismos perseguen unha finalidade expresiva en oracións exclamativas ou desiderativas. Por último, hai castelanismos plenos especialmente en campos léxicos relacionados coa función cultural da lingua.

Nos dialectalismos analizo algúns campos semánticos do léxico patrimonial e centro a esculca naqueles que son específicos da nosa área xeográfica.

PALABRAS CLAVE

Léxico, interferencia lingüística, castelanismo, dialectalismo.

1 INTRODUCCION

Este traballo ten unha relación de continuidade co artigo que redactei para o segundo número de *Corga*¹ e, tal e como subliñaba alí, é debedor da morea de estudos lexicais realizados no seo do departamento de Lingüística Románica da Universidade de Santiago dende a década dos sesenta ata ben entrados os anos oitenta do pasado século.

A maior parte destas investigacións tiñan o obxecto de describir o léxico patrimonial e analizar as interferencias lingüísticas e os desvíos da norma na fala dunha parroquia ou concello da xeografía lingüística galega e todas cubrían o noso territorio como se fose unha malla.

Na miña memoria de licenciatura, *O galego en Queizán (O Corgo)*, do ano 1986 dediquei un extenso capítulo á descrición do léxico da

Castro Castedo, Xosé Manuel

xose.manuelcastro@edu.xunta.es

Licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC

Profesor de Ensino Secundario no IES Ánxel Fole (Lugo)

parroquia. Para o traballo de campo partín do cuestionario do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, elaborado no 1974 polo departamento universitario antes citado, que abrangüa cuestións fonéticas, gramaticais e léxicas². A miña recolleita de palabras e frases feitas patrimoniais foi clasificada por campos semánticos de acordo coa organización do referido cuestionario. E logo das entradas, figuraban a transcripción fonética das mesmas e as definicións que nos proporcionaran os informantes.



Non pretendo plasmar aquí a mesma estrutura e exhaustividade a xeito de glosario que convertería o artigo nun material complexo e pesado para os lectores, senón que me vou centrar na análise dalgúns termos ou frases propias da parroquia de Queizán que son pertinentes desde diversos puntos de vista e que, na maior parte dos casos, se poden xeneralizar ás falas do resto das parroquias do concello do Corgo.

Sen entrar na realidade da sangría poboacional que sufriu e que aínda está a sufrir o mundo rural galego e que inflúe, xunto coa autoxenreira e os prexuízos lingüísticos, na perda da transmisión xeracional da lingua naqueles falantes primarios que emigraron a núcleos urbanos, hoxe estanse a perder as últimas xeracións que manteñen a súa variedade local sen se veren interferidos pola

(1) Véxase "O galego de Queizán. Vocalismo, consonantismo e fonética sintáctica" en *Corga* 2, pp. 6-17.

(2) Departamento de Filoloxía Románica, *Atlas Lingüístico Galego. Cuestionario*, Santiago de Compostela, 1974.

variedade estándar imposta nun ensino pouco propicio ao desenvolvemento da lingua galega.

Pero certamente a nosa fala contribúe, aínda que sexa de xeito modesto, ao enriquecemento lingüístico do galego, pois o léxico e os textos que forman parte da miña memoria de licenciatura antes citada foron lematizados no corpus da lingua oral coloquial do primeiro e polo momento único dicionario publicado de frecuencias da lingua galega³.

2 A PRESENZA DE INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS NO GALEGO DE QUEIZÁN

As interferencias son un fenómeno característico de linguas en contacto: unha das linguas sofre cambios e deturpacións pola influencia da outra. No noso caso, cun conflito lingüístico no que conviven en situación de desigualdade dúas linguas desde hai séculos, as interferencias máis graves e numerosas padéceas o galego.

Como sinalaba moi acertadamente o profesor Graña Núñez⁴, é no apartado do léxico galego onde se detecta con maior intensidade o fenómeno das interferencias lingüísticas centradas na constante presenza dos castelanismos.

Aínda que se está a referir ao galego de Santiago de Compostela, Francisco Dubert García atina na valoración real deste problema:

Dada a proximidade entre os dous idiomas, e como consecuencia da xerarquía que se estableceu entre eles, o castelán non só lle foi subministrando léxico ó galego (de modo que a renovación léxica do galego popular se fixo a través do castelán) senón que, co paso do tempo, (...) tamén o teito condicionou a gramática da lingua cuberta. Isto significa que o galego se mostrou (de feito aínda o fai) como unha variedade lingüística aberta fronte ó castelán⁵.

Xa que logo, a lingua galega na súa vertente verbal vese afectada pola constante presenza de léxico procedente dunha lingua castelá cun status social de lingua dominante e a fala da parroquia de Queizán non é allea a esta esmagadora influencia dos castelanismos.

2.1 Os castelanismos

Entendemos por castelanismos aquelas palabras do castelán que constitúen préstamos inxustificadas por existiren na nosa lingua os termos correspondentes e que son froito da longa convivencia diglósica e de conflito entre as dúas linguas.

Evidentemente, o galego que estou a analizar, por ser unha variedade pertencente á lingua oral, vai presentar un maior índice de castelanismos nos campos semánticos vencellados ao mundo da cultura e do saber como son o ámbito espiritual ou o do ensino. Así temos castelanismos léxicos como “comulgar”, “campana” ou “escuela”. A igrexa e a escola foron os axentes castelanizadores do mundo rural galego ao longo do século XX. Lémbrese, a xeito de mostra, a lamentable influencia que tiveron os mestres de primeira ensinanza na práctica desaparición da gheada na nosa provincia.

Seguindo en parte o traballo antes citado de Xosé Graña, vou distinguir catro apartados dentro dos castelanismos léxicos do galego de Queizán.

a) Convivencia da forma galega co castelanismo

Trátase con certeza dun paso intermedio antes da probable perda do vocábulo galego, pois, aínda que se constata a existencia das dúas formas, realmente o termo propio sufriu unha grande restrición no seu significado, manténdose naqueles contextos máis tradicionais ou enxebres. Exemplos de pares localizados na fala da parroquia son:

Nó /**nudo*. Meu pai tenme lembrado moitas veces, cando estaba a desfacer un coto con moitos nós para leña e, polo tanto, máis difícil de partir, unha frase que tiña oído aos seus maiores: “*perdono todo, menos ao *nó*”. No entanto o castelanismo **nudo* vaise usar en calquera outro contexto.

(3) Cfr. M^a X. BUGARÍN LÓPEZ, *O galego fundamental: dicionario de frecuencias*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2007, p.72.

(4) Véxase X. GRAÑA NÚÑEZ, *Vacilacións, interferencias e outros pecados da lingua galega*, Vigo: Ir Indo, 1993, pp. 87-151. Neste amplo capítulo estuda detalladamente os castelanismos e outras desviacións do corpus estándar.

(5) Cfr. F. DUBERT GARCÍA, *Aspectos da fala de Santiago de Compostela*, anexo 44 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela, 1999, p. 239.

Cunca /*taza. A informante que me proporcionou a palabra *cunca* caracterizouna como o recipiente de barro onde se comía o caldo. O mercado introduciu o castelanismo *taza co utensilio de louza ou de porcelana comprado nunha tenda.

Alugado /*alquilado. Antigamente, cando non había mecanización e os cereais se segaban co fouchiño, era preciso procurar man de obra que realizase estes duros labores. E por iso con frecuencia se contrataban cuadrillas de segadores que eran denominados *alugados* e que aínda conservan na memoria os falantes maiores. Noutras circunstancias estes mesmos falantes empregarían o castelanismo *alquilado*.

Moa /*muela. A *moa* é a pedra coa que se afían as ferramentas ou os coitelos, mentres que o castelanismo *muela designa á peza dentaria dos seres humanos ou dos animais.

Ganduxar /*hilvanar. Neste par pódese afirmar que conviven as dúas solucións incluso na mesma informante, pero serán as novas xeracións as que utilicen máis o castelanismo.

Muxidora /*ordeñadora. Noutros tempos eran as mulleres as encargadas do labor de extraer o leite dos tetos da vaca. E se a acción se denominaba *muxir*, as persoas que realizaban esta tarefa eran as *muxidoras*. Agora é un traballo mecanizado e o aparello que o realiza denomínano co castelanismo *ordeñadora, porque se comprou nun mercado castelanizado. Por esta vía tamén se está a substituír *muxir* por *ordeñar.

Billa /*grifo. É un exemplo semellante ao anterior no seu uso. A *billa* para un falante da nosa parroquia é a chave da barrica ou do bocoi de viño, pero cando está a aludir a unha chave de auga da cociña ou do baño que comprou nunha tenda de saneamentos vai utilizar o castelanismo *grifo.

Ril /*riñón. *Ril* é empregado para denominar os dous órganos situados na rexión lumbar dos porcos ou de calquera outro animal doméstico, mentres que *riñón se aplica aos mesmos órganos que temos os seres humanos.

Misto /*cerilla. O falante, que me forneceu as dúas palabras no mesmo contexto, usa o castelanismo *cirillas con harmonización vocálica en tres

ocasións e soamente unha vez a solución galega. Reproduzo unha das frases para que se perciba que el entende que cómpre aclarar o significado co emprego do castelanismo: “Alá riscaba un *carajo dun *misto* daqueles, as *cirillas, o que eran as *cirillas”.

Capela /*capilla. A *capela* era a parte superior do palleiro que se facía a semellanza do teito dunha capela, no entanto o lugar de culto desígnase co castelanismo *capilla.

- b) Adaptación do castelanismo á fonoloxía galega

Ás veces o castelanismo aparece disfrazado. Aparentemente o vocábulo mantén a fonoloxía propia do galego, pero na realidade non respecta as leis da fonética histórica e adapta a solución castelá.

Dado que moitas palabras que posúen en castelán o fonema /x/ correspóndense no galego co fonema /š/ como se pode comprobar nos pares *jergón / xergón, *jurar / xurar ou *cojo / coxo, na fala da miña parroquia van atoparse outros casos que non responden a esta equivalencia. Así localízanse exemplos como *baraxa e *baraxar por *baralla* e *barallar*, *cascaxo por *cascallo*, *conexo por *coello* ou *calexón por *calella*.

Noutro grupo de palabras que fornezo a adaptación non deixa de ser unha especie de despropósito, porque o castelanismo adaptado e a forma propia galega nada teñen en común: *botixo por *porrón*, *lexos por *lonxe* ou *cuchilo por *coitelo*. Neste último detéctase a presenza do castelanismo pleno, a forma castelá agalegada e o dialectalismo propio da nosa área: *cuchillo / *cuchilo / *cuitelo*.

- c) Castelanismos con funcionalidade expresiva

Na fala de Queizán hai castelanismos, introducidos xeralmente en oracións exclamativas ou desiderativas, que están empregados á mantenta por vontade dos informantes. Cumpren un papel de reforzo expresivo na propia frase na que se insiren. A seguir recollo algunhas frases tiradas dos textos da miña memoria de licenciatura:

Antes había muita miseria, **mucha* pobreza!
 **Muchos* **cientos* afie!
 Tan **bien* afiados!
 Como os **gitanos* son tan **ligeros*!

Mucha* e **muchos* intensifican a cantidade que xa aporta o indefinido en si, de tal xeito que engaden un valor superlativo: “mucha* pobreza” significa para o emisor unha pobreza moito maior que “muita pobreza” e **muchos* acompañado do castelanismo **cientos* reforza a grande cantidade de coitelos que o falante foi quen de afiar ao longo da súa vida. Na terceira frase **bien* aporta o matiz intensificador de traballo sumamente ben feito nun afiador de coitelos con sona de chapuceiro.

Na cuarta, **ligeros* é un castelanismo que cumpre unha funcionalidade expresiva, porque consolida o cualificativo que o informante atribúe aos xitanos converténdoo en superlativo, aínda que estruturalmente sexa unha construción comparativa sen segundo termo explícito.

O valor superlativo ou grao máximo, que adquiren os castelanismos citados, poida que estea en relación directa co papel que atribúe a mente do falante ao castelán como lingua dominante ou superior, fronte ao rol de lingua dominada ou inferior adxudicado ao galego. En definitiva é unha mostra clara, na elección persoal que realiza o emisor, de substitución lingüística cunha finalidade expresiva.

d) Castelanismos plenos

Coma xa quedou remarcado anteriormente, os castelanismos léxicos da fala de Queizán, do mesmo xeito que os das outras da xeografía lingüística galega, vanse encontrar en maior medida nos campos semánticos que teñen que ver coa función cultural da lingua. O galego mantívose desterrado desta función ata que entrou timidamente nos eidos do ensino e da administración autonómica a comezos dos anos oitenta do pasado século.

Polo tanto, os meus informantes, a maior parte xa maiores cando efectuei a recolleita de campo a mediados da década dos oitenta, só tiveran contacto directo cunha administración e un ensino castelanizantes, o que explica o uso dos castelanismos plenos cando se están a referir a estes temas.

Algúns exemplos compilados no campo semántico do ensino son: **escuela*, **maestro*, **ingeniero*, **enseñar*, **magisterio*, **bachillerato*, **reglas*, **ochenta* ou **quinientos*.

No eido da relixión —a igrexa católica desempeñou un influente papel de axente castelanizador no rural galego— temos expresións como **válgame Dios!* ou **válgame a Virgen!* e palabras como **iglesia*, **capilla*, **campana* ou **comulgar*.

Algúns dos informantes do meu traballo participaron activamente no loita fratricida da Guerra Civil Española e, ao relatar a súa terrible experiencia con sufrimentos de todo tipo e con feridas físicas e morais, van usar castelanismos propios do contexto da contenda: **regimiento*, **sangre*, **camilla*, **camillero*, **tuberculosis*, **ejército do pueblo* ou **movimiento nacional*.

Tamén se detectan interferencias castelás vencelladas á linguaxe da administración: **carretera*, **calle*, **jornal* ou **jubilarse*. O termo **compuestos* alude aos pensos que se compran en almacéns para alimentar ao gando. Algúns nomes de parentesco como **abuelo* ou **bisabuelo* e nomes propios de persoa como **José*, **Josefa* ou **Juana* demostran ata onde chegou a imposición do idioma oficial do estado.

Finalmente cómpre engadir unha listaxe de castelanismos que non son susceptibles de encaixar en campos léxicos específicos: **chorizo*, **juerga*, **piel*, **jamás*, **suerte*, **fuerte*, **suela*, **bestia*, **bueno*, **muela*, **bolsillo*, ou **ejemplo*.

3 OS DIALECTALISMOS

Neste apartado non pretendo analizar os dialectalismos fonéticos presentes na fala desta parroquia como *luita*, *truita* ou *quando* nin os dialectalismos morfolóxicos do tipo *irmau* ou *operaciós*, porque xa foron desenvolvidos no meu artigo antes citado.

(6) Para relacionar a fala obxecto de estudo con outras, remito aos seguintes glosarios ou vocabularios:
 C. GARCÍA, *Glosario de voces galegas de hoxe*, anexo 27 de *Verba*, U. de Santiago de Compostela, 1985.
 A. OTERO, *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Anexo 8 de *Verba*, U. de Santiago de Compostela, 1977.
 E. RIVAS QUINTAS, *Frampas. Contribución al diccionario gallego*, Salamanca: Ceme, 1978.
 E. RIVAS QUINTAS, *FrampasII. Contribución al diccionario gallego*, Lugo: Alvarellos, 1988.
 X. L. VÁZQUEZ SOMOZA, *O galego en Zolle* (Guntín), Lugo: Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2010.

O meu desexo é centrarme nos dialectalismos léxicos característicos do galego de Queizán que comparte coas falas da súa contorna⁶.

O profesor Constantino García, no seu *Glosario de voces galegas de hoxe*, rexistra léxico patrimonial de todo o territorio lingüístico galego que foi colectado por unha serie de estudosos de campo vencellados ao Departamento de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago e co que realizaron teses e tesinas no seo do antedito departamento universitario.

Unha destas investigacións, levada a cabo por M. I. Vázquez Fernández, arquiva o léxico da fala de San Xulián de Pereiramá, parroquia pertencente ao concello de Castroverde, moi próxima xeograficamente a Queizán e con quen comparte moitos dialectalismos.

A continuación vou analizar algúns destes dialectalismos clasificados por campos semánticos que partillamos as dúas falas, ás veces en exclusiva e noutros casos con dialectos máis orientais ou con outras zonas de Galicia.

a) O tempo

Cando o día está a vencer á noite falamos en Queizán e en Pereiramá de *lumbriga-lo día*. E nunha xornada de tormenta coincidimos co verbo *lustrigar*, no entanto o substantivo correspondente é *lustrigo* en Queizán, mentres que en Pereiramá usan *lústrigo*.

Na nosa parroquia o participio de enxugar é o dialectalismo *enxuito* que se atopa no galego oriental e na comarca bergantiñá. Outro que compartimos coa área oriental (Burón, Suarna, San Jorge) e con Pereiramá é *remunín*, variante de *remuíño*.

Para indicar a choiva miúda, tan característica do noso país, existen moitas denominacións. Nós empregamos, sobre todo, os termos *marmuzada*, *marmuzar* e *zarzallo*, *zarzallar*, sen esquecer os comúns a todo o territorio *orballo* e *orballar*. E logo cando a auga cae con moita intensidade utilizamos o substantivo *torbón* como moitas falas próximas (Pereiramá, Zolle, Friol, Burón...).

b) O espazo e as súas relacións

Cando a auga dunha fonte ou manancial sae con moita presión falamos de *golfarón* de auga, que tamén se atopa en Zolle e en Friol.

O pequeno muro ou valado que se constrúe nos laterais dunha ponte denomínase *peituril*, e de igual xeito o antepeito dunha ventá. Con este segundo significado detectámolo en lugares tan afastados como Goiás, Ramirás e Guntín.

Penaleira é un terreo con moitas penas a flor de terra, e polo tanto difícil de labrar (tamén en Guntín). Mentres que unha terra que ten *sabredo* (*sabredo* en San Jorge) é aquela que contén pedras moi doadas de desfacer.

c) Agricultura

Un pequeno propietario que ten poucas fincas e ademais de reducida extensión recibe o nome de *cortelleiro*. Posiblemente veña de *cortello*, a corte destinada aos porcos que sempre era de menor categoría que as das vacas.

Acolar as patacas (Pereiramá e San Jorge) é a acción de achegarlles a terra ao pé delas coa finalidade de fixar a raíz e que medren con máis forza, mentres que *achaiar as patacas* se realiza coa recolleita das mesmas. Unha vez abertas co arado, *achaiar* consiste en deixar chan o rego co sacho, buscando previamente os tubérculos que puidesen ficar ocultos na terra.

Nunha parroquia con oficios artesanais como foi Queizán, as *angarelas* -variante de *angarellas*- eran moi necesarias para transportar cargas ao lombo dunha besta, dun cabalo ou dun burro. Estas cargas atábanse ao animal cunha corda chamada *arreata*, variante de *reata*. As *apeazas*, que partillamos con Pereiramá, son correas de coiro coas que se xunguían as vacas ou os bois ao xugo. E as cargas do carro, hoxe do tractor, átanse co *trelo*.

Denomínase *pallar* (usual no galego oriental da provincia de Lugo) á finca na que xa se recolleu o trigo ou o centeo e o que fica na terra despois da

(1) A partir de agora indicarei entre paréntese os nomes dos diferentes lugares que coinciden coa solución do galego de Queizán. Se non aparece ningún, daquela vaise tratar dun dialectalismo común ou moi frecuente nas falas galegas

sega recibe o nome de *cañoto*. Dentro dos traballos que se levaban a cabo na malla estaba o de *cuañar* o *cuaño*, as espigas baleiras que aparecían mesturadas co gran, que se varrían coa *cuañeira*, unha vasoira feita de xestas. Cando se mallaba co *malle*, cumpría *axila-lo pan*, ou sexa peneirar o centeo para separar os últimos restos de palla.

A acción de segar a herba chámase *gadañar*, porque se realizaba coa *gadaña*; e o espazo de herba que corta cada segador désígnase coa palabra *marañó* (Valadouro). Para que a *gadaña* corte ben, cómpre *cravuñala* dándolle golpes cun martelo e apoiada na *ingre* (Crecente, Guntín, Incio); e a pedra para afiala na veiga gárdase na *tubeira* (Crecente), unha especie de tubo que se suxeita á cintura cun gancho. A ferramenta coa que se recolle os restos de herba que poden quedar no prado denomínase *angaza* (Guntín).

A *fouz* (Crecente e Pereiramá) -variante da voz común fouce- é o nome dun apeiro característico da fala de Queizán. Esta e todas as outras ferramentas levan un mango longo de madeira que se coñece co nome de *rabizo* (Suarna, San Jorge).

Falamos de *derregar* cando queremos delimitar os lindes dunha propiedade cun rego que vai marcar o límite entre dous leiros veciños e que recibe o nome de *derrego*. O *madoiro* (Guntín, Pereiramá, Zolle) tamén é un rego que se fai polo medio dunha leira coa finalidade de que corra a auga no inverno e non *apoce* ou ben para que distribúa a auga no tempo da rega. E os *coudullos* (San Jorge) son os regos que se aran na cabeceira dunha finca para así aproveitar toda a súa superficie.

Chamámoslle *caneira* (Cedofeita, Crecente, Pereiramá) ao conxunto formado polo talo e a vaíña das fabas ou ao talo seco do millo. E cando as caneiras van secas e se apañan da terra, entón vén a acción de *bullar* -variante de debullar- as fabas, é dicir, extraelas das vaíñas.

d) O pan

O pan é imprescindible na alimentación humana e a súa elaboración foi unha actividade fundamental nas casas. Cunha pouca masa deixada da cocedura anterior, que recibe o nome de *arrequento* -variante de requento (Friol e Guntín)-, faise o *formento* a véspera de cocer. Ao día



seguinte amásase a fariña na artesa con auga non moi quente e un pouco de sal. Logo déixase *leidar* (Pereiramá) durante un tempo, e, de seguido, vén a acción de *roxar* o forno que consiste en quentalo con leña e de cando en cando hai que *escubillar* cun pao, isto é, remover a leña polo forno para que arda mellor. Unha vez quente retíranse as brasas e a cinza polo *fucil*, buraco que está a un lado do forno. Cando estea *leido*, hai que *tender o pan* no *tendal* para despois *enformar* cunha *pa* e agardar a que coza.

e) As plantas



Os *castiñeiros* son árbores xenerosas, porque, ademais da excelente calidade da súa madeira para facer mobles e dos *pólos* (Pereiramá) que así se chaman as pólas gordas usadas na construción de casas e outros anexos, dan un prezado froito, a castaña, que librou da fame a moitos dos nosos antepasados. En Queizán alcuman *roupa vella* á flor do castiñeiro cando cae ao chan seca. As castañas están dentro dos *urizos*, de cor verde e cubertos de pinchos, e estes pódense *sacudir* cunha vara longa para posteriormente transportar ás *uriceiras*, onde se depositan para que maduren e, tapados con estrume, se gardan para consumir despois na primavera. Neste tempo cóllese unha *larada*, o conxunto de *urizos* da *uriceira* que se estenden de cada vez para retirarlles as castañas. Pero tamén se pode esperar a que caian e entón apáñanse na *rebusca*, o traballo diario de ir buscalas ao *souto*.

O *magosto* é unha xuntanza festiva, felizmente moi viva, na que se asan as castañas xa apañadas. Antes de asalas é preciso *anozcalas*, isto é, darlles un pequeno corte para evitar que estoupen cando se están a asar. Os *bullós* (Guntín, A Mezquita, Verín, Vilardevós) son as castañas asadas e peladas, mentres que as *mamelas* (Suarna) son as cocidas con casca e os *bagutos* (San Jorge) son as primeiras que caen soas da árbore.

Nas árbores rexístrase algún dialectalismo característico da nosa área: o *biouteiro* (*bigouteiro* en Pereiramá) –variante de bieiteiro– e entre as froiteiras encóntrase o *pumar* (Pereiramá, Burón, Suarna, San Jorge).

O *birillo* é a raíz do nabo e *esbirillar* é cortarlle a súa raíz. A semente desta planta noméase *nebiña*, coa vogal pretónica aberta, e a da col desígnase *colíña*.

Entre as plantas daniñas, atópase a *millaca* (Pereiramá), coñecida con este nome por medrar preferentemente entre o millo, a *curriola* (Compostela, Pedrafita, Incio) –variante de correola– e o *samarco*, variante de saramago.

f) Os animais

O *ronco* (termo usual no galego oriental) é o verme da froita e o que se cría na carne de porco salgada é a *careixa* (Guntín, Pereiramá, Pantón, Montederramo). O *bérrago* é outro verme que ataca ao gando vacún.

Un insecto con antenas articuladas e abdome con dúas pinzas que se pode ver entre a gra é a *cadela ladreta*, variante de cadela lareta. O *tártago* é outro insecto máis grande có *tabao* que inocula veneno coa súa picadura e que vive en ocos de árbores como os *carochos*.

O molusco de cor negra que segrega baba en abundancia recibe o nome de *alimacha* (Guntín, Pedrafita, Incio), variante de lesma. Coñécese por *teipe* (Pereiramá) o mamífero con ollos atrofiados e patas dianteiras coas que cavan a terra das *teipiñeiras* ou galerías. A *dunicela* (Friol, Pereiramá) é un mamífero carnívoro máis grande có *rato*, de corpo alongado e pel de cor parda no lombo e branca no ventre. Pola súa axilidade caza *ratos* e *teipes*.



A vaca, despois de parir, ás veces ten *repoxos* –variante de *repochos* (San Jorge)– no ubre, é dicir, este ten moita cantidade de leite porque se estanca. Cando o becerro ou cuxo dá golpes contra o ubre da nai, dicimos que está a *sopeixar* (Incio). Hai vacas que son difíciles de muxir, pois dan patadas; entón átanse cunha corda, o *arcoxo* (Razo, Burón, Suarna), desde os cascós dunha pata dianteira ata a parte superior da *xugadeira* (Pereiramá, Incio) dunha traseira. Frecuentemente as vacas déitanse na corte sobre a propia *bosta* ou *boleira* (Crecente, Incio), entón van

permanecer no seu pelo unhas bólas que son as *cazcarras* (Burón, Suarna, Incio). Cando se levan coa corda pola man coa finalidade de que pazan e non coman ningún outro froito, daquela estanse a *alindar* (Cabalar, Valadouro, Cedofeita, Burón, Suarna).

Os porcos coñécense mais ben por cochos e cébanse todo o ano para o día da *mata*, normalmente nos meses de novembro ou decembro, que é dirixida polo *machetín* (Compostela, Sobrado, Friol, Zolle). Unha vez mortos, despois de *escaldalos* en auga quente, *ráspanse* as *sedas* coas *raspas*. Terminada esta tarefa, cólganse nunha viga co *chambaril* (Burón, Suarna, Incio) polas patas traseiras e ábrense pola barriga, con ese olor ao *fresquío*, retirando o *fidago* (Feás, Curtis, Sobrado, Guitiriz, Pereiramá), os *liviaos*, o *entripado* (Santa Comba, Zolle), o *ventrullo* e o *unto*. As mulleres teñen logo de *desentreteñar* -variante de *desentretiñar* (Caaveiro, Valadouro, Guitiriz, Pereiramá)- ou

despartir as tripas, isto é, separar o tecido graxo das tripas.

Ao día seguinte, no momento de cortalos, retíranse as *molas* (Cedofeita, Pereiramá, Burón, Suarna) da *cachola* para facer despois con elas un caldo de castañas. O entrecostro (Feás, Incio, Zolle), ou carne de *freba* que hai entre as costelas, é moi apreciado, e por iso se agasalla ou se intercambia entre veciños e amigos que aínda non realizaron este labor. O *machetín* continúa a tallar as distintas pezas -como os *xamós*, os *lacós*, os *touciños*, as *cacholas*, os *dentes* ou as *uñas*- para salgalas máis tarde, e entrementes as mulleres se organizan para picar a carne, para despois preparar a *zorza*, e os *roxós*. Da *longainza* (Guitiriz, Zolle, Pereiramá, Suarna), ou carne picada dos *liviaos* dos cochos, fanse os *chanfainos* (Compostela, Friol, Guitiriz, Pereiramá, Guntín).



4 CONCLUSIÓNS

No galego de Queizán, como no resto das falas galegas, detéctase a presenza de interferencias lingüísticas da lingua hexemónica que é o castelán. Estes castelanismos maniféstanse baixo diferentes máscaras que pretenden ocultar e nunca resolver o verdadeiro problema:


- a) A convivencia da forma galega co castelanismo. Esta coexistencia sempre é conflitiva, porque non deixa de ser un paso intermedio na previsible desaparición do termo propio.
- b) Adaptación do castelanismo á fonoloxía galega. Neste caso o castelanismo aparece disfrazado con vestimenta galega, pero non deixa de ser unha fórmula provisoria antes da imposición da solución allea.
- c) Castelanismos con funcionalidade expresiva. Demostran claramente a escasa valorización que ten para o falante nativo a lingua propia e a mitificación que fai da allea.
- d) Castelanismos plenos. Penetraron sen ningún impedimento a través dos axentes castelanizadores máis activos no rural galego: a escola, a igrexa e a administración.

Despois da análise dos dialectalismos descritos pódese inferir que a nosa fala, ademais de partillar moito vocabulario coa de San Xulián de Pereiramá (Castroverde) pola proximidade xeográfica, comparte un bo feixe de palabras coas falas máis orientais do territorio galego (Cedofeita, San Jorge de Piquín, Burón, San Martín de Suarna, Pedrafita), con moitos lugares do Bloque Central preferentemente da área mindoniense (Valadouro, Crecente, Guitiriz) e con algúns outros emprazamentos relativamente próximos como Zolle.

Sería desexable continuar coa esculca dos dialectalismos léxicos para barallar un corpus máis amplo que permitise tirar conclusións máis obxectivas, pero polo visto parece deducirse que o léxico do galego de Queizán coincide nunha grande porcentaxe co do galego máis oriental da provincia de Lugo.

5 BIBLIOGRAFÍA

- BUGARÍN LÓPEZ, María Xesús. *O galego fundamental: diccionario de frecuencias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2007.
- CASTRO CASTEDO, Xosé Manuel. "O galego de Queizán. Vocalismo, consonantismo e fonética sintáctica". *Corga*. Centro de Estudos do Corgo. 2011, N° 2, pp. 6-17.
- COUCEIRO, José Luis. *El habla de Feás*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade (anexo 5 de *Verba*), 1976.
- DUBERT GARCÍA, Francisco. *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade (anexo 44 de *Verba*), 1999.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco. *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais, 1990.
- FRAGA GARCÍA, Ramón. "Notas etno-lingüísticas da terra de melide: O pan". *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela. 1975, vol. 2, pp. 225-236.
- GARCÍA, Constantino. *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade (anexo 27 de *Verba*), 1985.
- GRAÑA NUÑEZ, Xosé. *Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega*. Vigo: Ir Indo, 1993.
- LÓPEZ FACAL, Susana. "Notas etno-lingüísticas de Toba (Cee)". *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela. 1975, vol.. 2, 237-293.
- PORTO DAPENA, J. Álvaro. *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade (anexo 9 de *Verba*), 1977.
- RIVAS QUINTAS, Eligio. *Frapas. Contribución al diccionario gallego*. Salamanca: Ceme, 1978.
- RIVAS QUINTAS, Eligio. *Frapas II. Contribución al diccionario gallego*. Lugo: Alvarellos, 1988.
- TABOADA, Manuel. *El habla del valle de Verín*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da universidade (anexo 15 de *Verba*), 1979.
- VÁZQUEZ SOMOZA, Xosé Luís. *O galego en Zolle (Guntín)*. Lugo: Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2010.



RESUMO

O “pai dos ríos galegos”, o Miño, nace nas estribacións da Serra de Meira (Lugo), a uns 700 metros de altitude, na paraxe coñecida como Pedregal de Irimia. Vai discorrendo por terras ben diferenciadas debido a diversos factores morfolóxicos, climáticos e incluso pola colonización humana. Todo isto orixina tamén unha diferenciación en canto á flora e fauna de cada rexión ribeirega.

Todo o curso alto do río, desde o seu nacemento no Pedregal de Irimia e as fontes de Fonmiñá ata o sur da cidade de Lugo, coñécese co nome de “Terras do Miño”, que foi incluído na Rede Mundial das Reservas da Biosfera pola Unesco o 7 de novembro de 2002, a máxima catalogación medioambiental, conformando a segunda reserva da biosfera en extensión de España.

Entre os numerosos afluentes do río Miño atopase o río Chamoso que nace nas serras do Mirador e

Iglesias Jiménez, Jesús

jij@prodigy.net.mx
Enxeñeiro Civil
Debuxante, Gravador e Pintor
Veciño de Quintela de Ungrade

Monciro e conta cunha conca de 163 quilómetros cadrados, e recolle as augas dos concellos de Castroverde e O Corgo.

PALABRAS CLAVE

Río Chamoso, Quintela, debuxos.

1 LIMIAR

O río Chamoso resulta da confluencia dos ríos Outeiro, Romeán e Carballido. Rega as parroquias de Pedrafita, Chamoso, Laxosa e Paradela no concello de O Corgo e as de Coeo e Santa Comba no concello de Lugo, desembocando no río Miño no límite de ambos concellos.



Atardecer no río. Tinta (12.5x17.5 cm). 2011



Frores na corrente. Tinta (12.5x 17.5 cm). 2011

2 DEFINIÇION

Chamoso. O seu nome é reminiscencia do antigo condado suevo de Flammoso: este rio o pasar polo concello de O Corgo as súas augas paternais bautizaron as parroquias de San Cristovo, Santo André e San Bartolomeu dándolles o seu apelido de Chamoso.



Carballos na beira do Chamoso. Tinta (14x 16.5 cm). 2010



Entrada a Quintela. Tinta (12.5x 17.5 cm). 2011

A aldea de **Quintela de Ungrade**, atópase na parroquia de San Bartolomeu no concello de O Corgo. Os seus veciños conviviron sempre co río que lles deu de beber, axudoulles no seu traballo, lavou as súas penas e tamén os acompañou nas súas alegrías.


Os veciños de **Quintela de Ungrade** conviviron sempre co río Chamoso, que lles deu de beber, axudoulles no seu traballo, lavou as súas penas e tamén os acompañou nas súas alegrías.



Ponte de Quintela. Tinta (12.5 x 17.5 cm). 2011



A agua canta (11.5x 12.5 cm). 2010



Reflexos de luz. Tinta (14x16.5 cm), 2010

CONCLUSIÓN

O río Chamoso ofrece ao camiñante remansos de luz, espazos de paz que estimulan a pluma do artista. Vaian pois nestas páxinas algúns dos dibuxos a tinta feitos dende as súas beiras.

BIBLIOGRAFÍA

- OTERO IGLESIAS, Mario. *A riqueza fluvial nas Terras de Chamoso*. Edición Asociación Cultural Arumes do Corgo, 2008.
- XIZ, Xulio. *O Corgo, amplo horizonte*. Edición Concello do Corgo.
- ARMADA PRADO, Paco. *Itinerarios seguindo o río Miño*. Guías Xerais. 2009.

RESUMO

A heráldica, é a ciencia que estuda e fixa as normas para a correcta interpretación dos brasóns ou escudos de armas.

Alguns autores din que as armas ou armerías foron desde as súas orixes e ata o século X soamente xeroglíficos, emblemas e caracteres persoais, pero non sinais de honor ou de nobreza que pasaran a posterioridade e de pais a fillos.

Nos nosos días a heráldica foi tomando corpo entre as ciencias auxiliares da historia e o seu coñecemento ven a ser indispensable ao historiador, o arqueólogo e ao biógrafo.

Nos primeiros tempos e sen existir norma algunha que especificase o uso e significado de cada elemento na heráldica, os que aplicaban ao seus escudos de guerra ou o brasón das súas casas, figuras ou obxectos facían ao seu libre albedrío e sen razón algunha que xustificase, mais que dunha forma persoal, a situación ou emblema que se adoptaba, por iso en moitos casos é imposible para o heraldista coñecer o porque dalgún símbolo que figura en determinado escudo e moito menos a razón da súa situación dentro do mesmo.

Brasonar un escudo é definilo coas palabras propias da “arte ou ciencia” da heráldica, segundo as súas regras, con unha explicación das súas cores, esmaltes ou metais e figuras que o compoñen. O brasonar describimos a qué familia, cidade, provincia, etc. pertence o escudo de armas.

En heráldica denominase esmaltes as cores con que se pinta tanto o campo como as figuras do escudo. Os esmaltes divídense en metais e cores. Os lambeis son os distintivos que se colocan (con bastante frecuencia en xefe, o no cantón destro), no escudo, para diferencialas armas dos distintos membros dun mesmo liñaxe.

PALABRAS CLAVE

Brasón, heráldica, lambel, xefe, punta, cuarteis, lambrequíns, timbre.

1 LIMIAR

A heráldica, chea de simboloxía, ten a función de mostrar os elementos de identidade, diferenciadores dos demais, de aquel que portaba o escudo. Desta forma, no escudo de armas encontrámonos con varios símbolos e esmaltes. O escudo de

Abuín Arias, Jesús

Xubilado

Estudoso do Concello do Corgo, e escritor de varios libros relacionados con este Concello.

González Díaz, Josefa

Diplomada en Relacións Laborais,
e Licenciada en Humanidades.

Funcionaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Este artigo vai dedicado moi especialmente ás nosas familias e amigos, por estar sempre o noso carón, apoiándonos en todo o que facemos.

Ademais a todos os membros da A.C. Arumes e do C.E.C. do Corgo, por o labor que están a facer.

E tamén o noso agradecemento ás familias que posúen os escudos que publicamos neste artigo por facilitarnos o traballo.

armas deixa de ser, fundamentalmente a peza defensiva, para converterse nunha descrición de calidades dos cabaleiros que o portan. Cada un dos compoñentes que o forman teñen un significado e un porqué de estar aí.

En Roma comezou como costume, engadirle ao nome propio, o da tribo ou familia á que pertencía a persoa (exemplo o propio Tito (nome propio), engadeselle o pertencente á súa familia (Livio), compoñendo o nome e o apelido: Tito Livio. Esta costume romana, nun largo período de tempo, quedou limitada ao territorio onde se orixinou. No resto de Europa continuouse co nome máis o alcume, ata que a principios da Idade Media comezou a estenderse.

Empezaron a utilizar o apelido, os nobres feudais que lle engadían ao seu nome o correspondente á poboación que conquistaran ou que correspondía ao seu señorío. Nas clases populares a orixe do seu apelido derivase da poboación onde nacían, en ocasións do oficio que exercían, dos alcumes, outros derivaron dos nomes de seus pais e avós, con algunhas modificacións (González, fillo de Gonzalo).

Desde a Idade Media, os apelidos identifican as familias e en moitos casos teñen asociado un escudo ou brasón, dándolles moitos deles un significado ao apelido. Os apelidos identifican a nosa familia, herdámolos de nosos pais, quen á súa vez os herdaron de nosos avós, e así sucesivamente. Hai que aclarar que os escudos ou brasóns non pertencen aos apelidos en si senón que pertencen a unha liñaxe en concreto, é dicir a unha rama familiar dun apelido, a unha familia en particular, non a todos os que portan ese apelido.

A heráldica é a ciencia que ten por obxecto o estudo das armerías (ou armas), e fixa as normas para a correcta interpretación dos brasóns ou escudos de armas.

A heráldica desenvolveuse durante a Idade Media en toda Europa, ata converterse nun código de identificación de persoas, progresivamente incorporado por estamentos da sociedade feudal como a nobreza e a igrexa católica para a identificación de liñaxes e membros da xerarquía, sendo tamén adoptado por outros colectivos como os gremios e asociacións, ademais de ser adoptado para a identificación de cidades, vilas e territorios.

Os primeiros en usaren estes signos distintivos foron os gregos, quen nos seus escudos de guerra colocaban símbolos que pretendían representar un ideal, pero a realidade é que os seus emblemas non pasaban de ser puramente persoais e que hasta ben entrada a Idade Media, estes emblemas comezan a ser o símbolo dunha liñaxe.

Os romanos tamén empregaban algúns símbolos e signos, pero todos eles sen o carácter heráldico, senón máis ben como símbolos de unidades militares ou de xerarquía castrense ou civil.

No século X é cando fan a súa aparición os primeiros escudos de armas, co concepto e co significado que hoxe temos da ciencia das armerías. Nacen co obxecto de diferenciar os cabaleiros nos combates. As cruzadas foron o momento no que se difunde o emprego da heráldica, pois a convivencia de cabaleiros de diferentes territorios, baixo unhas mesmas bandeiras e un único ideal deu orixe a crear a necesidade dun símbolo de distinción para eles e xunto coa cruz que moitos levaban, comezan a aparecer as primeiras pezas e figuras, onde queren dar a entender a fereza ou o ideal de quen as adoptan (dragón, león, aguiá, etc.).

Estes brasóns de orixe militar vanse transformando en hereditarios e familiares a partir da segunda metade do século XII.

No século XIV a heráldica esténdese rapidamente aos municipios, adoptando unhas veces as armas dos seus propios señores e outras con composición propia. Este uso esténdese tamén ás artes e aos oficios. É neste século cando comezan a preocuparse polos temas da heráldica os homes de

ciencia, de maneira particular os xuristas e os clérigos, e iníciase unha elaboración sistemática dos coñecementos heráldicos, dando lugar ao que puidésemos chamar “historia da heráldica”.

No século XV, a orixe da adopción das armas era de vontade propia, e neste estado permanecen ata ben entrado o século XV, cando se perfilan as regras heráldicas.

2 O ESCUDO

O escudo, en heráldica, é o soporte físico do brasón. É a heráldica a arte que estuda a composición e significado dos escudos de armas ou brasóns pertencentes ás diversas liñaxes.

O escudo é a superficie xeométrica delimitada por un contorno, perfil ou perímetro, que ten formas distintas. Nesta área interior, aos bordes chámaselles “campo”, e co mesmo nome desígnase tamén a superficie limitada por cada partición nos escudos compostos. É nel onde se sitúan as pezas e figuras que forman a armería.

As formas do marco dos escudos poden ser moi variadas, e de feito foron cambiando no transcurso do tempo e segundo as distintas rexións. Aínda que inicialmente seguiron as dos escudos empregados polos guerreiros no campo de batalla, víronse máis adiante influídos polos estilos artísticos predominantes en cada época e polas modas introducidas polos artistas e, moitas veces, polos antollos e arbitrariedade dos señores que lle encargaban a súa confección.


O perfil do escudo debe gardar determinadas proporcións, entendendo por altura do escudo a liña que vai do centro da parte superior ao punto máis baixo da punta, e por anchura a liña que delimita a súa parte superior. A proporción entre esta e aquela é de cinco módulos a seis; así, supoñendo que o módulo fose dun centímetro, a anchura tería cinco centímetros e a altura seis.

Exceptúanse desta regra de proporcións os escudos de formas irregulares, que non permiten gardar esta precisión xeométrica, mais, aínda neste caso, debe procurarse que se garde a proporción de cinco módulos de anchura por seis de altura.

2.1 Simbología de metais e esmaltes

Para iluminar tanto o campo como as figuras que se representan no escudo úsanse os metais (o ouro e a prata) e as cores, que nos tratados do brasón se denominan esmaltes, en recordo dos tempos medievais, cando estaban pintados segundo a técnica do esmalte orixinaria da antiga Persia e adoptada en Bizancio e en Arabia.

No ano 1638 o xesuíta P. Silvestre Pietrasanta inventou en Roma un orixinal sistema de puntos e raias para cambiar a representación cromática dos esmaltes. Segundo este sistema o ouro representase por medio dun punteado, a prata deixando limpo o campo do escudo, o goles por un fino raiado vertical, o azul por un fino raiado horizontal, o sinople por finas raias inclinadas da destra á sinistra do cuartel, o púrpura por raias inclinadas de esquerda a dereita e o sable por unha trama de raias horizontais e verticais.



O ouro. Representase coa cor amarela. Sen cor é un fino punteado entre os símbolos. Antigos autores de crónicas din que os que o traen nas súas armas, deben ser os primeiros en enzalzar as virtudes da cabalería, en amparar os pobres e defender os príncipes, pelexando por eles ata derramar a última gota de sangue. As virtudes deste metal son a xustiza, a benignidade e a clemencia.



A prata. Con cor representase coa cor branca ou deixando o metal do escudo limpo. Sen cor representase sen cor, nin ningún tipo de manchado. Os que traen esta cor nas súas armas están obrigados a defender as doncelas e ampararen os orfos. As características heráldicas da prata son: pureza, integridade, obediencia, firmeza, vixilancia, elocuencia e vencemento.




Azur (azul). Os que levan esta cor no seu escudo están obrigados ao fomento da agricultura e a socorreren os servidores abandonados inxustamente polos seus señores. A súa virtude é a xustiza.



Goles (vermello). A súa maior virtude é a caridade. As súas calidades humanas son a valentía, nobreza, magnanimidade, alegría, honor e furor. Os que levan esta cor nos seus escudos están obrigados principalmente a socorreren os que se ven oprimidos pola inxustiza, e as características heráldicas desta cor son: fortaleza, vitoria, ousadía, alteza e ardid.



Púrpura (morado). Os que traen esta cor nas súas armas están obrigados a defenderen os eclesiásticos e relixiosos. A súa virtude é a templanza e a devoción.



Sable (negro). É de tradición antiquísima e simboliza o pudor. As características heráldicas son: prudencia, tristeza, vigor, honestidade, e obediencia. Os que levan esta cor no seu escudo deben servir ao seu soberano, política e militarmente. A súa virtude é a prudencia.



Sinople (verde). Os que levan esta cor nos seus escudos deben servir o seu soberano no comercio e socorreren os labradores, e os orfos e pobres que están oprimidos. A súa virtude é a esperanza.

Ademais destas cores, que son as básicas, poden usarse, todas as cores naturais de animais, plantas e construcións e a cor da pel humana para as persoas. En todo caso, o campo deberá ser sempre de un dos sete esmaltes citados, sexa este metal ou cor, e hai que ter en conta que non son admisibles diferentes tonalidades nas cores.

A tradición heráldica establece, sen entrar en maiores especificacións, que as cores ou esmaltes teñen que ter unha grande densidade cromática e que han de representarse, coa independencia da liberdade concedida ao artista, de forma nítida, plana e uniforme, é dicir, sen tons, sombras e maticións.

A regra cumprida desde os primeiros tempos das armerías dinos que non se pode poñer “nin metal sobre metal nin cor sobre cor”, senón cor con metal, ou metal con cor. Descoñécese a orixe

desta chamada “lei”, o único seguro é que se gardou rigorosamente dende o comezo.

2.2 Partes do escudo

Verticalmente divídese en **destro**, **centro** e **sinistro**. Con relación ao que mira ao escudo, ao lado esquerdo chámase **flanco destro**, e ao lado dereito **flanco sinistro**; esta diferenza coa terminoloxía ordinaria explícase polo feito de que se considera o escudo como unha persoa que ten a súa dereita e a súa esquerda, independente do observador.

A parte superior do escudo chámase **xefe**, e a inferior **punta**; estas expresións serven para indicar se unha figura se atopa no alto do escudo (en xefe), ou no baixo (en punta); cando se quere indicar que se atopa no centro do escudo, dise no **corazón** ou en **abismo**, sendo sinónimas as dúas expresións.

2.3 As pezas do escudo

As pezas son representacións xeométricas que ocupan sempre o mesmo lugar no campo do escudo. Os tratadistas da heráldica non sempre están de acordo co número destas pezas e coa súa clasificación. Os máis prolixos distinguen:

Pezas honorables ou de primeira orde, as xeralmente admitidas son: xefe, pal, faixa, banda, cruz, aspa ou *sotuer*, xevrón ou cábrío, bordura, orla, perla, campaña, xirón, punta ou pira, pila, trechor, cantón, franco-cuartel, lambel;

Pezas honorables diminuídas, derívanse da variación das proporcións das pezas honorables de primeira orde: comble (é un xefe diminuído en dúas terceiras partes da súa anchura), vara ou verxeta (pal), cinguidoiro ou divisa (faixa), cotiza (banda), estreita (cruz), filiera (bordura) lazo ou flanquis (aspa ou sotuer), tenaza ou estaye (xevrón).

Pezas de segunda orde, esta clasificación é a máis difundida e tradicional. Considéranse pezas de segundo orde as seguintes: plumas, puntos equipolados, xadrez, fretes, lousanxes, bezantes, roeis ou tortillos, fustos, macles ou mallas, rustros, billetes ou cartelas, aneletes, danteis ou dentes e o papelonado ou mariposeado.

2.4 As particións do escudo

As particións son as divisións internas no campo dun escudo e obedecen á necesidade de poñer nel máis dunha liñaxe ou apelido. Tradicionalmente veñen agrupándose en:

2.4.1 Partes iguais. A igualdade refírese ao rectángulo que idealmente encadra o escudo.



Escudo partido. É aquel cuxo campo está dividido en dúas partes iguais por unha liña vertical.



Escudo cortado. Está dividido en dous cuarteis por unha liña horizontal de flanco a flanco. Esta partición pode xerar dous cuarteis iguais ou desiguais. Se ambos os dous cuarteis son iguais chámase cortado en faixa.



Escudo tronchado. Cando a división en dúas partes iguais se fai por medio dunha liña diagonal que vai dende o ángulo destro superior ao sinistro inferior.



Escudo tallado. Se o trazo vai dende o ángulo superior do cantón sinistro do xefe ao destro da punta.

2.4.2 Partes desiguais. As particións desiguais son as que dividen o campo do escudo sen recíproca equivalencia. Escudo cortinado, mantelado, embrazado, encaizado, enclavado, etc.

2.4.3 En cuarteis. A palabra “cuartel” derívase de cada unha das catro partes en que se divide o escudo chamado “cuartelado”; non obstante, por extensión, emprégase a palabra nun senso xeneralizado referíndose con ela a cada unha das partes resultantes da división do escudo, sexan catro ou máis, isto é, facendo a palabra “cuartel”, sinónimo de “partición”. Escudo cuartelado en cruz, en aspa, medio cortado e partido, etc.



Escudos cuartelados **en cruz** e **en aspa**

2.5 A distribución das liñaxes nas particións.

A forma máis frecuente é a ovalada, dividíndose en cuarteis que acollen as armas dos apelidos relacionados coa casa. Os escudos adoitan estar rodeados por unha abundante decoración vexetal ou de figuras. Algunhas veces aparece no remate superior unha coroa ducal, condal, etc., que indica a pertenza do propietario á nobreza titulada.

Os tratadistas da heráldica dos séculos XVI ao XVIII, coa súa característica minuciosidade, enumeraron os cuarteados que se usan e deron unhas regras sobre a colocación das liñaxes nas particións:

Escudo partido. O cuartel situado a dereita do campo do escudo (esquerda para o espectador), servirá para representar as armerías paternas ou do marido e as maternas ou as da muller, que son as da casa de onde saíu, no lado sinistro. Brasonándose primeiro o costado paterno, polo que recibirá o nome de primeiro cuartel e seguidamente o materno ou segundo cuartel.

Escudo cortado, serve para o mesmo que o anterior, ocupando a parte superior as armas paternas ou as do marido, e a inferior as maternas ou as da muller.

2.6 As figuras heráldicas

As figuras de armería son aquelas pezas coas que se adorna o campo do escudo, como unha cruz, un sol, un león, un castelo, etc. Dáselles o nome de mobles e pódense agrupar en:

Figuras naturais. A figura humana, o corpo e as súas partes, adoptan figura humana os anxos e deuses. Os astros, como o sol, a lúa, as estrelas, elementos da natureza, animais, vexetais, etc.

Figuras heráldicas. Son as que pertencen exclusivamente a esta ciencia e só nela teñen representación e significación: particións do escudo, pezas honorables, pezas honorables diminuídas.

Figuras artificiais. Construcións militares, civís e eclesiásticas, armas, mazos, caldeiras, chaves, cadeas, etc.


Figuras fantásticas. Son as que inventaron a imaxinación dos homes: dragóns, sereas, grifóns, etc.

2.7 Os forros

Os forros heráldicos son combinacións de dous esmaltes, asociados de maneira convencional e estilizada, que lembraban as peles usadas para cubrir e reforzar os escudos, e utilizadas tamén nos vestidos da época medieval. Os máis usados son os veres e os armiños.




O viro é un tipo de forro heráldico inspirado na pel da marta cibelina. Son de cor branco e azul. Se non teñen estes esmaltes coñécense como virados. No uso dos veres poden presentarse varias diferenzas: veres en punta, contravelos, veres ondadas, etc.




O armiño heráldico represéntase como un campo branco, sementado de pequenas motas que constan dunha cabeza, formada por tres puntos colocados en triángulo e unha cola alargada cara para abaixo, rematada en tres puntas. Cando o campo é de sable e as motas de prata dinse contra-armiños. Os esmaltes dos armiños poden ser distintos da prata e o sable, e denomínanse daquela armiñados, e dinse: de goles armiñado de ouro, de azul armiñado de prata, etc.

2.8 Lambel

Co lambel quedará claro o escudo de armas do primoxénito, co segundo fillo, este co terceiro, etc. A palabra lambel quere dicir que é un pequeno cambio no escudo das armas “puras e plenas” do pai, desta forma poderemos distinguir as diversas ramas dunha mesma liñaxe, é dicir “colocarlle o lambel ás as armas”. Soamente o primoxénito dunha familia nobre ten dereito a levar as armas “puras e plenas” dos seus maiores, cando entran en posesión do seu título, os demais fillos teñen que modificalos para distinguirse do herdeiro.



Armas do fundador da liñaxe, e do primoxénito.



Armas co lambel do segundo fillo.

Os lambeis fanse de moitas maneiras, ben por adición de algunha peza ou por diminución de algunha peza honorable, ben cambiando os esmaltes ou a posición ou o número de figuras, etc.

3 ORNAMENTOS EXTERIORES DO ESCUDO

Deben entenderse como tales todas aquelas formas heráldicas que non están comprendidas na linguaxe do brasón, e son :

- **Timbre.** Constituído polas pezas ou figuras que se poñen na parte superior do escudo, por riba do cumio: coroa, casco, cimeira, tiara, capelo ou sombreiro, cruz, mitra, báculo e bordón.
- **Os lambrequíns.** Cando un escudo está timbrado dun helmo ou celada, vese adornado de certas pezas de tea, que teñen o nome de lambrequíns, e son como cintas, fitas ou ramaxes que saen de detrás da celada e colgan polos dous lados.
- **Os tenantes e soportes.** Os tenantes son figuras humanas ou semihumanas e os soportes son animais ou obxectos inanimados, que se poñen como adorno aos lados do escudo ou detrás do mesmo. Estas figuras sosteñen o escudo e derivan dos ornamentos que nos selos rodeaban ao escudo.
- **As bandeiras e estandartes.**
- **Gritos de guerra e divisas.** O grito de guerra ou voz de guerra consistía nunha palabra ou grupo delas que se berraba no medio do combate ou do torneo para alentar ou reunir os cabaleiros que loitaban baixo a mesma bandeira ou na mesma hoste. No escudo aparecen desde unha a catro palabras como máximo.
- **A divisa.** É semellante á voz de guerra, diferenciándose daquela en que as palabras poden ser máis, tratándose dunha expresión, unha sentenza ou unha frase. Tamén recibe os nomes de “empresa”, “alcume” ou “lema heráldico”.
- **Pavillóns e mantos.** O pavillón é o ornamento exterior que cobre o escudo dos soberanos. A diferenza entre pavillón e manto consiste en que este último está descuberto.
- **Insignias das ordes militares de cabalería e das ordes honoríficas.** Os “santos lugares” de Xerusalén deron lugar á creación de ordes militares de monxes-cabaleiros, a reconquista da península Ibérica implicou a

creación de varias destas ordes de cabalería: a Orde de Calatrava, a de Alcántara, a de Nosa Señora de Montesa, a de Santiago etc.

No século XV estendeuse o uso de colares nos escudos. O máis importante é o do **Toisón de Ouro**, e no século XVIII o de Carlos III.

Unha insignia moi difundida nas armerías é o manto forrado de armiño. O seu emprego é relativamente recente, e en España está restrinxido aos “grandes de España”.

- **Insignias das dignidades eclesiásticas, civís e militares.** As dignidades eclesiásticas en lugar do helmo ou celada (que usan os civís), usan como timbre enriba dos seus escudos as insignias que lles corresponden segundo a súa categoría. O timbre eclesiástico por excelencia é o capelo de peregrino, baixo, de ala grande e suxeito por cordóns rematados en borlas.

4 AS FORMAS DO ESCUDO NA HERÁLDICA GALEGA.

De maneira xeral pode dicirse que non existiron regras precisas sobre o emprego dunha forma determinada de escudo.

As formas máis primitivas dos escudos corren paralelas ás dos usados polos combatentes, entre os séculos XII ao XIV, seguindo a súa evolución axustada ás necesidades militares nos campos de batalla e nos torneos.

5 ALGÚNS DOS ESCUDOS DO CONCELLO DO CORGO.

5.1 Escudo de armas da Casa de Resch do Corgo.

Estaba situado na cheminea da casa chamada “das señoras” ou de “Rech”, hoxe desaparecida.

Escudo partido e cortado. No cantón destro aparece unha cruz de goles en campo de ouro. No cantón destro de punta un caldeiro de sable en campo de ouro. E no cantón sinistro en campo de prata un león rampante de goles coa cola en forma de forquita, armas da familia **Neira**. O escudo esta percorrido de lambrequíns.

5.2 Os dous escudos da Casa de Neira do Corgo.

Escudo cuarteado. No cantón destro aparece unha cruz de goles en campo de ouro. No cantón destro de punta un caldeiro de sable en campo de ouro. No cantón sinistro de punta un león rampante de goles en campo de prata. Armas da familia **Neira**, e no cantón sinistro un brazo móvente, en ouro, cunha espada sobre a boca dunha serpe enroscada, armas dos **Balboas**.



O escudo esta rematado de follaxes e lambrequíns. Na fachada desta casa atopase outro escudo máis pequeno, que representa os mesmos elementos que o anterior.

5.3 Os tres escudos do Pazo do Corgo (tamén chamado Pazo de Valcarcel ou Casa Grande).

O pazo do Corgo luce tres escudos, que recollen nos seus símbolos heráldicos, os principais apelidos dos personaxes que formaron durante séculos esta liñaxe.

O escudo de armas maior. No centro da fachada principal, esta formado por seis cuarteis. Este escudo é testemuño de que o devandito pazo pertenciu á familia Neira, os Balboa, os Miranda e os Saavedra. Estes escudos labrados en pedra, non admiten cor, e describirémolos enunciando as cores e metais que lles corresponderían.

No cantón destro, en campo de ouro, presenta unha cruz floreteada en goles (vermello).

No flanco sinistro un caldeiro¹ de sable (negro), símbolo da **familia dos Neira**²



No cantón sinistro e flanco destro, en campo de prata, representan un león³, en cada un deles, lampasados, mirando á destra, coa cola en forma de forquita, de goles, armas que pertencen á **familia dos Balboa**⁴.

No cantón destro da punta e en campo de goles, cinco bustos de doncela⁵, representativa da **familia dos Miranda**⁶.

1) **As caldeiras** foron primeiramente sinal dos ricos homes de Castela e tiveron a súa orixe no pendón e caldeiras que os reis daban por insignias aos ricos homes grandes do reino.

2) **Neira**.- Apelido galego orixinario da provincia de Lugo, na que tivo fidalgas antigas casas, particularmente nos partidos xudiciais de Becerreá e de Sarria

3) **O león** simboliza o espírito guerreiro, adornado das calidades de vixilancia, dominio, soberanía, maxestade e bravura. O león é entre todos os animais o que aparece con máis frecuencia nos escudos. A postura normal do león é rampante, isto é, coas mans levantadas, a destra alta e a sinistra un pouco máis baixa, a cabeza de perfil, a boca aberta, a lingua fora, e mostrando as garras. Calquera outra posición en que apareza é preciso indicalo; tan só cando o león é rampante non necesita engadirille esta denominación. Neste caso o león é lampasado e é o que ten a lingua de distinto esmalte que o do corpo. A cola aparece levantada e en forma de forquita, é dicir, que termina en dúas puntas ou borlas.

4) **Balboa**. Liñaxe de orixe galega, moi estendida por toda a península e América.

5) **Os bustos** son figuras de medio corpo sen brazos, colocadas de fronte. Significan trofeo, valor, superioridade e despoxo sanguíneo. A doncela é símbolo da pureza diáfana con que o honor debe mostrarse sempre en toda liñaxe, con cabelos de ouro e no peito unha venera. A venera ou concha simboliza o cabaleiro que abandonando a súa casa marcha as fronteiras dos seus estados para ensanchalas combatendo, tamén pode simbolizar un espírito ardente dirixido cara á emulación das accións heroicas dos seus antepasados

6) **Miranda**. Liñaxe de orixe asturiana moi estendida por toda a península e América. En tempos de Ramiro I, Alvar Fernández de Miranda, socorreu librando do poder dos mouros a cinco doncelas, que levaban como parte do tributo que se lles ofrecera.

E no cantón sinistro de punta, en campo de sinople (verde), un brazo móvente, brandindo un puñal sobre un grifo⁷, en ondas de azur (azul) e prata, arma da **familia dos Saavedra**.



Este escudo de armas leva na punta unha cara inexpresiva que representa a un anxo e cinco floróns⁸.

Este escudo está armado cunha coroa condal e dentro dela proxectase unha cruz grega.

Escudo de armas menor. No lateral esquerdo da fachada encóntrase outro escudo acuartelado que practicamente reproduce os catro cuarteis superiores do anterior, aínda que representa un detalle curioso. O león da esquerda mira cara a este lado, en lugar de cara á dereita; este cambio con respecto ao anterior escudo parece que é debido a que don Antonio Valcarce Neira, tivo un fillo ilexítimo.

Escúdete. Sobre a pedra armeira do centro e baixo o triángulo do pequeno frontón sitúase un escúdete que pertence a **familia dos Valcarcel**⁹.

Formado por cinco estacas ou lanzas en punta cara ao xefe, que serían de ouro sobre campo de goles. Di a lenda que García Rodríguez de Valcarce, no val do seu nome en terras do reino de León, labrou uns paus que utilizou como estacas contra os árabes invasores na defensa do Reino de Galiza, e de aí a representación destas cinco estacas

no seu escudo de armas. É de forma ovalada, propio de dama (xa que as damas tiñan, hai moitos anos escudos redondos ou ovalados, e en rombo, respectivamente), e vai timbrado con lazos de amor sen cimeira.

5.4 Escudo da Casa-Granxa de Seoane de San Martín de Folgosa



Escudo cuarteado. No primeiro cantón destro en campo de ouro, cinco táboas de goles pertencente á familia **Pardo**. No cantón sinistro en campo de goles trece besantes de ouro da familia **López**.

Destro de punta tamén en campo de goles seis dados¹⁰ de prata, cos seus puntos sinalados, da familia **Somoza**¹¹.

7) **O grifón.** Á parte das representacións de animais que existen na natureza, na composición das armerías encóntranse animais fantásticos que non existen na natureza, e nos máis dos casos son tomados da mitoloxía. O grifón é un animal fabuloso que segundo a antiga mitoloxía oriental era metade de aguia e metade de león (tronco dun león á cabeza e as ás dunha aguia, as extremidades dianteiras poden pertencer a un ou a outro animal). Nos escudos debúxanse de ordinario rampante e de perfil. O grifón é en heráldica o símbolo da sabedoría e da vixilancia.

8) **O florón.** Forma unha cruz no horizontal, estende os seus brazos non só cara aos lados senón tamén e na mesma medida, cara para adiante e cara para atrás. O florón está destinado a coroar sobre todo frechas de torre e pináculos.

9) **Valcarcel.** Liñaxe moi antiga e distinguida pola súa nobreza en Asturias, Galiza, León, Castela, Murcia, Canarias e Andalucía. Orixinaria do Val de Valcárcel no reino de Galiza de onde tomou o seu nome (aínda que para outros autores din que o seu solar primitivo estivo en Vilafranca do Bierzo, (León).

10) **Dados.** O dado é o símbolo do azar, é o atributo da fortuna así como da paixón de Cristo, en recordo ás sortes que os soldados botaron para quedarse coa súa túnica.

11) **Somoza.** Liñaxe de orixe galega, localizada no Incio na provincia de Lugo, e estendido a Pontevedra e Vigo.

No sinistro de punta en campo de goles, un león rampante¹² sobre un árbore¹³ arrincado de sinople, armas da familia **Quiroga**¹⁴ da Póboa.

No segundo cantón sinistro, aparecen as mesmas armas que no cantón anterior (sinistro de punta).

No terceiro cantón destro de punta, aparece un caldeiro de sable cunha cruz de goles en campo de ouro, armas da familia **Neira**.

No cuarto cantón sinistro de punta en campo de azur un crecente¹⁵ tornado de prata, acompañado de seis estrelas¹⁶ de oito raios, cada unha delas, de ouro da familia **Luaces**¹⁷.

Este escudo esta timbrado por un helmo¹⁸. E en punta aparece rematado por unha cara.

5.5 Escudo do Pazo de Piñeiro de Folgosa

O escudo deste pazo, é un auténtico alarde de mestría e do bo facer dos artistas canteiros de aqueles tempos.

Na súa orixe estivo vinculado aos Quiroga, donos doutros pazos da comarca, pasando despois aos



condes de Canalejas e os Pimentel de Lugo, que llo venden á familia de don José Pérez Pereiro. Na actualidade os donos son os descendentes do último comprador. Este edificio construíuse no século XVIII.

A cornixa deste pazo québrase formando un corpo rectangular moi decorado que sobresaie en altura, rematado en forma de frontón partido e que abranque o escudo de armas da familia. Este escudo esta formado por catro cuarteis e un escusón.

No primeiro cantón destro aparece en campo de prata, un león rampante contornado coa cola levantada e un pouco ondulada de goles, cunha espada asida coas garras, armas da familia **Azores**. Cruz floreteada¹⁹ da familia **Neira**. Catro xaqueles²⁰ de ouro en campo de goles da familia **Ulloa**²¹.

No cantón sinistro. Contracuartelado: Cantón destro en campo de prata axedrezado²² de vinte e oito pezas de ouro e goles en catro ordes dos **Arias**. Cantón sinistro en campo de goles, oito dados de prata, postos en dous paus, dos **Somozas**. Destro de punta, oito xaqueles de ouro en campo de goles

12) **O león rampante.** Aparece coas mans levantadas, a destra alta e a sinistra un pouco máis baixa, a cabeza de perfil, a boca aberta, a lingua fóra, e mostrando as garras. Cando o león aparece empinado ao tronco, simboliza o poderío da liñaxe, pois logrou vencer e amansar os seus inimigos que, dominados, se inclinan así ante os seus favores.

13) **A árbore.** É símbolo de antiga e esclarecida nobreza. Se aparece arrancado ou enraizado significa que o que o brasona pertence a unha liñaxe tan antiga e nobre que durante incontables xeracións, logrou sobrevivir grazas o seu propio esforzo e sen necesidade de depender de ningunha axuda externa.

14) **Quiroga.** Liñaxe de orixe galega, do val do seu nome en Lugo.

15) **Crecente.** Simboliza vitoria contra as escuridades de calumnias e emulaci3ns, contra inconstancias e volubilidades. Se adopta a forma de tornado ou contornado simboliza decaemento da fortuna, con espírito de recobrala. Neste escudo a lúa aparece en forma figurada, é dicir, con ollos nariz e boca. Raramente se ve nun escudo unha lúa chea e normalmente aparece na súa forma crecente. Neste escudo aparece nun crecente tornado xa que as puntas est3n voltas cara 3 destra..

16) **Estrelas.** A estrela simboliza constancia no servizo ao soberano, nos empregos de ministro ou conselleiro, que han de comunicar os trazos de xustiza do monarca ao seu pobo. Os raios representan o complemento equilibrado do mundo sensible e do insensible. As estrelas tam3n son de uso frecuente e poden ter cinco, seis ou oito raios, e iso non 3 indiferente, sendo m3is cl3sicas estas 3ltimas.

17) **Luaces.** Liñaxe de orixe galega, localizada na parroquia do seu nome, no concello de Pol en Lugo.

18) **O helmo.** Difundido como timbre her3ldico no s3culo XIV en Espa3a para abreviar a figura ecuestre dos selos medievais, 3 o ornamento exterior m3is frecuente. Pode mirar ao costado esquerdo, ou ao dereito, ou ben 3 fronte, tendo unha interpretaci3n diferente. Se mira para a dereita do escudo indica fidalgu3a, se mira para a esquerda bastard3a e se mira para a fronte indica fidalgu3a por ambos o dous costados. Estas interpretaci3ns non son moi r3xidas. En xeral descoñeci3anse, ou ben cambi3base a direcci3n do helmo por algunha raz3n.

19) **A cruz.** 3 o s3mbolo da espada dos cabaleiros, a quen se lles conced3a esta peza cando regresaban do combate coa s3a espada t3nxida en sangue inimiga. A cruz foi tomada como enxe3a pola maior parte dos cruzados lev3ndoa de distinta cor segundo o estado: os espa3ois lev3bana sempre de goles.

20) **Xaqueles.** Pezas en forma de rect3ngulo.

21) **Ulloa.** Liñaxe orixinaria de Galiza. Parece ser que este apelido deriva por referencia ao r3o Ulla, que ba3a o outeiro onde se asentou a primitiva casa solar.

22) **Axedrezado ou xaquelado.** Semella un taboleiro de xadrez. O escudo axedrezado simboliza arte militar e por esta raz3n adoita conced3rselles aos soldados que expuxeron a s3a vida nos combates. Ao brasonalo te3nen que dicirse as ordes de xaqueles verticais e horizontais. Neste caso (seis ordes verticais por cinco horizontais).

da familia **Ulloa**. Sinistro de punta. En campo de azur, un crecente tornado figurado de prata con cinco estrelas de prata da familia **Luaces**.

Destro de punta en campo de prata seis roeis, de azur postos de dous en dous pertencentes á familia **Castro**²³.

Sinistro de punta en campo de ouro dous lobos despegados pasantes²⁴, de goles e postos en pau, armas da familia **Osorio**.

Escusón. Escudo pequeno situado no centro do escudo, ten como armas en campo de goles un castelo de pedra²⁵ da familia **Álvarez Cedrón**. En campo de goles unha árbore de sinople e un can²⁶ pasante contornado, encadeado o pe do tronco da árbore, armas da familia **Quiroga**. En campo de azur cinco correas de prata coas fibelas de ouro, postas en pau coas puntas cara ao xefe, armas da familia **Saco**. Estas armas están surmontadas por cinco roeis de ouro en campo de goles, armas da familia **Ribas de Sil**.

Na zona do xefe deste escudo locen en campo de goles as cinco estacas de prata dos **Valcárcel**. Este escudo esta timbrado cunha coroa ducal. A orla que rodea esta adarga é un primor artístico en pedra, e a cada lado aparece un estandarte (que tamén aparecen a cada lado na metade do escudo), contén ademais adornos vexetais. O escudo sostéñeno dous grifóns rampantes.

5.6 O Escudo do Pazo de Quintela (Farnadeiros)

Atopase no portalón de acceso, na parte axial do frontón. Esta cuarteado en cruz.

No cantón destro tres troitas²⁷ raiadas en faixa, a primeira e a terceira contornadas, é dicir, miran cara para o sinistro, da familia dos **Gaioso**.

No cantón sinistro do xefe as cinco estacas, colocadas en pao, da familia dos **Valcárcel**.

No cantón destro da punta, o caldeiro coa cruz da familia **Neira**.

No cantón sinistro da punta, a M coroad²⁸ dos **Montenegro**²⁹.

No timbre coroa marquesal. Na parte inferior parten tallos e follas de acanto que se unen no extremo superior por dúas follas.



Encima atopase a cartela que di: "IZO AESPESAS DE D. FROILAN DE NEIRA I GAYOSO. AÑO DE 1779"

5.7 Escudo da casa de Ron de Laxes (Camposo)

Escudo cuarteado. No cantón destro presenta, unha árbore cun león rampante coroad.

No cantón sinistro, unha aguia coroad²⁸ coas alas estendidas e levantadas en alto, da familia **Pardo**.

23) **Roel.** A orixe do roel provén das rodela que levaban os guerreiros para se protexeren. Simboliza a memoria eterna que a posterioridade ha de conservar dos feitos de armas dos seus antepasados, xa que estas figuras redondas son símbolo de eternidade por non encontrárselles nin principio nin fin.

24) **Castro.** Liñaxe de orixe castelá. Esta nobre, antiquísima e histórica familia de Castro, é unha das cinco derivadas en Castela, dos seus primitivos soberanos e cuxos cinco solares eran: Lara, Haro, Castro, Guzmán e Villamayor, aos que aínda no século XV se lles concedía a primacía sobre todos os demais. Dende os tempos máis remotos, foron considerados como os primeiros da Península.

25) **Os castelos.** Representáanse normalmente cunha porta e dúas fiestras, tres torreos ameados, o máis alto no centro. Os castelos pola súa superioridade e fortaleza respecto a outros edificios, denota grandeza e poder empregado en defender os seus inimigos e aliados resistindo invencible ao inimigo.

A pedra significa un ánimo intrépido que se mantén firme sen fraquear ante a adversidade.

26) **O lobo.** Moi representado na heráldica galega, debúxase unhas veces pasante, outras correndo, outras rampante (*ravisante*), e chámase "cebado" cando leva un cordeiriño na boca. O lobo é símbolo dun corazón constante, que sofre as calamidades da guerra e do asedio con xeneroso espírito, aínda no medio das maiores privacións.

27) **A troita.** É un símbolo de ánimo ardente na guerra, e tranquilo e serea na paz.

28) **A coroa.** É símbolo de dignidade, maxestade, poder e soberanía, é insignia honorífica e de distinción.

29) **Montenegro.** Liñaxe de orixe galega localizada na provincia de Pontevedra.



No cantón destro en punta un caldeiro, con tres faixas de azur, da familia **Neira**, e sobre este símbolo unha cruz dos **Rivadeneira**.

No cantón sinistro en punta aparece a M coroadada dos **Montenegro**.

Este escudo aparece rematado por unha bordura lisa, e bordeado con abundantes adornos vexetais, e coroadado cunha coroa marquesal e tras a mesma unha estola que cae a ambos lados da coroa.

5.8 Escudo da Casa de Carlos de Vilanova

Se ben as armas tipicamente heráldicas son aquelas propias da cabalería (xeralmente armas brancas (espada, lanza, maza, puñal, frecha, etc.) pódense engadir as denominadas armas de fogo (o canón, o arcabuz, a escopeta de caza, a bombardarda etc.).

Escudo cuarteado, en forma circular.
No cantón destro aparecen dúas torres redondas coas súas ameas cunha porta e dúas ventás cada unha.

No cantón sinistro un león pasante cunha árbore.
No cantón destro en punta nove roeis.
No cantón sinistro en punta unha aguia de sable coroadada cunha coroa.

Este escudo aparece rematado por unha bordura cuartelada seguindo a disposición do escudo na que aparecen entre outras figuras venéreas, leóns, coroas.



O escudo aparece bordeado por dous canóns, escopetas e estandartes, e timbrado por unha coroa.

6 CONCLUSION

O concello do Corgo é unha terra rica en pazos e casas grandes brasonadas. Neste artigo recolle-mos algúns dos numerosos escudos que se poden contemplar neste concello.

A liñaxe representa o conxunto de ascendentes e descendentes dunha persoa determinada. Todos sen excepción pertencemos a unha determinada liñaxe, sexa nobre ou non.

O apelido ten un carácter máis restritivo e representa hoxe en día unicamente a sucesión masculina (antigamente non era así e os apelidos podíanse transmitir tamén por liña feminina). É dicir que os dunha mesma liñaxe poden levar diferentes apelidos, segundo se descenda por liña de varón ou de femia.

Cada persoa pertence a unha liñaxe por lei natural e ten un apelido regulado rixidamente por leis civís, e unha mesma liñaxe pode englobar apelidos diferentes, pero a igualdade de apelido non implica necesariamente a pertenza a unha mesma liñaxe.

O escudo de armas esta firmemente vinculado coa liñaxe, pero non co apelido.

A presenza dos brasóns é constante nas casas da fidalguía, cumprindo unha función estética pero tamén unha función social ao resumir nos seus cuarteis a historia da familia.

Os lugares máis utilizados para a súa colocación son a fachada principal, a portada da capela e o portalón de acceso ao recinto.

7. BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

- ABUIN ARIAS, Jesús. *Historia de Corgo*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, 2000. Páx. 92-93; 108-110; 217-218.
- BELTRÁN MUIÑOS, Juan. *Las Armas de Galicia*. 1923.
- CRESCO POZO, José Santiago. *Blasones y linajes de Galicia*. Santiago de Compostela
- FARIÑA COUTO, Luciano. *O Libro da Heráldica Galega*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- FERNANDEZ-OXEA, Xosé Ramón, y. *Escudos de Lugo*. Ediciones Celta. 1979.
- HERRERA DÁVILA, J. e ALVEAR, A. *Lecciones de Heráldica*. Extramuros Edición. Sevilla
- MEYER, F.S. *Manual de Ornamentación*, Barcelona. Ed. Gustavo Gili. 2004.

- NOGUEIRA, Víctor. *Pazos de Galicia*. Vigo. Ed. Nigratrea. 2008. Páx. 15, 116-118.
- PARDO DE GUEVARA y VALDÉS, Eduardo. *Manual de Heráldica Española*. Aldaba Ediciones. Madrid. 1987
- RIELO CARBALLO, Isaac. *A Casa Grande de Quintela*. Ed. O Mocrin. 2005. Páx. 55-60.
- RON. *La Casa de Ron y sus agregadas Ibias-Quirós- Valcarce- Caballero y otras*. Lugo. 1932
- VALERO DE BERNABÉ, Luis y Martín de Eugenio. *Simbología y Diseño de la Heráldica Gentilicia Galaica. Hidalguía*. Madrid. 2003. Páx 21-23, 30-32.
- VAQUERIZO ROMERO, Félix. *Manual de Heráldica Española*. Madrid 2000
- VELMONT PRODUCCION. *Figuras heráldicas*. Su significado. Madrid. 1993. Páx. 8-14, 306.
- YEBRA DE ARES, Antonio Benito. *Pazos y Señoríos de la Provincia de Lugo*. Tomo I. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1997. Páx. 55- 58, 137-140.

ARTIGOS EN REVISTAS

- ABUIN ARIAS, Jesús e GONZALEZ DIAZ, Josefa. "O Pazo do Corgo". Revista *Corga*. Centro de Estudos do Corgo. 2011. Nº 2. Páx. 46-57.
- LÓPEZ POMBO, Luis. "O Pazo de Quintela en la feligresia de San Pedro de Farnadeiros, O Corgo". *Estudios de genealogía, heráldica y nobiliaria de Galicia*. 2009. Nº 8. Páx. 191-203.

RECURSOS ELECTRÓNICOS EN INTERNET

[Http://www.heraldaria.com/heraldicag.php](http://www.heraldaria.com/heraldicag.php)

RESUMO.

Este artigo pretende amosar a importancia que se lle concedeu a auga e o seu poder sanador na antigüidade e como foi canalizado este suposto poder a través de distintas deusas acuíferas e os diferentes ritos.

PALABRAS CLAVE.

Divindades acuíferas, ninfas, Coventina, Bandua, Mercurio, poder salutífero da auga, mananciais sagrados, fontes.

1. LIMIAR

A percepción que temos hoxe en día da auga como ben escaso é un fenómeno recente na nosa cultura. De feito, nos últimos dous lustros espállase un consenso social relativo á



Fig 1. Divindades Neolíticas

necesidade de protexer os acuíferos e a riqueza hidráulica. Sen dúbida, a auga no século XXI converteuse nun tema de moda e a súa optimización é unha prioridade para os responsables políticos e xera constantes debates sobre a mellor maneira de levalo a cabo.

Pero esta concepción moderna, cargada de ciencia e tecnoloxía, que entende a auga como un recurso onde a verdadeira importancia radica no feito de que a súa escaseza transfórmaa en riqueza non existiu no mundo antigo, agás nas zonas onde por cuestións xeográficas escasease evidentemente.

Este mundo antigo viu pola contra na auga un forte compoñente sagrado, un elemento cun claro poder salutífero que ademais actuaba de morada de distintas divindades, na súa meirande parte, femininas. Ademais, o mundo romano, lle engadiu, cas súas famosas termas, un elemento lúdico, de

Javier Gómez Vila

info@javiergomez.org. www.javiergomez.org
Doutor en Arqueoloxía e Hª Antiga
Profesor ensino secundario
I.E.S. N. S. dos Ollos Grandes. Lugo

gozo, que actuaba parello aos xa popularmente aceptados beneficios médicos (Fig. 2).

Polo tanto, dúas concepcións da auga distintas o longo da historia. Neste artigo tentaremos descifrar esas dúas preguntas que agora mesmo son obvias: que divindades moraban na auga e, por outra banda, que ritos salutíferos adoitaron facerse co sagrado elemento e por onde se espallaron.

Tódalas divindades acuíferas que atopamos en Galicia, ou mesmo na fachada atlántica, pertencen a época galaico-romana. De feito, no capítulo seguinte analizaremos as atopadas na Provincia de Lugo, pero antes convén intentar pescudar cal sería a orixe histórica desta sacralización da auga para deste xeito coñecer a época en que xurde e o nome da primeira divindade.

É unha pregunta que ten difícil resposta, por non dicir que pode ter varias, en función dos argumentos que se prioricen na súa explicación. Sen embargo, a lóxica do discurso histórico impón entender que, na meirande parte dos casos, os distintos elementos culturais dun pobo non se soen inventar senón, mais ben, son froito dunha evolución que implica tamén unha certa transformación acorde ca propia evolución que experimenta esa sociedade. Desde a lingua ata as costumes, pasando polos instrumentos de uso diario, ritos e demais resgos dunha sociedade sofren esta mutación de xeración en xeración.

Polo tanto e seguindo esta argumentación, estas divindades acuíferas de época galaico-romana que imos estudar serían unha evolución de deusas de etapas anteriores. Deste xeito, durante o Neolítico, xorden unha serie de deusas vinculadas que toma a forma de certos animais e que se espallan por toda Europa. Así, por exemplo, aparece a Deusa Pez, a Deusa Osa, a Deusa Serpente, a e Deusa Páxaro. Segundo Alberro (2007), sería precisamente destas dúas últimas das que posiblemente evolucione a divindade que nos ocupa: a Deusa dos mananciais, arrosos e ríos dos celtas e outros pobos indo-europeos porque esta Deusa-Paxaro-Serpe era a fonte provedora

da auga que dá vida, que produce a rexeneración (representada na serpe¹) e, tamén, a que controla a morte.

Practicamente tódalas culturas antigas tiveron a esta Deusa baixo distintos nomes. Así por exemplo, en Mesopotamia chamábaselle *Inanna*: divindade da vida, do amor, da fertilidade e da sexualidade. En Exipto a podemos identificar con *Isis* e na India con *Nirrti*, deusa de rexeneración que estaba asociada a un paxaro negro de agoiros, que era a seu boca.

No caso de Grecia aparece *Afrodita*, habitualmente representada cabalgando nunha gansa ou nun cisne e co símbolo da rexeneración: a serpe.

Son moi interesantes as *Valkirias* xermanas, novas deusas que posuían a facultade de poderse transformar en doncelas cisnes pero que ademais tamén posúen un claro compoñente guerreiro. *Frexa*, a primeira das *Valkirias* e poderosa deusa do amor que cabalgaba nas batallas no seu carro de combate, ten ao seu cargo dar morte aos guerreiros inimigos.

Pero desde logo, mais preto da nosa cultura castrexo-romana na que imos a desenvolvernos, están as deusas dos antigos celtas. Na iconografía e na mitoloxía céltica (especialmente en Irlanda), existen claros testemuños de deusas con reminiscencias da neolítica Deusa-Paxaro-Serpe. Na Europa continental, un exemplo é *Sequana* achada no santuario galo de *Fontes Sequanae*, nas fontes de nacemento do río Sena, como deusa-patroa do manancial sacro alí situado, navegando nunha barca en forma de pato. O corvo é a ave representada máis frecuentemente en asociación coas deusas célticas. Outras aves dentro deste contexto son a gansa e a pomba. Unha figura de bronce achada en Dinéault, Bretaña mostra unha deusa da guerra cun casco en forma de gansa e varios guerreiros célticos da Idade do Ferro aparecen no famoso caldeiro de Gundestrup con cascos con forma de paxaro. De feito, na mitoloxía céltica de Irlanda, Gales e Bretaña, aparecen tamén casos de paxaros de especie non identificada que posuían a facultade de inducir ca súa música soños reparadores que producían curación.



Fig 2. Pátera de Otañes con escenas típicas dun balnea romano. Debuxo de Rubén Borrajo.

Pois ben, agora que xa coñecemos os elementos que acompañan a estas divindades e o seu significado: a auga, a serpe, a gansa, o cisne, a pomba... imos ver onde os atopamos na Provincia de Lugo.

2. AS DIVINDADES ACUÍFERAS.

O culto a zonas acuíferas era algo común en case todos os pobos da antigüidade. Nalgunhas tradicións que lograron perdurar ata o presente pódese rastrexar trazos de certas prácticas animistas relacionadas coa crenza na propiedade sobrenatural dalgunhas pedras, mananciais e outros cursos de auga. Desde sempre, a xente creu que moitos destes mananciais posuían propiedades beneficiosas e curativas, ademais de ser capaces de subministrar fortaleza, benestar xeral e incluso mellorar a fertilidade.

Para os pobos europeos mananciais, arrosos e ríos estaban considerados como fontes de benestar e vida e neles habitaba un espírito divino xeralmente feminino. Os romanos tamén adoptaron esta idea pero salientaron o compoñente curativo establecendo unha clara conexión entre auga e

(1) Resulta curioso ver este símbolo da serpe gravado nun ortostato do interior da cámara da mámoa C de Roza das Modias (Vilalba). A morte e a súa rexeneración podía ser a interpretación.



Fig. 3. Pozo de Coventina

curación. Este vínculo xunto á propia atracción que os romanos sentían pola auga derivou na construción de enormes complexos termais e na obsesión romana por localizar, gozar e explotar todas as propiedades do auga. De feito, a maioría dos mananciais de auga salúfida xa foron postos en valor polos propios romanos sendo protagonistas en moitos deles as Ninfas.

Neste contexto, é interesante analizar a pátera atopada na localidade de Otañes (Cantabria) dedicada á *Salus Vmeritana* porque moi posiblemente nela representéase algunhas actividades típicas dun balneario de época romana (Fig 2.).

A escena principal sitúase na súa parte superior onde entre dous arbustos aparece a imaxe dunha ninfa semidesnuda recostada no chan e apoiada nunha ánfora da que brota un chorro de auga que desemboca nunha piscina. Esta será, de feito, a imaxe estereotipada da divindade acuífida repetíndose noutros contextos por exemplo nos altares dedicados a Coventina que veremos posteriormente. Na pátera aparecen así mesmo outras escenas interesantes. Á esquerda representábase a un ancián togado realizando unha libación ante un altar. Unha escena similar repítese no centro da peza pero nesta ocasión o oferente atópase sentado. Na parte dereita destacan un par de escenas que parecen aludir ás propiedades curativas da auga: un mozo entrega unha xerra a un suposto ancián sentado nunha especie de trono e, no súa parte superior, un enfermo se dirixe cara a onde está a ninfa apoiado nun bastón. No súa parte inferior outro individuo verte auga dunha ánfora nun tonel situado sobre un carro, o que

parece aludir ao transporte do sacro elemento. Dá a sensación de que a deusa/ninfa da auga desde a súa situación privilexiada nesa parte superior supervisa e aproba todas as actividades que levan a cabo.

Dentro deste contexto europeo de veneración ás augas xorden toda unha serie de deidades femininas vinculadas dunha ou outra maneira con ela, como por exemplo estas ninfas capaces de profetizar o destino dos homes e de curar os seus males. Pero, para o caso que nos ocupa, imos deixar aparte o mundo estritamente romano e imos pescudar directamente na tradición propiamente indoeuropea, celta, ou se o preferimos castrexa. Agora ben, non debemos de esquecer, que os poucos resgos que coñecemos dela debémollos aos romanos. Foron eles os que propiciaron que os castrexos, no noso caso, escribieran os seus nomes, fixeran dedicatorias os seus deuses e plasmaran, en definitiva, parte da súa cultura para a posterioridade na epigrafía. Pero a cultura romana tamén modificou en parte a castrexa, hoxe en día o que temos é, polo tanto, unha mestura de ambas.

2.1. GUITIRIZ E A DEUSA COVENTINA.

Coventina era unha deusa acuática representada coa figura dunha muller reclinada sobre unha folla vexetal dunha planta acuática sostendo nunha man unha folla ou un xerro e repousando o seu cóbado sobre unha vasilla que verte auga (Fig. 4).

O seu principal lugar de culto foi en Carrawburgh, o antigo *Brocolitia* romano, ao lado do muro de Adriano onde foron escavadas as ruínas de tres templos: un dedicado a *Mithras*, outro ás ninfas e outro a Coventina.



Fig. 4. Representación da deusa Coventina no altar ofrecido por Cosconianus, prefecto da cohors I Batavorum atopado en Carrawburgh. Debuxo de Rubén Borrajo.

O templo de Coventina era moi sinxelo, tiña un estanque e manancial natural no centro e non posuía teito. Un simple muro rodeaba o pozo sagrado da deusa e albergaba as súas dedicatorias e abundantes ofrendas entre as que salientan unha ampla variedade de obxectos de bronce, ósos, vidro, xoias e moedas entre outras cousas.

Tanto o seu templo como o seu culto nese lugar posiblemente estivesen promovidos por un membro da *Legio VI* encargada do mantemento e vixilancia do muro de Adriano a finais do século II. Precisamente serían estes soldados coas súas habituais traslados ao longo do imperio os que supostamente difundirían o seu culto e promoverían a construción de dedicatorias en distintos lugares.

Non é estraño atopar no panteón romano divindades triplas, e dicir, formada pola conxunción de tres deuses. Un exemplo típico son os Lares Viais, representados como un so cando realmente son tres. O caso de Coventina pode ser semellante xa que no Pozo de esta deusa próximo a Carrawburgh está representada tamén en forma tripla nun baixorelevo achado dentro do estanque, onde tres ninfas áchanse reclinadas, cun xerro nunha man, mentres verten chorros de auga




Fig. 5. Relievo da deusa Coventina representada de forma triple, atopado en Carrawburgh (Inglaterra). As tres ninfas ou deusas, reclinadas sobre carrizos acuáticos, sosteñen un xerro nunha man, mentres verten chorros de auga doutra vasilla que teñen na outra. Debuxo de Rubén Borrajo.

doutro que teñen na outra man (Fig. 5). De esta forma tripla é mais que probable que deriven historias fantásticas relacionadas coas augas que aínda hoxe circulan por Galicia e outros lugares atlánticos sobre as presuntas aparicións das “mouras” nas fontes, como por exemplo a curiosa lenda de Neda onde se di que a noite de San Xoán

aparecen tres “mouras”: Laureana, Aureana e Ana. Tamén é sorprendente a mención que se fai das tres fillas de algunhas santas como Santa Lucía, Santa Iria, Cecelia e outras moitas. Unhas fillas que nestos casos teñen a función principal de tecer, de urdir ou, menos habitual, de ler, cantar ou mesmo coser. En Carballido (Pacios, Begonte) para sandar as belidas recitábase o seguinte ensalmo mentres se pasaba un gran de trigo por riba da belida (Blanco Prado, 2008, 61):

“Santa Lucia tiña tres fillas
Unha cosía, outra urdía,
E outra as belidas desfacía.
Pola gracia de Deus
E da virxe María”

A dedicatoria a esta deusa achada no lugar da Ruxida (os Curveiros Fig. 6) presenta unha factura máis simple que as súas homólogas inglesas carecendo tanto de decoración figurada como do nome do dedicante: COHVE/TENE /E R (esponso?) N (umidis?) A C o h v e t e n a , agradecendo a resposta da divindade(?). Monteagudo (1947) ao relatar a circunstancia do seu achado infórmanos de que apareceu “en medio dun talud formado por escouras e mineral de ferro... está todo iso á beira dun regato e ao pe dunha pequena ferverza”.




Fig. 6. Dedicatoria a Coventina atopada en Os Curveiros

A existencia dun fuste de columna e dun regato no lugar do achado xunto ao feito da presenza dunha considerable base para ser enterrada nos expón a posibilidade da existencia no lugar da Ruxida dun templo dedicado a esta deusa similar ao localizado en Carrawburgh. Nas prospeccións levadas a cabo na zona non puidemos atopar actualmente

ningunha traza deste suposto templo, algo normal xa que como vimos anteriormente sería moi sinxelo. Sen embargo, si que pervive a auga; esa auga e ese espazo que nun tempo foron máxicos. O promotor tamén ben puidese ser un militar, neste caso do próximo campamento romano de Cidadela (Sobrado dous Monxes).

A distinta forma de escribir o nome desta deusa nas seus diferentes dedicatorias (Coventina, Cohvetene, Cuhvetenae, Coventina..) puidese deberse a que é un nome indíxena que se transmite oralmente polo que o dedicante latino é probable que non soubese realmente como se escribía, limitábase a dicilo oralmente ao *cuadratarii* ou canteiro quen se encarga de transformar os fonemas en letras segundo coma a el lle parece. Este feito de escribilos nomes con diferentes formas de ortografía é moi común en outras deidades e habitual en distintas zonas do imperio, como por exemplo nas rexións militarizadas do norte de Inglaterra ou mesmo en Gallaecia.

No ano 2008 o concello de Guitiriz desenvolveu unha iniciativa ca intención de dar a coñecer os fermosos espazos acuíferos que aínda hoxe se conservan nesta zona. Pois ben, nestas xornadas coñecidas como “A ruta da auga” tamén levouse a



Fig. 7. Relevo conmemorativo de Coventina de Guitiriz.

cabounha lembranza a Coventina consistente en que un canteiro da zona replicou a imaxe da deusa nun bloque pétreo extraído dunha canteira local cun texto alusivo (Fig 7). Deste xeito fíxose palpable a unión entre pedra e auga, dous elementos claves no desenvolvemento do Guitiriz antigo e moderno.

2.2. SAN BREIXO E A DEUSA BANDUA.

Outro lugar moi interesante na provincia onde se pode rastrexar este antigo culto as augas é nesta freguesía de Palas de Rei. A diferenza con Guitiriz é dobre: por unha banda, atopamos unha deusa distinta e, por outra, aquí si que pervive o antigo rito que se levaba a cabo en certas fontes e pozos. Preto deste lugar, en Curbián (Fig. 8), atopou en 1952 o historiador Vázquez Saco unha dedicatoria a deusa Bandua dentro dunha antiga cociña na casa reitoral. A súa lectura e tradución sería a seguinte:



Fig. 8. Dedicataria a Bandua de Curbián

BANDVE B
OIECCO
S VLPICIVS
SINCERVS C(enturio?)
V(otum) S(olvit) L(ibens) M(erito)

E dicir: A *Bandua Boleccus*, o centurión? Sulpicius Sincerus, cumpriu de bo grado o voto que fixo.

“Band” é unha palabra de orixe indoeuropeo que significa atar, vincular con sentido de asociación, de aí a palabra relacionada “banda”. Atribúeselle así mesmo un carácter guerreiro, de mantemento da orde que recibiría culto de soldados romanos, como pode ser o caso. Este carácter guerreiro pódese rastrexar, por exemplo, na inscrición de Rairiz de Veiga (Ourense), onde unhas tropas auxiliares honran a Bandua como socio do deus da guerra romano Marte deste xeito: “*deo vexillor(um) martis socio banduae*”, polo tanto esta divindade sería asimilable ao Marte romano. Pero que ocorreu?. Que esta divindade prerromana, unha vez foi conquistada Galicia polas tropas romanas, mudou de función, e de deusa da guerra como xa non había conflitos, pasou a ter un carácter de deusa protectora das comunidades indíxenas ou mesmo dun grupo residente nun núcleo poboacional e, ademais, tamén adquiriu o

(2) Para coñecer mais sobre a relixiosidade desta zona véxase, entre outros, Blanco Prado (2011) onde fai un extenso e minucioso análise dos elementos cristiás que interveñen no culto desta localidade así como dos seus ritos.

significado de divindade garante dos pactos, da paz, xurdida a raíz dun conflito, dunha guerra. É moi probable que comunidades, mesmo os habitantes dun castro, envoltas nun proceso pacificador realizasen dedicatorias a Bandua.

O teónimo que lle segue, “*Bolecco*”, probablemente tamén de orixe indoeuropeo, ten o significado de grande, potente.

Unha imaxe desta divindade pódese observar na pátera do museo de Badaxoz (Fig. 9). A escena está presidida por unha figura feminina cos



Fig. 9. Pátera de prata da deusa Bandua procedente do Museo Arqueolóxico de Badaxoz.

atributos clásicos da deusa fortuna. Leva un manto e coroa mural sostendo coa súa man dereita unha pátera e coa esquerda unha cornucopia. Fronte a ela, e a diferentes alturas, sitúanse

catro altares tres deles acesos. A paisaxe está simplemente insinuado a través dun arbusto e unha serie de rombos que imitan unha rocha. No círculo exterior aparece a inscrición BaND(ua) ARAVGEL(ensis).

Esta peza polo tanto matiza dunha maneira clara o xénero feminino desta divindade (algúns investigadores vían un claro compoñente masculino) e salienta a idea de considerar a Bandua como unha deusa protectora ou tutelar dunha comunidade.

Nesta concepción tradicional da deusa Bandua que teñen os distintos historiadores non aparece formulada dunha maneira clara a súa posible relación ca auga. Nalgúns casos sen embargo, pensouse nesta relación que explicaría o nome, por exemplo, da zona termal de Baños de Bande (Alberro, 2007, 95), así mesmo este autor constata que preto de trinta epígrafes desta deusa foron atopados en vaos.

Quizais, o caso que nos ocupa, proporcione unha base máis clara para poder establecer unha relación xa que na chamada “Fonte da Virxe”

pervive un antigo rito relacionado ca auga. Sitúase este lugar a uns 150 m en liña recta da igrexa parroquial. Os fieis mollan uns panos na auga do manancial e lavan as partes doentes dos seus corpos para, a seguir, déixanos quedar alí a carón da fonte ou pendurados nos ramallos. A medida que estes panos van podrecendo as doenzas tamén van desaparecendo.

O curioso do caso é que constatamos a existencia deste rito en lugares tan dispares como O Corgo (Lugo), San Andrés de Teixido (A Coruña), en Bello (Corcoesto, A Coruña), San Matias (Astariz, Lugo, do que falaremos despois) ou mesmo en Cornwall (Gran Bretaña), so por poñer uns exemplos. Polo tanto, estamos ante un rito que se levaría a cabo na maioría dos lugares onde existise auga considerada sanadora e que a día de hoxe aínda pervive. Na antigüidade estas cerimoniais eran algo habitual xa que era unha constante dirixirse ás forzas sobrenaturais para pedir a súa axuda en casos de enfermidades ou problemas da vida corrente que a sociedade por si mesma non podía resolver. Para a mentalidade destes habitantes da costa oeste de Europa durante o derradeiro milenio antes de Cristo, os lugares ou cursos de auga eran especialmente sacros e os consideraban como lugares “límite”, que conectaban o mundo terreal co sobrenatural. Mananciais, arrosos e ríos estaban considerados como fontes de benestar e de vida, e neles reinaba un espírito divino xeralmente feminino. De aí o gran número de ríos europeos con nomes célticos



Fig. 10. Panorámica da Igrexa de San Breixo e do curso fluvial onde se atopa a Fonte da Virxe.

de deusas ou ninfas das augas. De feito, case todos os ríos de Irlanda posúen nomes de deusas célticas, e mesmo algún de Galicia tamén como o río Navia. Ben é certo, que os responsables de

desenvolver e espallar por toda Europa esta conexión entre auga e curación foron os romanos a través das augas termais pero antes, os pobos prerromanos, xa adoptaran un alto número de mananciais como lugares de culto apropiados para obter curacións ás súas doenzas. A auga representaba para eles purificación, forza e benestar. Moitas veces tense constatado que moitos deses mananciais, como por exemplo o de Bath (Inglaterra), conteñen auga que posúe propiedades terapéuticas para certas afeccións como artrites.

Existía así mesmo unha conexión específica entre curación, rexeneración e fertilidade. Tamén se sabe que moitas das persoas que acudían a eses santuarios acuáticos na época de dominación romana, eran mulleres.

Polo tanto, a hipótese que presentamos sería a inclusión da deusa Bandua dentro do grupo das divindades acuíferas. Unha teoría, creemos que moi plausible, xa que simplemente viría a completar a súa recoñecida función como deusa protectora da comunidade, agora tamén no aspecto da saúde.

2.3. O SANTUARIO DA VIRXE DAS VIRTUDES E O DEUS MERCURIO.

Como xa mencionábamnos antes, outro lugar onde pervive ese antigo rito de “mollar os panos” é neste santuario pertencente a freguesía de San Miguel de Pedrafita analizado no seu momento por Blanco Prado (2011). O rito da auga lévase a cabo na Fonte da Ascensión a escasos cen metros da capela. É semellante pois aos outros lugares estudados e consiste en lavar cuns panos aquelas partes do corpo enfermas, neste caso sobre todo ollos e pel, para despois colgalos nuns arames a carón da fonte. Ao iren podrecendo as doenzas tamén van desaparecendo.

Hai que destacar que é moi habitual que cada unha destas fontes estea especializada na curación dunha parte concreta do corpo así, o caso que nos ocupa, é os ollos e a pel; na Fonte de Santa Rosa (Santo Estevo do Ermo, Barreiros, Lugo) e similar pero sobre todo está indicada para “as rosas” mentres que a de San Matías, como veremos, trata de curar o mal que impide andar aos nenos ao seu debido tempo ou en Bath (SO de Inglaterra) onde se trata especialmente a artrite.

Unha dos elementos que distingue a este santuario dos outros analizados e o seu emprazamento xusto a carón da vía romana XIX-XX que enlazaba as importantes cidades de *Lucus Augusti* (Lugo) con *Asturica Augusta* (Astorga). Unha vía que a día de hoxe é perfectamente visible grazas aos magníficos restos conservados no bosque situado enfrente da entrada da Capela. Esta situación privilexiada posiblemente lle conferise na época romana maior importancia cas outras e, sen dúbida, un maior número de visitantes.

Outro elemento romano moi interesante atopado na contorna e depositado actualmente no Museo Diocesano é unha ara votiva dedicada a Mercurio, deus do comercio e das viaxes en xeral. É habitual atopar os epígrafes desta divindade a carón das vías xa que posiblemente os dedicantes fosen persoas vinculadas ao comercio e polo tanto



Fig. 11. Panorámica da Fonte da Ascensión e dos panos colgados dos arames

(3) O texto do epígrafe (Fig. 12) reza: MAXV/MVS S/ECVNDI [F(i)lius] VOT(um) S(olvit) / MER(curio) ME(erito) e dicir: Maxumus, fillo de Secundus, cumpriu a promesa a Mercurio de boa gana.

dependentes dos camiños. Deste xeito o exemplar de Noceda (Bembibre) dedicado por unha asociación de transportistas ou mesmo o da vila romana do Agro de Nogueira (Toques) a carón da vía XIX corroboran esta relación.

Pero si esta relación do deus cos camiños é clara a pregunta que toca formularse agora sería: ten algo que ver Mercurio ca auga, ca fonte da Ascensión?. Esta posible relación resulta difícil de explicar pero pode ser posible aínda que tradicionalmente Mercurio nunca foi considerado un deus curativo. Pero a documentación arqueolóxica é clara o respecto e amosa varios exemplares epigráficos deste deus relacionados ca auga. Ademais da media ducia atopados en balnearios, hai outros exemplares onde aparece claramente a súa vinculación a auga. O exemplo mais interesante e a inscrición atopada no balneario de Caldas de Lafões (Viseu) onde *Magius Reburus* e *Victoria Victorila* fan unha dedicatória a *Mercurio Aguaeco*.



Fig. 12. Dedicatória a Mercurio

Neste caso sorprende o estraño pero a vez suxerinte calificativo do deus "*aguaeco*" do cal se deduce algún tipo de vinculación ca auga, corroborado por aparecer a peza na propia piscina do complexo termal. Quizais a orixe desta relación estea nos ritos de purificación que os comerciantes facían con auga corrente baixo os auspicios do seu deus protector Mercurio. Estas actividades desembocaron na costume de ter auga nos santuarios do deus como se pode comprobar no caso do Santuario de Cirta. Tamén é probable que co paso do tempo esta relación ca auga fose adquirindo outras connotacións que non tiña nun principio á vez que ia perdendo o seu significado orixinal, o que convertería a Mercurio nunha divindade susceptible de ser invocada non so nun rito purificadorio comercial senón tamén en rituais onde se intentase manifestar a limpeza sobrenatural que produce a vitoria sobre a enfermidade. Chegados a este punto non sería estraño que a Fonte da Ascensión compartise os ritos tanto das actividades comerciais como os curativos pero todos baixo a mesma invocación a Mercurio.

2.4. SANTA BAIÁ DE BÓVEDA E A SÚA ANÓNIMA DIVINDADE ACUÍFERA.

Deixamos para o final o caso mais famoso, pero tamén o mais polémico, de este grupo de fontes "milagreiras".

Non é este o momento nin o lugar de expoñer o que deu de si as investigacións sobre este monumento, nin tan si sequera facer un resumo, porque excedería con creces as pretensións deste artigo. Agora ben, si que nos gustaría facer unhas aportacións sobre certos aspectos concretos un tanto descoidados nas investigacións e que poden axudar a desvelar o segredo que aínda garda Santa Baia sobre as súas funcións, así como a súa divindade protectora.

Interésanos a primeira etapa do edificio, antes de ser transformado en igrexa, cando o centro estrutural e funcional era a piscina central. Este elemento de por si xa é indicativo de varios datos. Esta claro que a auga ten un papel protagonista. Un estanque idéntico xa o vimos no templo dedicado a Coventina en Carrawburgh xusto a carón do muro de Adriano. A súa forma cadrada de

(4) Sobre este tema vide: GÓMEZ VILA, J. Epigrafía romana de la Provincia de Lugo, 2009, pp. 24-25 e 68-69.

parcas dimensións e a súa escasa profundidade a limita nas súas funcións que quedan reducidas a mollar unha parte do corpo, mollar uns panos, tirar obxectos ou coller auga nun cántaro ou tamén unha mestura de todas elas.

Grazas a un relevo lateral podemos matizar este derradeiro punto. Nel aparece a figura como dun neno (Fig. 13) que está a tocar un pe amosando que ten algún tipo de problema. Como ocorre nos demais santuarios de Europa desta época é evidente que vai a mollalo pe na auga sanadora do estanque para curarse, pero concretamente de qué?. A resposta a podemos atopar no rito que



Fig. 13. Relevo de lisiado

aínda actualmente se leva a cabo no Santuario de San Matías, a escasos sete quilómetros dirección Lugo polo camiño primitivo. Chámase “cortar a corta” co que se pretendía acabar co mal que lles impedía aos nenos e nenas andar o seu debido tempo. A cerimonia a describe a finais do XIX o médico Rodríguez López (Polín, R. 178): “...son estos niños generalmente raquíticos o debilitados por otras enfermedades. Y cuando por estas circunstancias tardan en andar los ofrecen al santo, y el día de la fiesta les llevan atadas las piernas con cordones de lana. En esta forma entran en la capilla y se dirigen al altar mayor, en cuyo presbiterio hay dos hombres: uno pone el santo al niño y el otro le corta el cordón que ata sus piernecitas, ya con un cuchillo de madera, ya con uno de plata...”. Unha cerimonia que posiblemente perdurase ca salvedade que na época que nos ocupa as pernas mollaríanse na piscina e no cordón iría o mal, como xa estamos acostumados a ver noutros casos.

En San Matías tamén hai a tradición de mollalos panos pero ca diferenza que se fai, non nunha fonte que é o normal, senón nun sartego antropoide ca auga da choiva. A pregunta que nos podemos facer é: si cando a piscina de santa Baia foi tapada para facer a igrexa o rito perviviu aquí sendo o sartego unha reminiscencia da propia piscina.

Nos outros relevos aparecen unha figuras danzantes que portan unhas grilandas (Fig. 14). Aínda que se lles ten dadas distintas



Fig. 14. Danzante portando grilandas

interpretacións creemos que a correcta é aquela que os vincule co elemento fundamental do enclave: a auga, e polo tanto ca súa festa chamada *Fontanalia*. Pois ben, durante este festexo os bailaríns adornaban os pozos con grilandas e tirábanlles coroas de flores, obxectos e moedas a auga das fontes que representaban as partes curadas (López Pereira, 85). Por este motivo, entre outros moitos, algúns autores interpretan Santa Baia de Bóveda como un Ninfeo, aínda que non hai probas epigráficas. Pola nosa banda vemos este enclave mais rural, mais ligado a tradicións galaico-romanas, a esas divindades acuíferas antes mentadas quizais, neste caso de nome aínda sen desvelar, que sen dúbida compartían cas ninfas o día da festa da auga. De feito, no balneario de Lugo, a carón do Miño, atopáronse catorce inscricións as ninfas o que si testemuña dun xeito claro a existencia dun ninfeo pero noutro lugar.

As famosas pinturas, para nos de época romana e ligadas o carácter pagano do edificio, que cobren a bóveda son outro claro exemplo da funcionalidade do monumento. Representáanse distintas aves: perdices, faisáns, galiñas, pavos reais, pombas, un ganso e un pato. No primeiro apartado deste artigo xa mencionamos que estas divindades acuíferas derivan da Deusa-Paxaro-Serpe: “a fonte provedora da auga que dá vida, que produce a rexeneración e, tamén, a que controla a morte”. Tamén aludíamos que era representada habitualmente a través de aves: Afrodita cabalgando nunha gansa, as Valkirias transformándose en cisnes, Sequana navegando en barca con forma de pato...

4. CONCLUSIÓNS.

Quizais o que mais sorprenda e o tremendo apego e pervivencia que tiveron en Galicia as tradicións paganas romanas. Martiño de Braga xa se decatou no seu momento e intentou eliminalas co seu *De Correctione Rusticorum* pero non foi del todo quen de conseguilo.

O segundo aspecto interesante e a considerable diversidade de deusas vinculadas a auga que existiron durante a época romana pero que adoitaban facer a mesma cerimonia salutífera: mollar os panos, tanto en Galicia, como en Irlanda como na Galia. Esta claro que o culto a moitas delas esta potenciado polos soldados romanos que tamén contribúen o seu espallamento, como é o caso de Coventina, venerada tanto en Inglaterra como en Galicia, posiblemente polos soldados acantonados no campamento de Cidadela.

Os lugares de culto eran moi sinxelos, tan so a fonte ou o estanque e un muro pechando o seu perímetro. De feito, e probable que nun primeiro momento Santa Baia fose así cubréndose ca bóveda posteriormente.

5. BIBLIOGRAFIA

- Alberro, M.
- La diosa-pájaro del neolítico y su posible continuación en las diosas de manantiales y ríos de los celtas y otros pueblos indoeuropeos. *HABIS* 38 7-30, 2007.
 - Diosas de Galicia con equivalentes célticos o indoeuropeos, *Anuario Brigantino*, nº 30, 2007.
- Blanco Prado, J. M.
- As doenzas oculares e as lombrigas na Provincia de Lugo. *Ensalmos e rituais etnomédicos II. CROA* 18, 56-79, 2008.
 - O complexo artístico-relixio de San Breixo (Palas de Rei, Lugo), *BMPL XIV*, 119-136, 2009/2010/2011
 - O santuario da Virxe das Virtudes (Pedrafita), *CORGA*, 58-65, 2011
- Díez de Velasco, F. Termalismo y religión. La sacralización del agua termal en la Península Ibérica y el norte de África en el mundo antiguo, Madrid, 1998.
- López Pereira, X. Eduardo. Cultura, relixión e supersticións na Galicia Suevoa. Martiño de Braga *De Correctione Rusticorum*. Universidade da Coruña, 1996.
- Gómez Vila, J
- “Leguas e leguarios no Camiño Real de Acceso a Galicia”, en *Lucensia*, nº 23, vol. XI. 347-356, 2001
 - *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. USC, Santiago, 2006
 - *Epigrafía romana de la Provincia de Lugo*. 2009.
- Polín, Ricardo. Camiño Primitivo de Santiago. Camiño a Lugo. *A Nosa Terra*, 2003

RESUMO

Recolle este traballo os antecedentes históricos que permitiron a recuperación, como moderna variante xacobeá, do "Camiño francés" que dende as montañas do Cebreiro, con orixe no Padornelo ou en Lamas de Biduedo, conducía a Lugo, e que se mantivo como vía xeral de acceso de peregrinos, viaxeiros, militares, traxinantes e alugados ata ben andado o século XIX.

PALABRAS CLAVE

Camiño francés, Estrada xeral, Neira, Tórdea, Chamoso, Posta, Ponte de Lago, Torre de Anseán, Hospital de Chamoso.

INTRODUCCIÓN

Antes do Padornelo, nos Montes do Cebreiro, ou pasados os lugares do Poio e de Fonfría, moitos dos peregrinos que ían cara Compostela desvíábanse da ruta principal no seu desexo de coñecer a cidade amurallada de Lugo.

Unha das máis significativas desviacións do "Camino francés a Compostela" foi sen dúbida o "Camiño francés de Biduedo a Lugo", que desde a parroquia de Lamas de Biduedo (en terras de Triacastela) polo Furco, Galegos, Carracedo, Bande e Hospital de Chamoso levaba á cidade sacramental, cabeceira espiritual dunha ampla zona, e que dentro das súas fortes murallas romanas conservou ata ben entrado o século XIX o seu definido carácter de praza militar. Ademais deste ramal aparece documentado outro, que principiaba unha legua antes, seguindo unha verea vella con orixe no Padornelo e que por pola Casa da Xancia, no Concello das Nogais, seguía ata Lamas de Biduedo e despois ata Lugo, camiño que nese treito foi obxecto de estudo por Luís Pombo e que serviu de base para a sinalización e colocación de fitos no "Camiño de Padornelo a Lugo" que por terras de Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Triacastela, Láncara, O Corgo e Lugo recuperou hai algúns anos a Deputación Provincial de Lugo coa colaboración da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Provincia de Lugo.

E temos que adiantar que este camiño, no sentir e na memoria das xentes, e polas súas condicións de trazado, coincide substancialmente cunha vía romana que ía de Lucus a Astúrica, pola Ponte de

López Arias, Xaime Félix

Mestre, graduado social, licenciado en Dereito
Profesor de ensino de adultos (xubilado).
Avogado en exercizo en Sarria.

Carracedo, no Neira, e co camiño aberto para peregrinos, vía da que tamén o Camiño de Postas da Fonfría ata A Coruña foi herdeiro directo.

O "Camiño francés a Lugo" non foi só camiño de peregrinos. Ao fixaren no século XVI a capitalidade de Galicia na cidade da Coruña, converteuse en camiño de postas, para a comunicación de Madrid coa cidade herculina, e xogou ademais un importante papel como vía militar, sendo tamén unha das vías de saída dos emigrantes temporeiros galegos que durante séculos e ata a chegada do camiño de ferro, se desprazaban a pé, en tempo de verán, a terras de Andalucía, A Mancha, Castela e León para tomaren parte nas pesadas tarefas da sega manual de cereais. Como "Carreira desde Madrid a La Coruña" ou "Carrera general de Galicia" aparece reflectido este camiño na relación de postas dos correos, da segunda metade do século XVIII, e tamén no mapa xeral das postas de España, aínda que as imprecisións do trazado sexan moitas, sinalan con exactitude a sucesión das diferentes paradas. Na Posta de Fonfría separábase a "Carreira de Santiago" que se prolongaba nas paradas de Triacastela (Tira-Castela), Portomarín (Puerto-Mariño), San Mamede, Palas de Rei, Melide, Arzúa e Santiago.

Malia a súa permanencia a través do tempo, son escasos os autores que lle prestaron atención a esta ruta de peregrinación, limitándose a algunha cita illada e incompleta, vertendo en moitos casos



imprecisións que mal copiadas e repetidas non fan outra cousa que botar escasa luz para o coñecemento dun ramal do Camiño de Santiago que, subsidiario da vía principal, estivo vivo e activo aínda cen anos despois de que El-Rei Carlos III mandase abrir o Camiño Real de Madrid á cidade da Coruña (hoxe estrada N-VI), que supuxo variar o discorrer do fluxo de viaxeiros e traxinantes cara unha ruta que entrando polo porto de Pedrafita e en cotas máis baixas que O Cebreiro e O Poio, pasando por As Nogais, Cruzul, Baralla, Sobrado e O Corgo, alteraría profundamente o xeito de acceder á zona norte de Galicia, facendo que a aldea de Pedrafita, a vila das Nogais, Becerreá, Baralla e Sobrado do Picato medrasen ao calor de mesóns e cuarteis militares mentres que a vella vía entre O Cebreiro e Lugo e os seus habituais puntos de parada entraban en franca decadencia.

Con relación a Bieduedo LOSADA DIAZ e SEIJAS VAZQUEZ na súa obra GUIA DEL CAMINO FRANCÉS EN LA PROVINCIA DE LUGO.- Madrid 1996. pg. 34, din textualmente: "Este topónimo parece referirse a un lugar onde abundan os "bídalos" ou "bidueiros"; sen embargo, certos historiadores supoñen que quere significar "dúas vías", baseándose tal interpretación en que algúns peregrinos, ao chegaren a este poboado (Biduedo), desvíábanse do camiño tradicional, tomando a bifurcación que se dirixía cara ao norte, e pasando por LAMAS (a máis de mil metros de altura, que ofrece ao lonxe unha bonita e inconfundible perspectiva) e FOLGUEIRA, cruzaba polo MONTE DA ALBELA, no que, segundo a tradición, recollían pedras calcarias que transportaban no seu fardelo ata A CASTAÑEDA (da provincia da Coruña), onde estaban os fornos destinados a prepararen o cal que se empregaba para a construción da basílica compostelá. Os que escollían esta dirección saían do municipio (Triacastela) polo FURCO, para entraren no de Lánacara por CEDRÓN. Nos tempos do correo de postas nacía en Biduedo unha rama da liña de Madrid á Coruña, pola que se conducía o correo a Compostela seguindo o camiño francés "Outra cita é a que, referíndose á Casa Torre de Tras Penas, no Concello de Baralla, fai Vázquez Seijas, moi de pasada, en FORTALEZAS DE LUGO Y SU PROVINCIA (TOMO VI): ".... Non se debe esquecer ademais a súa posición estratéxica, entre o camiño que unía a Astorga con

Farum Brigantium, por Lucus Augusti e o derivado do camiño francés dos peregrinos, que por Carracedo (Lánacara), ía buscando o seu empalme pola ponte de Lugo, para visitar a nosa cidade e concorrer por estas terras cos vidos a través de Asturias, para facelo á cidade de San Salvador de Ovedo".

O historiador sarriao, Diego Pazos, alude á antigüidade desta vía: "Abriron os romanos moitas e boas vías en Galicia, e cítase unha de Braga a Astorga, que se unía no Bierzo coa que viña de Lugo a Astorga, ...do Bierzo penetraba polo Cebreiro, conservándose aínda restos na parroquia de Santa María do Cebreiro, e que máis adiante pasaba por Lamas, Galegos e por preto de Sarria...".

O mapa da diocese de Lugo de Tomás López, sinala con total precisión este camiño con unha solución liñal que vai por Lamas, O Furco, A Esfarrapa, Galegos, Ponte de Carracedo, Bande, Marei, Hospital de Chamoso, Santa Comba, Castro e Lugo.


No mapa "Carte des Routes d'une partie de la Galice", publicado no nº 2 de Corga", entre o Monte da Meda e A Coruña aparece a traza do camiño dende O Cebreiro polo Furco, Galegos, Ponte de Carracedo, LAGO, MAREI, HOSPITAL, "Cuco", San Fiz, Lugo, Outeiro de Rei. Carral, Pacios, Baamonde, Velote, Guitiriz, Casasolas, Vilouriz, Ois, Coirós, Betanzos, Iñas, O Burgo e A Coruña. E noutros mapas do dezaioito vén tamén reflectida esta vella estrada xeral de Castela, máis unha estrutura de camiños en paralelo e atallos, fan que aínda habendo uns puntos constantes no seu decorrer, en relatos de viaxeiros podan aparecer algunhas diferenzas, ao que non foi alleo o espírito aventureiro dos propios camiñantes que trataban de escapar de todo canon establecido para coñeceren novos vieiros e paisaxes.

Igual precisión observamos no Mapa de Fontán onde este camiño se sinala no seu decorrer por A Fonfría, Lamas de Biduedo, Folgueiras, O Furco, A Esfarrapa, Galegos, beira esquerda do río Armuela, A Lama, Ponte de Carracedo, Bande, Marei, Hospital de Chamoso e Lugo. Noutras cartas xeográficas achamos os traxectos:

- a).- Lamas, Galegos, Hospital de Chamoso, Lugo.
- b).- Fonfría, Galegos, Hospital de Chamoso, Outeiro de Rei.
- c).- Biduedo, Lamas de Biduedo, Meizarán, Furco, Esfarrapa, Galegos, Ponte de Carracedo, Bande, Lago, Marei, Hospital de Chamoso, Cuco ou Coeu, Castro, Conturiz-San Fiz, Lugo.

Isto despréndese do exame de algúns dos mapas en uso, e aínda aparece a traza fundamental nos primeiros mapas provinciais do século XIX.

Na relación de postas da "Carrera desde Madrid a la Coruña" aparecen os seguintes treitos: "O Cebreiro-Fonfría, Fonfría-Galegos, Galegos-Hospital de Chamoso, Hospital de Chamoso-Outeiro de Rei.



O "Camiño Francés de Biduedo a Lugo" decorría polos actuais termos municipais de Triacastela, Lámcar, O Corgo e Lugo, onde se unía ao camiño que procedente de Oviedo baixaba das altas montañas de Barón na súa procura da cidade compostelá. Ata a implantación definitiva do réxime municipal atravesaba o Camiño Francés de Biduedo a Lugo terras das xurisdicións de Triacastela, Vilaesteva de Herdeiros, Cedrón,

Somoza de Vilouzán, Samos (Biduedo, Partido de Galegos e Carracedo), San Xulián da Pobra, A Pobra de Adai, Encomenda de Portomarín e Lugo. Un meu primeiro traballo referido ao dito treito do Camiño Francés, foi publicado nos anos 1999 e 2000 nun Suplemento de EL PROGRESO, titulado "O Camiño", que estaba promovido pola Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na provincia de Lugo, e coa súa publicación pretendín tan só chamar a atención dos estudosos dos arredores do seu significado, xa que a aparición das modernas vías de comunicación supuxo unha perda total da memoria histórica desta ruta, que só de xeito esporádico podía ser rastrexada en papeis vedraños, ou en conversas con persoas vellas coñecedoras do seu traxecto, que a el se referían máis coa mentalidade de cousa afastada que de activas vivencias.

O CAMIÑO DENDE PADORNELO. -Cando se trazou a ruta moderna, promovida pola Deputación Provincial de Lugo, co bo acerto de recuperar a verea antiga de orixe romana que ía máis ao norte, sinalouse a orixe deste anovado camiño no Padornelo, seguindo por terras de Pedrafita do Cebreiro e As Nogais, polo Alto do Poio, Casa da Xancia, O Barreirín, O Reboiro, O Castro e A Raposeira ata Lamas, onde xa se fai un só co vello camiño das Postas con orixe na Fonfría ou en Biduedo.

CONCELLO DE TRIACASTELA

Entre a estrema co concello de Pedrafita e o Monte da Meda, o antigo "Monte Serio" medieval, houbo o acerto de fixar unha ruta "canónica", que recolle no substancial a trama histórica.

O CAMIÑO DENDE BIDUEDO .-Aqueles que non se desviaban no Padornelo, pasado o lugar de Fonfría, na Serra do Rañadoiro, e o CAMPO DO FURCO, golada situada entre o Pico do Furco (1384 m) e o Seixo Redondo (1359 m), podían optar entre procurar acollida en Triacastela (Burgo Novo ou Triacastela Nova, fundada por Afonso IX), tomando o camiño máis transitado, ou ben ir cara á cidade de Lugo, desviándose ao norte, para retomaren a vía principal en Palas de Rei.

Nós tomaremos, pois, o desvío do norte no lugar de Biduedo. Nestas paraxes teñen asento numerosas fontes e regatos que constitúen unha das tres cabeceiras do río Sarria, que reunindo, abaixo da vila de Triacastela, as augas que baixan dos

montes da Meda, Albela e O Iribio, segue por Samos e Sarria ata se unir ao "río da Neira" entre Moscán e A Pobra de San Xiao.

O "río da Sarria" deu nome a toda a comarca, que percorremos hoxe, nesta ruta norte, desde Biduedo a San Pedro de Bande, se ben o señorío dos condes e marqueses de Sarria abarcou, aínda no século XIX, territorios que ían ata o río Chamoso (O Corgo), razón pola que a maior parte do "Camiño Francés a Lugo" atravesaba terras sometidas ao señorío dos Condes de Lemos. O marcado de Sarria abranguía as Cinco Pobras e os seus alfoces: Pobra de Adai, Pobra de Santo Estevo de Neira de Susao, San Xiao da Pobra, A Pobra de Sarria e A Pobra de Triacastela. A ruta establecida e marcada con laxas de lousa nas que se le "Camiño Francés de Padornelo a Lugo. Deputación Provincial de Lugo" vai dende Lamas pola Legúa, O Castiñeiro, Cancelo. O Couto, Trascastro, Fompernal, Quintela, San Salvador de Toldaos e As Encrucilladas ata O Furco, lugar con casas repartidas entre os concellos de Triacastela e Láncara.

Seguindo coa descrición das diversas variantes, agora unificadas aos efectos prácticos de conservación e mellora, faremos referencia aos diversos lugares de interese, que dende moi antigo recibiron a influencia dun camiño que era a estrada que unía a cidade de Lugo con Castela.

O BIDUEDO. -Deixando atrás o lugar de Fonfría, á man esquerda do monte de Seixo Redondo e o arroxo do Muin Vello, chégase á pequena aldea de Biduedo (a 1.210 m de altitude) e que pertence ao concello de Triacastela. É un pequeno lugar, con poucas casas habitadas, cunha rústica e primitiva capela na beira do itinerario xacobeo.

Esta capela de San Pedro, recentemente restaurada, ten uns 49 metros cadrados de superficie, tellado a dúas augas, un pequeno campanario e porta con arcada de laxas de pedra, o mesmo que o pavimento. No interior conserva as imaxes de San Pedro, titular, San Roque e Santa María Madalena todas do s. XVIII, e están retiradas outras pezas do s. XVI, máis imperfectas, de San Pedro, Santa María Madanela, Santo Antonio e unha santa descoñecida.

No Biduedo separábanse orixinariamente as Postas de Santiago das que por Lugo conducían á

cidade da Coruña, ata que se estableceu a parada en Fonfría.

Na actualidade O Biduedo ofrécelles aos camiñantes establecementos hostaleiros modernos e acoledoras casas de turismo rural.

Polo camiño da esquerda, en cota elevada, rodeando o monte Caldeirón, vaise na procura de Triacastela e Sarria, pasando por Filloval e A Torricela, mentres que quen se dirixía a Lugo collían polo camiño da dereita, que de súpeto baixada levaba ata Lamas (1.029 m de altitude).

Actualmente o treito entre O Biduedo e Lamas coincide substancialmente coa estrada vella de Samos a Pedrafita do Cebreiro (aberta en 1955). O Biduedo, ata os arranxos parroquiais de 1890, pertenceu á parroquia de Santa María de Vilavella e constituía un Couto baixo a Xurisdición da Real Abadía de Samos.

Varios autores citan este lugar como integrado na Xurisdición da Encomenda de Portomarín, erro derivado de tomar a parte actual polo todo anterior, cando en realidade só lle pertencían á Encomenda os demais lugares da actual parroquia de Santo Isidro de Lamas e aínda había casas soltas adscritas a outras parroquias da contorna.

LAMAS. -Cabeceira da parroquia coñecida como Santo Isidro de Lamas de Biduedo, no actual concello de Triacastela, pertenceu, con menor dimensionado que o presente, á Orde de San Xoán de Malta, dependendo da Encomenda de Portomarín, en na actualidade está formada polos lugares do Biduedo (que dependía de Samos), Lagúa de Reboliños, Lamas e Meizarán. Este lugar de Meizarán, ata hai unhas décadas atrás formou parte da parroquia de Alence, do concello das Nogais, e foi segregado para unilo ao concello de Triacastela. Nese lugar está a casa patrucial dos Cela, onde viviron os antepasados do escritor Camilo Xosé Cela.

A igrexa actual é moderna (do ano 1949), con cemiterio ao redor do templo (costume este que tan desafortunados resultados produce en toda Galicia ao afean innecesariamente os adros parroquiais privando de perspectiva aos templos e que di moi pouco a favor dunhas autoridades eclesiásticas e civís que tan pouca sensibilidade artística amosaron ao respecto, e fala ademais da pasivi-

dade das autoridades sanitarias que toleran tan pouco recomendables situacións).

O trazado do templo é neogótico, dunha soa nave cuberta a dúas augas, ten pórtico sobre a porta principal e sancristía na parte posterior, máis baixa e reducida ca nave.

En Lamas está documentada a existencia dun mesón (reflectido nos mapas do s. XVIII), que permitía a acollida de peregrinos e viaxeiros, e temos que supoñer que con todas as incomodidades engadidas que aparecen sinaladas en múltiples relatos de viaxes, derivadas da forzada convivencia de persoas e animais baixo dun teito común.

Hoxe en Lamas destaca a actividade da chacinería e a gandería de montaña, sendo de sinalar a aposta pola recuperación de especies autóctonas. Desde Lamas o camiño descende cara á Lagúa de Reboliños (a 951 m de altitude), topónimo que alude á existencia remota dunha pequena lagoa e á vexetación de rebolos ou carballos distinguindo así este lugar doutros de igual denominación existentes na zona da Montaña (Lagoa de Táboas, Lagoa de Castela).

Tamén se documenta graficamente (Fontán) outra alternativa, tal era a de dirixirse cara Meizarán e Folgueiras.

Pasado o lugar da Lagúa, podían optar por alcanzaren Toldaos indo pola parroquia de Cancelo, ou ben facelo atravesando a parroquia de Santa María da Vilavella.

O camiño de Cancelo percorre a Costa do Val (915 m de altitude) e o da Vilavella polo Monte do Penedo (857 m)

CANCELO. -Pola parroquia de Cancelo o camiño vai cara aos lugares de Cancelo e Vilarce. A parroquia de San Cristovo de Cancelo (San Cristovo de Mesme na Idade Media) está formada polos lugares de Cancelo e Folgueiras e pertenceu á xurisdición da Pobra de Triacastela, integrada no marquesado de Sarria. Cancelo, na aba do Monte da Albela (1.065 m) ocupa terreo de monte, pechado por poñente polo Castro (825 m) e o monte de Casares (808 m).

A igrexa de Cancelo aparece nomeada entre as doadas a Samos como "tres partes Sancti Christophori de Misme", na bula de Alejandro III (ano 1175).



Nun documento de 1 de agosto de 1176 varios leigos e presbíteros que moraban en San Cristovo pactaron co mosteiro de Samos as condicións riba dos dereitos da citada igrexa, nos días en que Vermudo Álvarez tiña a potestade de El-Rei Fernando II en Sarria e en Triacastela. A situación da igrexa sinalana como "sita est in territorio Triacastelle inter duas villas, scilicet, inter Misme et Ailiviz".

A vila de Vilarce doulla a Samos por Onega Vermúdez en 24 de marzo do ano 1080.

Nun inventario de bens adquiridos polo abade de Samos Fromarico figura "Villarci que fuit de Vermudo Menendiz" (ano 1091). De 19 de decembro de 1020 é a doazón do conde Sarracino Siliz ao abad Diego de Samos, na que entre outras vilas dalle "Item concedo vobis alias hic in Triacastela in villa que dicitur Villarci, que est de Felice medietatem exea; et aliam villam hic in Villarci que fuit de Barsilli III^a porcionem". En 6 de xuño do ano 1093, Paio Pérez e Martiño Pérez concambian co mosteiro de Samos a vila de Vilarce pola de Mexme.

Este Mexme ou Misme, foi unha vila hai tempo desaparecida (hai referencia na rica toponimia menor), que deu nome á freguesía na Idade Media.

A parroquia de Cancelo era, no século XVIII, de señorío dos condes de Lemos, quen percibían dos veciños da devandita freguesía 362 reais e catro maravedís de vellón en cada ano.

Esta zona abonda en cavidades aínda non moi estudadas, sendo de sinalar a importancia da Cova Eirós, que trae moita luz sobre a existencia prehistórica de especies animais moi significativas, como o oso das cavernas, e da actividade do home de Neandertal, e así recentes investigacións

arqueolóxicas permiten un mellor coñecemento dos tempos prehistóricos en Galicia, levando a que se presente un valor engadido do que poderán ser partícipes os camiñantes que sigan esta ruta, sendo de agardar que se poida plasmar nunha actividade museística "in situ".

Nestes terreos montesíos estiveron bos cazadoiros de oso no período dos reis asturianos e leoneses, documentándose a presenza de úrsidos ata preto de 1950, quedando mostras da loita contra eles nas moitas "alvarizas" que albergaron cortizos para produción do mel, sendo de sinalar que recentemente se documentan esporádicas incursións de osos por estes montes.

Pasado Cancelo o peregrino podía seguir por Tras Castro, Fompernal, Quintela, San Salvador, Toldaos, A Encrucillada ata O Furco, no Monte da Meda, ou ben alcanzar ese curuto dirixíndose primeiramente a Vilarce e Toldaos.

VARIANTE DA VILAVELLA. -Se non seguían o camiño principal por Toldaos, e optaban por se dirixiren cara a Vilavella, a carreira percorría deixando á esquerda o río Teixido e a man dereita o Castro de Lagares (810 m), despois de atravesar a aldea do mesmo nome. Vilavella é a cabeceira da parroquia de Santa María do mesmo nome, formada polos lugares do Castiñeiro, Filloval, Teixó, Vilar e A Vilavella e na Idade Media foi primeiramente coñecida como Burgo de Triacastela (Burgo Vello) ou Santa María de Triacastela, onde se documenta a existencia de Concello. Eses nomes perdeunos cando Afonso IX decidiu poboar o Burgo Novo ou Vilanova de Triacastela, despois Pobra de Triacastela, actual vila de Santiago de Triacastela, capitalidade primeiro da Merindade de Triacastela e agora do concello do mesmo nome.

A Vilavella é hoxe unha aldea a 730 metros de altitude, nas inmediacións das canteiras de pedra calcaria actualmente explotadas pola factoría de Cementos Cimpor no Oural (Sarria).

Sen lugar a dúbidas o Burgo de Triacastela foi activo centro de confluencia de peregrinos e viaxeiros ata que foi poboada a Triacastela Nova. E así a partir dese momento (finais do século XII) acabou quedando á marxe da ruta principal das peregrinacións, aínda que na primeira Idade Media tivo grande importancia, xa que con anterioridade á

apertura do novo camiño polas abas do Caldeirón, Pena Furada, Filloval, Torricela e Aspasantes a ruta habitual pasaba por este lugar.

Santa María de Vilavella é, pois, a Santa María de Triacastela medieval, cabeceira desta terra (Burgo de Triacastela) e arciprestado (este obxecto de longa e ruidosa disputa entre os bispos de León e Lugo), que acabou perdendo a súa importancia cando Afonso IX fundou o Burgo Novo de Triacastela ou Pobra de Triacastela, coa pretensión de que fose unha significativa cidade sometida á xurisdición real, á beira da ruta principal do camiño, segregando unha porción da primitiva parroquia de Santa María para crear alí a de Santiago de Triacastela (que acabou sendo dos Condes de Lemos), e para o que tivo que permutar ademais unha igrexa, cos cabaleiros de San Xoán do Hospital, incluíndo na vila algunhas casas do Couto da Balsa, que eran señorío do Conde Lemos, aínda que o resto da parroquia de San Breixo da Balsa era propiedade do Cabido de Santiago e o Couto de Baldemar pertencía a Samos.

No Tombo de Samos hai abondosas referencias relativas a lugares de este percorrido:

- a).- Na escritura de 12 de novembro do ano 969 Vildifonso doou ao Mosteiro de Samos a igrexa de Santo Estevo en Vilar cos seus bens sinalando as seguintes extremas: "... desde a carral que descorre cara a vila ata outra carral que vai á "stratam maiorem" cara Fonfría (en clara referencia ao camiño xacobeo).
- b).- 1 de agosto de 1149 Martiño Pérez e Guntrude Pérez, con Xoán Páez e Columba, vendéronlle ao abade don Xoán de Samos un soar en Triacastela (Vilavella) que estaba entre as casas de Paio Cidiz e Godina Eichigas.
- c).- En escritura de 30 de abril do ano 989 consta a doazón de Menendo Emeteriz á igrexa de Santa María de Triacastela, que presenta referencia a unhas viñas que son cedidas alí.
- d).- En 17 de xaneiro de 1119 Afonso Moniz doou ao abade Pedro e ao mosteiro de Samos a igrexa de Santa María e San Paio, no territorio de Triacastela, baixo do Monte Braña: "et pro sustceptione hospitum et peregrinorum atque venientium in loco ipso".
- e).- A igrexa parroquial aparece citada na Bula de Alexandre III como "Ecclesiam Sancte Mariae de Burgo".

A parroquia de Santa María de Vilavella era da Xurisdición de Triacastela na súa maior parte e do Mosteiro de San Xulián de Samos, da Orden de San Bieito (Biduedo), quen percibía por razón de vasalaxe, de cada veciño cabeza de casa que morrese, a mellor cabeza de gando maior, boi, vaca ou cabalería, e os lugares do Teixo, Castiñeiro e parte da Lagúa de Reboliños, que reunían once veciños, eran de señorío do conde de Amarante, residente en Valladolid, que percibía uns cen reais cada un ano por loitosa.

A Vilavella ofrece hoxe para visitantes establecementos de turismo rural dotados de boas comodidades.

Sen lugar a dúbidas o percorrido que reflicten nos mapas do século XVIII (Biduedo-Toldaos-O Furco) é o que máis se utilizou e é o que a todos efectos hai que incluír como verdadeiro "Camiño Real", e así se sinalizou.

ALFOZ. -A parroquia de Santalla do Alfoz está formada polos lugares de Arxileiro, Lagares e Santalla.

A igrexa de Alfoz aparece citada na bula de Alexandre III como "Ecclesiam Sancte Eulalie". Na doazón de Pexito e Espasando a favor de Samos, referida á igrexa de San Breixo de Baldomar, hoxe A Balsa, (27 de xuño do ano 1002) sinalan as extremas do doado "per terminum de río de Sarria, et per Pinnas Nigras usque in Maeda, et per terminos de Sancto Petro usque in terminos de Sancta Eolalia, usque in Castro Ramir", na que a referencia a Santalla é cita evidente da actual parroquia de Alfoz.

Á vila chamada de Santalla refírese a doazón feita en 6 de maio de 1011 por Xuliano, Honoria e os seus fillos ao abade Mandino de Samos e na escritura din que "concedimus post partem ipsius supradicti monasterii, ut sit in substantia fratrum pauperum et peregrinorum".

Abandonado o lugar do Alfoz podía seguirse en dirección a Santa María do Monte, ou buscar Toldaos por San Salvado, variantes da ruta principal, que nos permiten afirmar que todas as parroquias do actual concello de Triacastela, atravesadas por múltiples variacións do vieiro, mantiveron a tradicional acollida a peregrinos e viaxantes, nada xa no século X, cando en San Pedro do Ermo foi fundado polo conde Gatón un mosteiro do que na actualidade non se conserva máis referencia que a do seu topónimo.

A man esquerda queda a igrexa de Santalla do Alfoz, e despois de pasado o lugar de Santalla o camiño empeza a ascender cara o monte da Meda, deixando á esquerda o castro de Santo Adrao, e polos montes de Queirido e A Piqueira alcanza o paso e lugar do Furco.

RUTA PRINCIPAL POR TOLDAOS

TOLDAOS. É topónimo que alude a asentamento de "toledaos" fuxidos do dominio musulmán. Na comarca sarriá son tres as parroquias que levan ese apelativo: Santiago de Toldaos (O Incio), San Salvador de Toldaos (Triacastela) e San Vicenzo de Toldaos (Láncara) e en Lemos tamén aparece este nome en Pantón. A parroquia triacastelense de Toldaos está formada actualmente polo lugares das Encrucilladas, Fompernal, O Furco, San Salvador, Toldaos e Vilarce.

Á igrexa de San Salvador de Triacastela, entre Toldaos e Vilarce, refírese a escritura de 15 de outubro do ano 1159 que dá noticia do preito sostido polo Mosteiro de Samos con Froila Díaz, capelán da devandita igrexa. Á mesma parroquia alude tamén a escritura de doazón de Paio Guisiliz, presbítero, efectuada cos seus pais e irmáns, a favor do abade don Oveco de Samos.

Dese documento dedúcese que a igrexa foi fundada, entre Vilarce e Toldaos, polos seus pais don Recosendo de Toldaos e dona Ermilli de Vilarce, co pacto de que á hora de designar cregos para atendela tivesen preferencia os da liña familiar dos fundadores.

A vila de Toldaos, non lonxe da igrexa de San Martiño, concedéronlla Ledegundia e o seu fillo Vilifonso ao abade Mandino de Samos en 23 de febreiro do ano 1009 "... ut habeant inde hic habitantes pauperes et peregrinos temporale subsidium" e a igrexa parroquial aparece citada na bula de Alexandre III entre as doadas a Samos nomeándoa como "Ecclesiam Sancti Salvatoris".

A parroquia era de señorío do Conde de Lemos, integrada na xurisdición da Pobra de Triacastela (marquesado de Sarria) quen percibía dos seus vasallos 190 reais e 15 marabedís ao ano e os tres veciños do lugar do Furco eran de señorío do conde de Maceda, residente en Madrid, quen percibía dos seus vasallos cinco reais de billón ao ano.

No lugar de Toldaos xuntábanse a ruta principal que baixaba por Cancelo e o ramal da Vilavella a

San Salvador. Atravesaba o val, onde unha trama de camiños permitía, segundo as épocas, seguir diferentes trazados, en dirección a Toldaos.

Pasado o lugar de Toldaos comeza a subida ao monte da Meda (o "Mons Serius" medieval) e que polo lugar da Encrucillada, que alude ao cruzamento de camiños, lévanos ata O Furco.

CONCELLO DE LÁNCARA. -A ruta moderna, que é a canónica sinalada pola Deputación Provincial de Lugo, vai polo Furco, A Casabranca, A Armada, A Esfarrapa, Galegos, Leirado, Airexa, A Lama, A Armea de Abaixo, Fuxón, A Ponte de Carrecedo, Corveira, Neira de Rapados, Bande e A Forxa, ata a Ponte de Lago.

O FURCO. -Lugar situado no Porto da Meda a 940 metros de altura, que pertence hoxe aos concellos de Triacastela (tres casas) e Láncara (actualmente dúas casas).

Aquí está documentada tamén a existencia dun mesón, que en época de invernia, sobre todo, serviría de gozosa acollida para viandantes, aínda que as comodidades fosen mínimas e o aloxamento se fixese nas habituais pésimas condicións dos citados mesóns, onde fóra de teito, mala cama, lume e sal, pouco máis se podería achar. Mesóns e vendas que no seu día mereceran o festivo e crítico cualificativo de "Arcas de Noa", alusivo á forzada convivencia baixo do mesmo teito de mesoneiros, fuxidos e irados, animais de variada pelaxe e penuxe e viandantes.

Pasada a estrema intermunicipal, éntrase na porción do lugar pertencente agora ao concello de Láncara e parroquia de Santiago de Cedrón, e antes da xurisdición de Vilaesteva de Herdeiros.

A igrexa parroquial queda a uns 5 km. en dirección norte, razón pola que non facemos mención dela. Esta ampla parroquia lancaresa está formada polos lugares de Acibeiros, Airexe, Busto, Carrís, Casabranca, Castrodelo, Cedrón Susaos, A Cortella, Estaladoira, Montelora, Piñeiroá, Rebordelo, Saa, Seara, Sobrerriba, Soaxe e Vilarín e no Antigo Réxime formou parte no civil, cara ao norte, da xurisdición de Cedrón e cara ao sur da xurisdición das montañas de Vilaesteva de Herdeiros.

E o peregrino, na procura do Val do Neira e da Ponte de Carracedo, iniciaba o descenso pola serra pizarrenta, entre pedreiras, xesteiras e searas, terras case ermas salpicadas por ocasionais sou-

tos de castiros, carballeiras e amieiros á beira dos regueiros que baixan cara ao Sarria e ao Armiela.

Pasados os lugares de Casabranca, Estaladoira e Acibeiros, A Armada (de Santalla de Lagos) e O Busto éntrase no lugar da A Esfarrapa.

O BUSTO, é un pequeno lugar onde está documentada unha capeliña dedicada a San Caetano, así como un peto con obra pétreo de fábrica e imaxe. Esta capela promoveu unha familia da aldea no século XVIII, aducindo como motivación a distancia á igrexa parroquial e o continuo tránsito de pasaxeiros aos que se lles podía facilitar a posibilidade de oíren misa nela.

A localidade da **ESFARRAPA,** situada a 770 metros de altitude, pertence á parroquia lancaresa de Santalla de Lagos, que está formada polos lugares da Armada, A Esfarrapa, Lagos, Santalla e Seoane.

Foi lugar no que se celebraban feiras o 11 de cada mes e que alcanzaron grande sona en Galiza, O Bierzo e terras de León, xa que supoñían a saída cara a Castela de moitas mulas e xogadas de bois ("A saca de bois"), especialmente ao rematar o verán, alcanzando este mercado non menos interese que o moi nomeado de Triacastela que cumpría a mesma finalidade, e ata alí se achegaban traxinantes e maragatos na súa actividade comercial.

Esta feira mantivo o seu pulo ata que a implantación do ferrocarril, a creación das feiras de Sarria e o seu afastamento coas modernas estradas sinalaron o seu inevitable devalo e aparición de feiras na Cha de Santa Marta, Río e Cedrón, xa desaparecidas.

Na Esfarrapa estaba o cruzamento do Camiño Francés a Lugo co Camiño de Monforte a Asturias, vías ás que se vinculaban os mesóns alí existentes.

Atravesando o monte da Medorra (que alcanza os 770 metros) e o da Trandeira, chégase ao lugar de Galegos, onde tamén había "Posta" dos correos reais que ían e viñan de Madrid ata A Coruña e viceversa.

SANTA MARIÑA DE GALEGOS. -Santa Mariña de Galegos ou Santa Mariña do Carballo de Galegos, que con estas dúas denominacións se coñece a parroquia, na actualidade está formada polos

lugares de Galegos e Vigo de Galegos e o Madoz refire que se comunica polo “camiño ou estrada xeral, que antigamente se dirixía a Castela”.

A súa denominación responde a uns primitivos poboadores “calaicos” ou, na segunda acepción, á existencia dun carballo senlleiro, se cadra nun tempo dotado de carácter sacro.

É tradición repetida en toda a zona e cousa moi coñecida de xente da comarca, que a raíña dona Urraca parou no Mesón Real de Galegos, conservándose razón do feito transmitida oralmente dende daquela.

A este Mesón Real refírese Alexandre de Laborde no seu “Viaje pintoresco e histórico por España”- primeira edición española en 1819- onde di...”atravésase o porto do Cebreiro no lugar deste nome, famoso polos ricos queixos que nel se traballan. De aquí baixase ao reino de Galicia polo lugar de Fonfría ata o de Galegos, onde se acha unha pousada chamada Mesón Real. As campías, as carballeiras, sebes e pasteiros que se ven ata chegar a Lugo manifestan dende logo o esmero da agricultura deste reino...”

O camiño, unha vez atravesado o río Armiela ou de Galegos, e despois de cruzar a estrada de Sarria-Becerreá, sobe, nunha das variantes cara ao monte de Leirado, pertencente á parroquia de San Pedro da Armeá, que tamén era da xurisdición do Mosteiro de Samos, e é, na actualidade, do concello de Lánacara.

No partido samonense da Armeá, dependente de Samos, estaban integrados os lugares de Armeá, Aranza, Baso, Berselos, Baralla, Guilfrei, Laxes, Lapio, Mourillón, Moscán, Montixo, Neira, Pousada, Pedraboia, Penouta, Proba, Páramo, Leirado, Touville e Vale, lugares todos eles dos actuais concellos de Lánacara e Baralla.

Vemos, polo tanto, que fose cal fose a opción tomada polo peregrino para ir cara Compostela, a asistencia dos monxes samonses estaba presente nunha ou noutra ruta.

SAN VICENZO DE LEIRADO. -San Vicenzo de Leirado é hoxe un casar illado, non lonxe do lugar de Leirado, na parroquia de San Pedro de Armeá, atravesando o camiño a estrema norte da parroquia por zona despoboad.

O camiño pasa un pouco ao norte desta casa soa, cuxa denominación responde á conversión dun “ager” en pequenas parcelas -“larias”-, e en realidade son moitas as leiras que atravesas existentes no Agro de Leirado, que o bordea polo chan de preto do Castro.

No foro do lugar dos Gómez feito no tempo do abade frei Xosé Laguna. Século XVIII- lése: “... mais o leiro de Badín que levará un cuartal de pan para sementar, e estrema por unha parte co Camiño Francés e por outra parte con herdade de Pedro Fernández Armea e con herdade que foi de Xil López”.

Na documentación do século XIX referida ao monte comunal, ao vello camiño de Lugo chámanlle “Camiño dos Romanos”.

En San Vicenzo, reducido hoxe a simple casar, queda lembranza dunha antiga igrexa medieval.

A parroquia de **SANTA MARÍA DA LAMA** está formada polos lugares de Airexe, Armeá, Asé, Campos, Cima de Vila, Lama e Roxedoiro. Aquí o camiño atravesas o río Armiela (“Armeniella” nos documentos medievais). No Madoz sinalan que “os camiños son locais e enlazan coa antiga estrada de Castela a Galicia”.

Pasado o lugar de Galegos moitos dos camiñantes seguían por San Pedro da Armeá, Souto de Ferradal e Touville, deixando á dereita o río Armiela, e por Santa María da Lama alcanzaban o río Neira en Carracedo.

CARRACEDO. -Na Idade Media foi sede dun mosteiro de tipo familiar (San Vicenzo de Carracedo ou San Vicenzo de Lánacara) e o vínculo da parroquia e o seu termo, primeiro como reguengo, acaba recaendo no ámbito territorial da abadía de Samos, como couto redondo, baixo cuxa xurisdición permaneceu dentro do partido de Galegos, ata a implantación do réxime municipal. A parroquia está formada polos lugares de Carracedo, Corveira, San Vicenzo e Trascastro.

Este Couto da Real Abadía de Samos gozou da presenza dunha feira, ademais de contar con muíños fariñeiros e un batán produtor de burel, promovidos que foron polos monxes bieitos Coa implantación do réxime municipal, Carracedo chegou a ser a capitalidade do concello de Lánacara, deixando de cumprir esa función ao seren trasladadas

nos anos 1950 as dependencias municipais á vila da Pobra de San Xiao, que, aínda que está situada a máis afastada estrema do termo municipal, ao estar inmediata ao ferrocarril e ser cruzamento de estradas, pasou a constituír o núcleo máis importante do municipio.

A carón do antigo consistorio hai bustos en pedra de Ramón Piñeiro e o toureiro Celita, fillos desde Concello.

O lugar perdeu a sede do concello e xulgado, conservando como recordo dese pasado de cabeceira administrativa un nobre edificio anos atrás restaurado para usos sociais e outro que fora sede da Cámara Agraria, que ben podería servir para ser reutilizado como albergue.

Foi centro de postas a partir do século XVI e dende alí é onde se distribuían os correos en dirección á cidade da Coruña por Lugo, e a Ourense, Santiago e Pontevedra, por Sarria, e así coñecemos un documento do século XVIII por virtude do que un verdadeiro sarriao tiña que concorrer á Ponte de Carracedo a entregar e recoller as valixas destinadas a Sarria, Monforte e Ourense. Esa fermosa ponte de orixe medieval, recentemente restaurada, permite o paso por riba do río Neira (Ripa Naria, Río da Neira).

A PONTE DE CARRACEDO é un monumento de singular importancia e, coa non afastada ponte de Covas, afunde as súas raíces no período romano, como pasos significativos en vías que comunicaban Astorga e Lugo, como o proba a aparición de achados de restos romanos en Carracedo e Bande. A ponte de clara traza gótica, tiña na súa parte máis alta unha especie de capeliña na que sitúan a existencia dunha imaxe cunha boeta para a recollida de óbolos depositados polos viandantes. No dicir popular ademais cobraban "pontaxe" a camiñantes, arrieiros e carreiros, sendo de sinalar, que da mesma maneira que noutras pontes galegas, onde iso era posible, existía e pode aínda verse, un vao que obrigatoriamente tiña que ser atravesado polos carros e o gando, en épocas de estiaxe, para evitar que a ponte se derramase. E augas arriba aínda sobrevive o topónimo do lugar dos Vaos que sinala claramente ser lugar de paso polo río.

Precisando arranxos a fábrica, no ano 1633 facía obras nesta ponte o mestre Xoán Muñoz de Solerga, ao que lle encomendaron tamén a obra da ponte de Ribasaltas, en Lemos. Neses anos

estaban en obras as pontes de Carracedo, Ponte de Neira e Neira de Rei, e tamén a de Lago, o que debeu supoñer dificultades para o tránsito dende ou cara a Castela, pois só estaría practicable a ponte de Covas.

A reparación desta magna obra, hai algúns anos, permitiu rescatar a súa peculiar traza, xa que ata non hai moito tempo, estaba oculta por numerosas hedras e vexetación vizosa que a afogaban.

Dito quedou que en Carracedo apareceron restos romanos, o que evidencia que o Camiño Francés a Lugo, é herdeiro directo dunha antiga vía romana que polos montes do Cebreiro e A Meda buscaba Lugo.

Riba do lugar de Trascastro hai un outeiro que serviu de asento a un primitivo castro.

Unha vez atravesada a ponte medieval o camiño segue augas abaixo do río Neira, pola súa marxe dereita, atravesando por fermosas paraxes de vexetación vizosa e pradería sempre verde, regada por numerosas canles que saen de presas que remansan o seu curso, e nas que antes eran frecuente achar as típicas barcas ou batuxos coas que os ribeiregos cruzaban o leito do río. Por imperativo legal nas primeiras décadas do século XX desapareceron as pesqueiras e caneiros onde se collían troitas e anguías en grandes cantidades.

O Neira é río caudal, afluente do Miño pola esquerda, rega fértiles vales e veigas (Neira de Rei, Neira de Xusá, Láncara, A Pobra e Cerceda) mantendo unha beleza paisaxística pouco alterada por agresións derivadas da introdución de especies foráneas. En San Xoán de Muro (1921) e Ariz moveron as súas augas as primeiras centrais hidroeléctricas da comarca sarriá.

VILALEO. -Parroquia coñecida na Idade Media como "Guisande", no seu territorio houbo un "Castelo" protector do camiño do que unicamente se conserva a referencia toponímica.

Da súa primitiva denominación resta tan só a referencia ao monte de Guisande, prevalecendo o nome de Vilaleo, que fai referencia a unha "Villa Leoni"

A parroquia está formada polos lugares do Castelo, A Ermida, Neira de Rapados, Vilaleo de Abaixo e Vilaleo de Arriba. Ese lugar de Castelo sinala a existencia de casa forte que atendería á protección do camiño.

O templo está nun lugar solitario, ao norte do camiño, en medio de prados e soutos, cun cemiterio dos arredores.

NEIRA DE RAPADOS. -O lugar de Neira de Rapados, na marxe dereita do río Neira, conserva un singular pazo, hoxe dividido en vivendas de labregos, mantendo os fermosos e ben traballados hortos que circundan a edificación.

O camiño, non lonxe do río, tiña unha larganza considerable e estaba neste treito ben acondicionado. Aquí principiaba un longo e demorado ascenso en dirección a San Pedro de Bande, atravesando unha paraxe na que afloran numerosas penas graníticas de considerables dimensións, moi redondeadas pola erosión, dando lugar a paisaxes moi suxerentes.

BANDE. -A parroquia de San Salvador de Bande pertence ao Concello de Láncara e foi antes da xurisdición de San Xulián da Pobra. Os documentos medievais sinalan a súa localización en "Terra de Sarria". Está formada polos lugares de Agrolazas, Bande, Susaos, Casanova, O Couto, Laxes, A Pedra e Reboreda.

Nesta freguesía tivo sonda na Idade Media o mosteiro de San Salvador, que tivo grande influencia en terras dos actuais concellos de Láncara e O Corgo, cuxa colonización achou o apoio dos monxes bieitos.

O mosteiro de San Salvador de Bande e o mosteiro de Santa María de Neira, foron fundación dos antepasados de Lucito Gundesendiz e de dona Eiloni, a quen se refire unha escritura de 5 de xaneiro do ano 982 na que o confeso Lucito llos concede ao mosteiro de Samos, enumerando diversas herdades non lonxe do río Neira, varios muíños, outra vila en Escoureda, relas e pesqueiras, herdades nas inmediacións do río Tórdea, varios montes, mazairas e casas que as deu" para remedio da súa ánima... para manutención e vestido dos monxes e para luminarias dos altares e esmolos dos pobres...".

As advocacións do mosteiro, consonte figuran na documentación obrante no Tombo de Samos, eran as de Santa María, San Salvador, San Sebastián, San Pedro, San Paulos, San Martiño e Santo Estevo, e aparecendo xuntas referencia a un e outro mosteiros, é evidente que funcionaron baixo o mandado dun único abade, un acollendo monxes e o outro relixiosas.


Á parte das igrexas mesteirais (hoxe a de San Salvador baixo da advocación de San Pedro) consérvase tamén unha referencia toponímica na chamada "Casa do Mosteiro", que con toda seguridade sinala a localización do establecemento monástico.

Ademais da devandita referencia documental encóntranse no Tombo de Samos outros documentos que permiten coñecer os bens adscritos a eses mosteiros.

Do 11 de outubro do ano 981 é unha escritura pola que Menendo Menéndez e a súa muller Onega, xunto coas súas fillas Goncina e Ildonza, quen a obtivera do seu avó Veremudo Lucidi, e para dar cumprimento á vontade do seu pai, chamado Menendo, danlle ao Mosteiro de Samos a vila chamada "domni Elioni", debaixo da igrexa de Santa María, con todo o a ela anexo e toda a súa súa procreación de servos, de maneira que estes sirvan en submisión de inxenuidade".

Do anos 982-990 é o inventario dos bens do Mosteiro de San Salvador que chaman Bande, extensa relación na que se sinala a demarcación do couto e unha serie de leiras, incluídas casas e muíños, chantados, etc.

Neste documento hai referencia a unha "carral antiga" (polo tanto unha verea de orixe romano) e ás "Penas de Castelo", a unha "Ponte" e a un vao e varias "vereadas", o que reforza a significación de Bande como lugar de tránsito.



Aparecen, entre as posesións do mosteiro, liñares, pesqueiras, muíños, o dereito a moer gran en Elariz e a percibir a metade dos peixe e a vila de Tigunt" que lla deu o conde o seu servidor de cociña chamado Traserigo", con ribeiros e pumarregas.

Do ano 993 (25 de xaneiro) é a escritura pola que Lucido, confeso, e Visclavara, lle dan ao mosteiro de Samos "a carón do río da Sarria", unha súa vila chamada Saa, na beira do río da Neira, "Domni Eiloni" (que era así coñecido o mosteiro), e vilas en Escoureda, Palmir e outras para que quen en Samos residan e tamén" para que os pobres e peregrinos teñan temporal subsidio".

O 9 de xaneiro de 1040, Xusto, presbítero, deixa ao mosteiro que está fundado na vila de Neira, onde chaman "Domni Eiloni" varios bens inmobles en Neira, Reboredo e Moscán, así como una egua, dous bois, dúas vacas e vinte cabras e ovellas, para que os teñan os monxes e monxas que alí residan e perseveren na vida santa. Os bens inmobles proviñan de Sueiro Suárez e da súa muller Gocina, que llas concederan por carta.

Baixo da aula de Santa María encontrábase un casal que o 25 de marzo do ano 1047 foi vendido por Ero Dagarediz a Armentario Ermoriquiz e que incluía casas, soutos, pumaregas, figueiras, leiras e canto alí obtivo, en prezo de cinco mollos de gran Nesta zona existiu outro mosteiro, chamado de San Paio de Neira, persistindo na actualidade o seu recordo no lugar de San Paio, e tamén debeu haber outros monxes nun non afastado mosteiro de San Miguel, cuxo emprazamento se descoñece.

A ese mosteiro de San Paio refírese unha escritura de 2 de novembro do ano 1057 na a que Tanito Violenz faille doazón á súa sobriña Leodegundia do seu mosteiro propio "que foi de don Ximondo e dona Vistiverga e veulle en partillas á súa filla dona Odrozia e concedeullo á súa filla Leodegundia, Deo vota, e ela tívoo no seu dereito por tempo sesaxenario e por orde e mandato dos avós e pais seus entremetres disfrutou de vida".

Deste documento consta que o mosteiro chamado de San Paio "está no territorio de Galicia, preto do mosteiro de San Salvador de Bande, entre os ríos Tórdea e Neira", e que o recibiu Tanito á morte de Leodegundia, quen llo entregou á su sobriña" para que ti posúas o mosteiro mentres teñas vida, e o teñas e posúas con pacífico dereito a salvo doutro danador, e no teu dereito sexa tido perpetuamente, e despois da túa morte sexa inxenuo a salvo doutro danador, en non sendo que o posúan os monxes, frades e monxas, que en santa vida perseveren e en todos os días da túa vida o teñas e

posúas ti", coa excepción dos homes" que sexan inxenuos, que foron de dona Leodegundia". O castelo de Bande, na Revolta Irmandiña, derrubárono polas hostes dos alzados vasalos.

NEIRA DE CABALEIROS, responde na súa denominación ao emprazamento na ribeira do río Neira (na época medieval "Naria") engadíndose o apelativo " de Cabaleiros para distinguila doutros lugares e parroquias que levan o nome de Neira.

A igrexa de Santa María de Neira, suprimida en 1891 como parroquial, mais aberta ao culto, corresponde ao tipo común do románico rural galego: nave rectangular, ábsida con tramo rectangular e testeiro semicircular; a nave con cuberta de madeira a dúas augas; e as dúas partes do ábsida con bóveda de medio canón, e de cascarón respectivamente. Os muros son moi grosos, de boa pedra de cantaría, colocada en fileiras horizontais. A porta principal e a lateral presentan arco de medio punto, oculto por fóra con linteis, a pano cos muros. O arco triunfal ofrece o aspecto de dobrado co que forma o muro que divide a nave da ábsida; coa particularidade de que descansan en semicolumnas: de base clásica, plinto con garras e capiteis de amplas follas que volven en volutas nunha soa orde, as interiores; máis estreitas e con follas pouco perfiladas nos capiteis, as do arco de fóra. Outras catro semicolumnas de base clásica, plintos con garras e capiteis de follas e volutas, dividen en tres tramos a parte exterior semicircular do ábsida. No tramo central hai unha xaneliña con arco de medio punto, que cunha imposta sinxela, apoia nun par de columnas, unha por lado, de base común, fustes monolíticos e capiteis de follas, con cimacio liso. Sosteenen o beirado da ábsida canzorros sen ningunha ornamentación. Hai que destacar neste monumento, no dicir de Vázquez Saco, a exquisita corrección de liñas, e a ausencia case total de decoración, que recorda aquela lisura completa, da que só se libran os motivos vexetais, mais sinxelos e que constitúe o selo da reforma cluniacense.

A igrexa de **SAN PEDRO DE BANDE**, é un templo de bos muros de cantaría, a nave cuberta a dúas augas, riba de trabes de madeira. A cornixa está riba de toscos modillóns. No lateral norte, xanela aspileira e acceso á espadana polo interior do muro. No lateral sur, porta alintelada exteriormente, con arco interior de medio punto. No frontis sufriu unha total reforma e presenta porta semiar-

cada. A ábsida máis baixa e reducida, cun primeiro treito rectangular, semicircular o posterior. Os modillóns son toscos, con simple ornato xeométrico; nun hai seis roeis, e no outro un rolo. Arco triunfal de medio punto, dobre; o exterior vai riba do muro, e o interior riba de impostas sobre molduras xeométricas. Os capiteis con diversos motivos de ornato; o esquerdo con follas de dous corpos; o dereito con dous pares de animais semellantes a simios, dous afrontados e os outros dous opostos, cun busto humano no medio. Columnas semiapegadas, bases comúns, parte rectangular con bóveda de canón. Aparte semicircular é máis reducida que a nave en todo o seu conxunto, bóveda de cuarto de laranxa. .

As dúas igrexas son bos exemplares do románico rural, e foron estudadas por Vázquez Saco. Aínda se poden achegar algunhas referencias documentais que proban o vínculo destas institucións monásticas e a súa incidencia nas terras do Corgo e de Láncara. .

En data posterior ao ano 976 Adosinda, cumprindo a vontade do seu esposo Vermudo Gatoniz déixalle a este mosteiro unha vila en Maceda, onde din Escoureda, xunto con terras entre o Neira e o Tórdea.

Ao Mosteiro de Santa María de Neira refírese a escritura de 11 de outubro do 981, pola que Menendo Menendiz coa súa muller Onega e as súas fillas Goncina e Ildonzia deixan o Mosteiro de Samos a "villa Domni Eliloni "preto do río Neira, baixo da aula de Santa María (de Neira).

En 25 de novembro de 1059 Froila Ovequiz dóalle á súa esposa Gontrode a vila de "Teixeiro", na outra beira do Neira, ata o río Sarria, e por termos de Larín, Carracedo e Neira.

Estes mosteiros de tipo familiar deberon caer moi axiña baixo do influxo de Samos, e os seus bens foron aforados, xa que o partido de Carracedo e Val de Láncara pertenceu a Samos ata 1835, formado por doce lugares (Abragán, Agrolazas, Bacariza, Carracedo, Corbeira, Chousa, Maceda, Guisande, Requeixo, Ronfe, Bande e Bande Susaos) que aparecen na memoria de 1745 onde se comprenden todos os bens de Samos.

Nunha descrición dos bens do igrexario de San Pedro de Bande (s. XVII) constan os seguintes:

"Ten o lugar do Igrexario que está nun termo redondo e de dentro do dito termo redondo está a dita igrexa e a casa baixa que ten o dito igrexario , e o dito lugar componse de terras de dar pan de centeo ,cortiñas de dar nabos e lameiros para pasto de gando, e árbores de carballos, e outros aínda que poucas de froita brava, que todo como vai dito estea dentro do dito termo redondo segundo que o dito termo enfonda pola parte de abaixo facendo esquinal e pega no "Camiño Francés" que vai deste reino de Galicia ao reino de Castela... ata chegar ao dito sitio de Fontao e Camiño Francés primeiro dito onde cerra o dito termo redondo". Esta descrición está tomada de un apeo feito polo párroco don Antonio de Camba e Taboada en 11 de agosto de 1699.

Dunha escritura de 27 de xullo de 1778 resulta que á altura das casas de Amado e Mosteiro (en Bande) a vía pública denominábase como "Camiño Real".

CONCELLO DO CORGO

O "Camiño francés" ou "Estrada Xeral de Castela" atravesaba no concello do Corgo terras das parroquias de Abragán, Marei, Anseán, Chamoso, Manán, Cabreiros e Laxosa.

Entra hoxe este camiño no Concello do Corgo pola parroquia de Abragán, pasado o monte da Casanova (380 m) e inmediatamente chega á ribeira do río Tórdea, atravesado por unha pequena, histórica e airosa ponte coñecida como PONTE DE LAGO, que aparece reflectida no mapa de Fontán, e que ben merecería ser obxecto da máis coidada atención, e mesmo ser conservada só para o paso a pé.

Esta ponte sufriu moitas reformas no tempo. Unha grande chea, no ano 1630, derrubou a ponte e para o seu arranxo fíxose reparto do orzamento entre as sete provincias galegas, saíndo ás obras de nova compostura Miguel Arias, mestre de cantaría de Lugo, poxando por 1.200 ducados, aínda que por un documento de 1633 aparece facendo as obras Rosendo Álvarez, mestre canteiro de Monforte de Lemos , en prezo de 1.000 ducados.

A ruta moderna fixada cos marcos colocados pola Deputación vai pola Ponte de Lago, Lago, Laguiño, Coedo, Barreiros, Souto, Marei, A Pena, A Torre, Hospital de Chamoso, Chantada, Manán de Santa María, O Bocelo e O Lousado ata chegar ao río Chamoso á altura do Mazo de Santa Comba.

TERRA DE CHAMOSO. -O Condado de Chamoso foi un dos que se din creados no período suevo, e recibe o seu nome do río Flamosis (actual Chamoso) que discorre por terras do municipio do Corgo e arciprestado de Farnadeiros. No século VI o “Comitatu Flemosis” nacía onde entra o río Neira no Miño, e seguía a monte Pando, ata Pena Maior, dende alí a Monte Cubeiro dereito ao monte Cirio, volvía ao monte de Lapío, e seguindo a Pena Curva, ía ata Vilar dos Valentés, dende onde por Petuzo dos Bascós, e Monte Rabeiro e Vilachá, saía á estrema a Fonte Humenosa, e pola vila de Recemir, ata a altura do monte Barona, chegaba a Elebrón e ao Miño. Abranguía terras do Corgo, Baralla, Castroverde e Lugo.

A maior parte do primitivo condado de Chamoso acabou caendo baixo a órbita dos poderosos condes de Lemos e de Sarria, e das xurisdicións de Adai e da Pobra de San Xiao, incluídas no marquesado de Sarria, e xunto coa xurisdición de Manán e San Fiz e outros pequenos coutos, en mans de señores ou de eclesiásticos, mantivéronse ata a implantación definitiva do réxime municipal, momento no que se creou o concello do Corgo.

O actual concello do Corgo é herdeiro dos “concellos constitucionais”, creados en 1820, en A Pobra de San Xiao e Adai, do Partido Xudicial de Lugo. O camiño despois de atravesar o río Tórdea e o Rego das Pedras, por Barreiros, Souto e Marei seguía en dirección a Lugo.

LAGO e LAGUIÑO, lugares da parroquia de Abragán e O COEDO nas parroquias de Abragán e Marei, son as primeiras aldeas do Corgo polas que pasa o camiño.

BARREIROS E O SOUTO, na parroquia de Marei, están xa preto da igrexa de Santa María.

MAREI. -No Madoz figura: “O camiño principal é a antiga estrada de Castela que ía polo Cebreiro”. A parroquia de Marei formou parte da xurisdición da Pobra de Adai (marquesado de Sarria), ata o século XIX. Centro dun destacado culto mariano, a igrexa de Marei ardeu nos tempos convulsos da preguerra civil. Tamén se documenta aquí a existencia dun mesón e, cando se facían tránsitos militares, Marei era una das estacións de subministración, a cuxo sostemento debían concorrer as xurisdicións do arredores. No lugar de MAREI hai

na actualidade un eirado ben composto con pedra de cantaría e no que hai dúas fontes presididas pola rotulación que di “Marei”. O acerto de poñer o nome da localidade neste lugar ten a sombra de que no treito entre o río Tórdea e o Chamoso non se ve un só indicador que sinale o nome dos casares, aldeas e parroquias, ao tempo que as laxes de lousa non conteñen máis información que a coñecida frecha amarela, e deberían marcar os quilómetros ata Lugo.

O Concello do Corgo debería celar pola colocación de indicadores que lle axuden ao camiñante a seguir a ruta sen risco de perda, e tampouco estaría de máis promover a rotulación das diferentes casas e casares cos seus nomes propios e tradicionais, para que así permaneza o rico patrimonio que supoñen os nomes históricos dos lugares e casas que os compoñen.

A altitude media nesta zona alcanza os 390 metros, terra na que o camiño percorre a ampla “Chaira do Corgo”, chan longal que vai ata as proximidades do río Chamoso.

Marei é punto axeitado para a implantación dun albergue de peregrinos que faría revivir o feito de constituír punto habitual de parada no tempo dos desprazamentos masivos de militares e camiñantes.

A PENA. -É un casar illado no medio de amplas praderías, e ao que se chega unha vez pasado o rego dos Fondós. Pasado o rego dos Fondós, continúa o camiño por pista asfaltada e pasado o río Mazandán, pola ponte da Torre (reflectida no mapa de Fontán) chega á aldea do mesmo nome. Para salvar o río Mazandán, afluente do Tórdea, pásase pola Ponte que hai antes de chegar ao lugar da Torre. Trátase dunha pontiña dun só arco en pedra pizarrenta, que se fai merecente de maior atención e coidado, pois a súa orixe medieval aconsella unha urxente limpeza de hedra e vexetación que poñen en perigo a súa seguridade, e ao tempo sería aconsellable que se libere do tránsito rodado.

A TORRE. -Neste lugar da parroquia de Santa Catarina de Anseán houbo unha casa forte que acabou vinculada ao conde de Altamira, e que séculos atrás “era unha das boas fortalezas do Reino”, derrubada polos irmandiños e alzada de novo. Estaba a carón do camiño real e serviría de protección para o tránsito. Por unha declaración de 27 de xuño de 1602 consta que a torre xa caera e

que tiña nos arredores moita pedra de gran e lousa. Un tal Sebastián López, do Hospital, levava para facer unha casa moi boa con portaleiras máis de dous mil carros de pedra, e que baixo do chanda torre, había un aposento a xeito de bóveda que estaba pintado e tiña estrelas por riba. Os veciños afirmaban que o levador das pedras achara un tesouro, e que atoaron a estancia abovedada enchéndoa de entullo e unha testemuña asegurou que ademais apareceran no pardiñeiro un freo dourado e unhas esporas. Na actualidade álzase no que fora o soar da derrubada fortaleza a “Casa da Torre” que preside unha ampla propiedade con cerca todo o redor, e conserva unha fonte soterrada con dúas longas galerías e un pombal cadrado.

Dúas fontes de augas termais sulfurosas quedan non moi afastadas do camiño: a Fonte do Bosque e a Fonte das Laxes.

O camiñante que teña vagar para facelo, pode visitar o lugar do Corral e nel a igrexa parroquial que forma un interesante conxunto coa casa reitoral.

O camiño atravesa amplos espazos de aproveitamento forestal, con especies autóctonas e repoboacións de piñeiros.

HOSPITAL DE CHAMOSO. -Na parroquia de San Pedro de Santo André de Chamoso, encóntrase a localidade do Hospital, que alude, sen dúbida ningunha a una institución hospitalaria para atención de peregrinos. A presenza da orde de San Xoán do Hospital, ou de San Xoán de Malta, no inmediato Manán, é un argumento máis a favor da cualificación xacobeá desta ruta. A “encomenda de Portomarín” estaba así presente nesta vella ruta, o mesmo que na cabeceira dela en Biduedo, e no Padrón, no Camiño Primitivo, prestando así labor asistencial nas tres rutas xacobeas. Nos mapas do s. XVIII documéntase a existencia dun mesón no lugar de Hospital de Chamoso. No rueiro da aldea hai un cruceiro de traza rústica, montado riba dunha base en escaleira de granito, que se ve afeado por ter colocado ao seu carón un poste do alumeadado público, que ben merecería que retirasen.

O Madoz cita que “o camiño ou estrada xeral, así como os veciñais están en bo estado”.

Pasado o lugar do Hospital, o camiño atravesa o Regueiro do Hospital e entra na parroquia de Santa María Madalena de Manán.



CHANTADA. É un pequeno lugar, preto da liña do ferrocarril, que hai que atravesar para chegar ás inmediacións de Manán de Santa María.

SANTA MARIA MADANELA DE MANÁN. -No Madoz cítase que “o terreo é areoso e pizarrente de boa calidade e os montes Campa e Gandariña están poboados de uces e toxos, ten algúns soutos de castiñeiros e carballos, bos pastos e prados. O camiño que vai de Lugo á ponte de Carracedo, que era a antiga vía, encóntrase en mal estado, e no lugar da Campa hai unha taberna”

O BOCELO. -Pasa o camiño polo monte do Ladrón e o regueiro de Placer e despois de atravesar outra vez a vía do ferrocarril, non lonxe de Santa Mariña de Cabreiros, segue cara á parroquia de Laxosa.

O ferrocarril e as estradas locais trouxeron variacións do vello trazado do camiño, máis a recuperación que se fixo permite gozar da beleza paisaxística na que as casas de pedra, ou os niños das cegoñas, axudan a facer máis agradable a andadura.



O Bocelo

O LOUSADO. -Despois de atravesar outravolta o camiño de ferro, pasado o lugar do Lousado (alt. 425 m), na parroquia de Laxosa, a ruta baixa en rápida pendente, en dirección ao río Chamoso (alt. 380 m), que discorre moi encaixado, e dende alí ascende en dirección a San Pedro de Santa Comba, xa no concello de Lugo.

CONCELLO DE LUGO

A ruta moderna dentro do concello de Lugo fixouse dende O Mazo de Santa Comba, pola Casela, O Pombal, A Gándara, Pena, Seoane, O Chao, O Cuco, Conturiz, Santo Amaro As Pedreiras, Montouto, A Tolda de Castela e San Fiz de Muxa, entrando en Lugo por San Roque e a Porta Toledá ou de San Pedro.

O MAZO DE SANTA COMBA. -Pasado o río Chamoso por unha ponte de pedra, seguindo a ruta sinalada con fitos dende O Padorneiro, na

actualidade o camiñante goza dun espazo no que houbo muíño e mazo, e xunto cun establecemento hostaleiro, permiten coñecer aquelas antigas actividades que aproveitaban as augas do río para moeren e para o labor dos ferreiros, artesáns de fouciños e outras ferramentas, que tanta sona tiveron en toda a área de Laxosa. Tamén coñecido como Mazo da Ribeira, mantén en funcionamento o muíño, o mazo, unha serra e unha moa de afiar que lle permiten ás novas xeracións coñecer os antigos xeitos de traballar aproveitando os recursos hidráulicos.

SANTA COMBA. -San Pedro de Santa Comba encóntrase a uns 446 metros de altitude, ocupando unha planicie que descende suavemente cara ao oeste en dirección ao Miño. Pasadas as carballeiras que baixan ata o Chamoso o camiño discorre aquí entre terras de cultivo, pequenos prados e chousas, cercados con vargos ou chantos, e coa apertura da estrada de Nadela a Valdeorras, cara

1850 sufriu as lóxicas alteracións, xa que antes ía en dirección a San Xoán da Pena uníndose ao camiño real de Lugo a Monforte antes de chegar ao rego de San Mamede. Tamén se documenta un ramal por Coeo ou Nadela cara Conturiz. A proximidade á cidade de Lugo fixo que nesta parroquia non xurdisen estruturas estables para a atención dos peregrinos, aínda que ao abriren as estradas foron creados algúns mesóns en Nadela.

SAN XOÁN DA PENA. -O camiño atravesaba esta parroquia en dirección ao rego de San Mamede, en descenso non moi pronunciado, que permitía contemplar as caladas augas do Miño, remansadas nas presas dos muíños e na distancia a abasur do mesón onde se asenta a cidade de Lugo.

A igrexa de "Sancti Iohannis de Pena" menciónase moito en documentos antigos da catedral de Lugo, entre outros, en documentos dos anos 1119, 1123, 1133, 1200, 1228, etc. A actual igrexa parroquial, está no barrio de Seoane (Sancte Iohane), é de finais do século XIX e carece de interese arquitectónico. Nela fai de pía da auga bendita un capitel visigótico, de mármore, con astrágalo e follas de acanto. Outro capitel semellante pasou ao Museo Diocesano de Lugo. Estes e outros materiais, como un canzorro mozárabe de mármore (Museo Provincial) e unha base de orixe románica, pertenceron ao templo primitivo, situado no barrio da Eirexe, preto do río Miño, do que quedan aínda os baixos dos muros e cuxas pezas máis sólidas se aproveitaron para o novo. Preto da primitiva igrexa pasaba o "Camiño francés ou Camiño Real de Lugo a Monforte de Lemos", herdeiro da vía romana que dende Lucus ía ao Courel e Lemos, e que se unía ao Camiño Francés de Biduedo a Lugo, antes do rego de San Mamede. Pasado o pontón existente riba deste regueiro o camiño entraba na parroquia de Castro, pola parte baixa do lugar de Conturiz.

SAN ROMAO DE CASTRO. -Esta parroquia está a uns cinco quilómetros de Lugo e está formada polos lugares de Castro, Conturiz e Santo Amaro. Recibe o nome dun primitivo castro situado no actual emprazamento da igrexa parroquial, nas inmediacións de terreos denominados "A Medorra", referencia clara a un asentamento prehistórico. Conturiz e San Román figuran en documentos que dona Urraca outorgou en favor de Santa María de Lugo. Ao oeste da igrexa de Castro, a uns 500 metros, consérvanse os muros dunha grande

obra que non chegou rematarse, e que aínda non se sabe cá era o seu destino. A obra parece destinada a un grandioso presbiterio, con dúas grandes arcadas laterais e unha máis no testeiro. O acceso actual teno pola cabeceira norte, onde aparecen indicios de que a obra ía ter máis amplitude de base. Este acceso podería ser moi ben o proxectado arco triunfal, con dous arcos sobrepostos. Toda esta obra está xa coroada por unha cornixa corrida. As partes máis nobres, arcos e esquinais, son de boas pezas de granito, o resto da obra de boa cachotaría. Os veciños danlle a este pardiñeiro o nome de Convento de Santo Amaro, que é a denominación da aldea onde se asenta.

O camiño pasado o lugar de Santo Amaro seguía en dirección a Lugo, e despois de atravesar o río Rato ascendía por San Fiz, en extensa costa pola Tolda, cara Montirón, dende onde xa se albiscaba a cerca amurallada da cidade.

LUGO. -O camiño entraba na cidade pola Porta Toledá, hoxe de San Pedro, así denominada porque alí estivo situada unha capela desa advocación. Extramuros da cidade estaba o barrio de San Roque, coa capela votiva do mesmo nome, e numerosos mesóns. Neste punto rendían os peregrinos unha etapa máis do seu camiñar, e acollíanse á hospitalidade e caridade dos lucenses, en calquera dos hospitais a tal fin destinados, e nos que acharían a quen procedentes de San Salvador de Ovedo atravesaran as ásperas montañas de Burón.

Así foi durante séculos, e desde O Padornelo, Fonfría ou Biduedo ata Lugo houbo milleiros de persoas que camiñaron por esa ruta, desviándose da máis concorrida para, desde a cidade sacramental, continuaren a andadura en dirección a Santiago de Compostela. Mais a apertura de novos camiños faría entrar en decadencia unha vía que funde as súas raiceiras na noite dos tempos.

Ao coincidir, a partir da segunda metade do século XVIII, o treito comprendido entre Nadela e Lugo co Camiño Real de Madrid - A Coruña (N-VI), o novo camiño pasou a ser máis utilizado, debido sobre todo a que, polas súas condicións, facilitaba o paso de carruaxes, dilixencias e cabalerías con total comodidade, fronte ao trazado do "Camiño Francés" que só era practicable a pé ou dacabalo,

resultando dificultoso e cheo de penalidades para facelo con carruaxes, pola súa pouca largura, sinuosidade e mal estado de conservación, fronte á amplitude, trazado e mellor coidado que presentaba a nova estrada. Iso non quere dicir que, consonte á tradición secular, durante máis de cen anos non seguise sendo a "vía do Padornelo ou de Biduedo" empregada por moitos traxinantes, segadores alugados e militares, porque naqueles convulsos anos encerraba a vía tradicional unha menor perigosidade, e existía a vantaxe de non estar tan concorrida como o novo Camiño Real de Madrid.

Con relación ao uso militar da tradicional ruta de peregrinacións, durante o século XIX, entre Lugo e Fonfría, véxase o que figura no libro de Luis Rodríguez Rodríguez Los liberales lucenses (1808-1854) de cuxo estudo se deduce que o paso polo "camiño vello" foi intenso ata 1796, momento no que xa comezan a funcionar os tránsitos pola estrada nova.

Xa en servizo a estrada nova os tránsitos das tropas cara Castela seguían, polo que respecta á antiga vía "Camiño Francés a Lugo", os seguintes treitos:

- a).- O primeiro tránsito era Marei, situado na xurisdición de Adai, do marquesado de Sarria, "á distancia dunhas tres leguas desta cidade". Para o transporte de bagaxes e alimentación das tropas concurrían alí con achegas obrigadas a xurisdición de Adai (500 veciños), a de Láncara (180 veciños), a de San Xulián da Pobra (300 veciños), e os coutos de Ronfe, Vilambrán e Oleiros (con 50 veciños). Todos eles levaban as bagaxes a Lugo, para desde alí, trasladalos a Marei.
- b).- O segundo tránsito facíase en Galegos (xurisdición de Samos, no actual concello de Láncara), e a el concurrían a xurisdición da Abadía de Samos, menos o partido de Lóuzara , que por estar máis inmediato a Fonfría, facíao nese punto. A xurisdición de Samos comprendía uns 700 contribuíntes. Tamén acudían a Galegos a xurisdición de Sarria, cos Coutos de San Sadurniño, Cesár, San Martiño de Requeixo, Carballal, Saa e Santa María de Vilar (500 veciños); o couto de Cedrón (60 veciños), o de Vilaesteva de Herdeiros (30 veciños) e a xurisdición da Somoza de Vilouzán (80 veciños).

- c).- O terceiro tránsito estaba no lugar da Fonfría (da xurisdición de Triacastela-O Cebreiro), distante de Galegos case outras tres leguas. Concurrían a el 200 veciños da xurisdición do Courel, o couto ou partido de Lóuzara, cos de Teixeira, Sobredo, Biduedo e Bustofrío (280 veciños); o couto de Lamas (11 veciños), o de Padornelo (15 veciños); os de Pacios, Lousada, Fonfría e Val de Fariña (80 veciños) e a xurisdición de Triacastela e o couto da Balsa (201 veciños).
- d).- Desde este último tránsito os efectos eran transportados ata a Ferrería de Valcarce (do bispado de Lugo pero da provincia de León).

Esa detallada relación amosa o uso militar do camiño e a súa permanencia a través do tempo. É evidente que o seu uso por peregrinos sería daquela case episódico, non así o paso de segadores (cuadrillas de "alugados") e arrieiros, maragatos ou non, coas súas reas de mulas, dedicados a un activo intercambio entre Galiza e a Meseta e viceversa.

O peregrino que a Lugo chegaba polo "Camiño Francés de Padornelo" ou polo "Camiño francés de Biduedo" tiña ocasión de visitar unha cidade de gran peso histórico e de forte significación relixiosa, e retomando a andadura podía continuar en dirección a Santiago na procura de Palas de Rei e Melide. Se cadra moitos destes peregrinos en vez de se desprazaren cara Lugo na viaxe de ida, faríano no de volta, e utilizarían, dende a urbe lucense, o camiño obxecto deste traballo.

Agás en algunhas alusións ao paso, é dabondo descoñecido o xeito de como se facía o regreso dende Compostela aos puntos de orixe. Haberá que estudar esta función á luz da documentación que poda ser reunida, o mesmo que haberá que estudar todo o relacionado co tránsito de viaxeiros e postas, para o que é de agardar que se poida contar con libros de rexistro, de cuxa existencia en mans de particulares hai noticias, e que deberían ser analizados.

Na recuperación deste camiño para ser andado, dende O Padornelo á capital lucense están fixadas tres etapas:

- I.- O Padornelo-Toldaos (19,200 quilómetros),
- II.- Toldaos-Bande (22,50 quilómetros) e
- III.- Bande -Lugo (23 quilómetros), o que aconsella que, ademais da recuperación de lugares de parada históricos, como Galegos e Marei,

para a consolidación do camiño moderno, que tamén se faga preciso dotar de albergues as localidades de San Salvador de Toldaos e Bande.

CONCLUSIÓN

Con aquel primeiro traballo, realizado en 1999, simplemente se pretendeu sacar do esquecemento un dos camiños xacobeos que conducían á cidade de Lugo, se cadra o máis transitado e importante deles, no período que vai do século XVI ao XIX, e que, inexplicablemente, malia a ocasionais citas que sinalan a súa existencia e a un activo uso, foi ignorado por investigadores e publicistas, tan afanados nos últimos tempos no rastreo de vieiros, rutas e vereas que a Santiago conduzan, polo simple expediente de seguiren trazos en vellos mapas, esquecendo que "se todos os camiños conducen a Compostela", tan só uns poucos foron soporte real do masivo discorrer de persoas que, movidas por razóns relixiosas, ou outras máis prosaicas, seguiron rutas onde hospitais, pontes, vendas, mesóns, ermidas, igrexas e mosteiros se alzaron para atenderen neles a esa inxente riada de camiñantes.

Se nos mapas das rutas xacobeas en terras lucenses, que a Deputación Provincial de Lugo edita (é unha das institucións máis sensibilizadas ao respecto), acabou reflectíndose o camiño que durante séculos foi o principal acceso á cidade de Lugo dende a Meseta e con Europa, algo se logrou, mais o labor de consolidación precisa de máis compromiso e de máis acción. Recoñézase, "por quen proceda", dunha vez por todas que ata o reinado de Carlos III, e aínda máis adiante no tempo, desde O Cebreiro a Lugo houbo unha ruta principal, que ata finais do século XIX estivo viva e ben viva, e rescátase do esquecemento o seu trazado, completando con equipamentos a súa recuperación.


Esa foi a nosa angueira cando no ano 1999, nas páxinas de El Progreso, no seu suplemento "O Camiño", se publicou este traballo e teño que agradecer que resultara premiado pola Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Provincia de Lugo. E repetindo agora aquela pretensión, se en algún lector facemos que prenda o desexo de percorrer dende O Padornelo ou dende Biduedo ata Lugo este camiño de peregrinos, traxinantes, segadores, maragatos e militares, congratula-

rémonos de que coñeza as belas paraxes de Triacastela e A Meda, do Val de Lán cara e da Terra de Chamoso e sinta ao atravesalos a mesma emoción que movía a quen por necesidade, imposición ou devoción fixo esa ruta nos séculos pasados. As augas do rego de Santalla, Armiela, Neira, Tórdea, Mazandán, Chamoso e Rato hanlle facer compañía, e as paisaxes de montaña e val, de veiga e chaira serán ocasión para a meditación e o lecer.

E se anos atrás coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo se dotou esta ruta de sinalización entre Padornelo e Lugo, parece chegado o tempo de que se programen os equipamentos axeitados para recuperar e restituír un camiño "histórico" que estivo vivo como vía de comunicación de Castela con Lugo, Santiago e A Coruña, e isto sen ter que recorrer a interpretacións interesadas ou forzadas. E, dende logo, habería que ir traballando a prol de que na Vilavella (Triacastela), Galegos e Carracedo (Lán cara), Marei e Hospital de Chamoso (O Corgo), abran as súas portas albergues que permitan a acollida dun anovado fluxo de peregrinos e de amantes da natureza, facendo así revivir esta multiseccular vía. Os Concellos de Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Triacastela, Lán cara, O Corgo e Lugo deberían formar un grupo de traballo, baixo o asesoramento de persoas e institucións interesadas nesa revitalización, e mellorando a sinalización e promovendo albergues axeitados, en pouco tempo poderíase conseguir que sexa un camiño vivo.

BIBLIOGRAFÍA

- LOPEZARIAS, Xaime Félix. El Camino francés de Biduedo a Lugo.
- LOSADA DIAZ e SEIJAS VÁZQUEZ. Gua del camino francés en la provincia de Lugo. Madrid. 1966.
- LUCAS ALVAREZ, Manuel. Tumbo de Samos. Santiago de Compostela. 1986.
- VAZQUEZ SEIJAS, Manuel. Fortalezas de Lugo y su Provincia. Junta del Museo Provincial de Lugo. 1976.
- EL PROGRESO (suplemento). O Camiño. Promovido pola Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, na provincia de Lugo. 1999/2000.



CELEBRACION DO ENTROIDO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo, celebrou no mes de febreiro o entroido cun xantar de confraternización no restaurante "Madrid" onde uns cincuenta socios/as deron conta dun magnífico cocido.



ACTUACIÓN DO GRUPO VOCAL LUCENSE "SÓLO VOCES"

O sábado, 12 de marzo de 2011 celebrouse na Igrexa Parroquial do Corgo, ás 20:00 h o concerto do grupo vocal "**Solo Voces**" co título de "Dous séculos de música lucense". Baixo a dirección de Fernando G. Jácome a máis importante coral lucense interpretou pezas de Xoán Montes, Pascual Veiga, J.A. Moreno Fuentes, entre outros. O grupo Solo Voces fundouse en Lugo en 1992.



Dende entón leva traballando diversos ámbitos do repertorio coral, con especial dedicación à música antiga e à difusión dos autores locais.

A actuación foi moi ben acollida por parte de todos os asistentes.

CLUB DE LECTURA

O Club de lectura de Arumes comezou a funcionar a comezos de 2009 coa intención de dar lectura a un libro cada semestre (e así fomentar o consumo de literatura galega entre a poboación do Corgo e dos concellos limítrofes).

A Asociación Cultural Arumes do Corgo, despois do éxito dos tres primeiros libros do club de lectura:

- "Limpeza de sangue" de Rubén Ruibal (Premio Álvaro Cunqueiro no 2005 e Nacional de Literatura no 2007): agosto de 2009.
- "Cando petan na porta pola noite" de Xabier P. Docampo (Premio Nacional de Literatura no 1995): decembro de 2009.
- "Ás de Bolboreta" de Rosa Aneiros (Premio Fundación Caixa Galicia no 2009 e The Withe Ravens no 2010): xuño de 2010.

Arumes afrontou con gran ilusión a cuarta etapa do mesmo. Nesta ocasión o libro escollido para o 4º encontro, foi "Das cousas de Ramón Lamote" (1985) do lucense Paco Martín co que obtivo o Premio Nacional de literatura infantil en 1986 e unha mención na lista de The Withe Ravens. Dun xeito opcional os socios de ARUMES tiveron a oportunidade de ler e comentar o libro "Das novas cousas de Ramón Lamote" (2010), por ser unha continuación do primeiro. Asimesmo para o 5º encontro co autor/a, foi escollido "Memorias dun Raposo" de Carlos Reigosa.

ENCONTRO CON PACO MARTÍN

O venres, 18 de marzo de 2011, celebrouse no centro sociocultural do Corgo, ás 22:00 h, o encontro co escritor **Paco Martín**, autor de "**Das cousas de Ramón Lamote**" e "**Das novas cousas de Ramón Lamote**". O IV encontro co autor do Club de lectura da A.C. Arumes do Corgo desenvolveuse con gran éxito de asistencia (preto de catro decenas de lectores).




A xornada, que dirixiu Roberto Rodríguez Páramo (Secretario de Arumes), comezou cun resume da biografía do autor; a presentación da obra elixida; unha pequena entrevista; para posteriormente abrir o acto aos asistentes que participaron masivamente con preguntas relativas á obra protagonizada por Ramón Lamote e á vida do Premio Nacional de Literatura, Paco Martín.



O encontro, que se demorou dúas horas, rematou coa sinatura de exemplares e a entrega dun agasallo de cerámica, realizada polo ceramista corgués, Lolo de Anseán.

ENCANTRO CON ANTONIO REIGOSA

Como xa se citou con anterioridade, o autor escollido para esta quinta edición do club de lectura foi o lucense **Antonio Reigosa**, autor, ou coautor, de arredor de 40 títulos de textos literarios e/ou de investigación, o libro elixido foi **"Memorias dun raposo"** da **Ed. Galaxia**, co que foi finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil o ano 1999. Esta actividade celebrouse o venres, 30 de setembro, ás 20:15 h, na antiga escola de Gomeán. O encontro co autor é unha oportunidade de ouro para saber máis do libro escollido e da súa biografía, interactuando co autor nun ambiente de proximidade único. A asistencia a este acto foi moi interesante, en



canto a número de asistentes (uns trinta) e tamén en canto a participación dos mesmos. O acto tivo unha duración de dúas horas aproximadamente e como en ocasións anteriores, rematou coa sinatura de exemplares e a entrega ao autor dun agasallo do ceramista corgués e vocal de Arumes, Lolo de Anseán.


PRESENTACIÓN DO LIBRO RECOMPILATORIO "TERRAS DE CHAMOSO"

O xoves, día 9 de xuño de 2011, ás 21:00 h no centro sociocultural do Corgo, a Asociación Cultural Arumes do Corgo presentou o libro recopilatorio das tres primeiras edicións do Certame Literario "Terras de Chamoso".

O programa do acto foi o que segue:

- 21:00 h Apertura do acto coa intervención de D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, presidente da A.C. Arumes do Corgo, que presentou os fins e as actividades da entidade organizadora.
- 21:15 h Intervención de D. Mario Outeiro Iglesias, que fixo un repaso histórico do Certame Literario Terras de Chamoso: bases, participación, xurado...
- 21:30 h Recital de poesía a cargo de gañadores e do xurado do Certame Literario Terras de Chamoso.
- 21:45 h Peche do acto.

Agasallouse cun exemplar do libro presentado a todos os asistentes.



ENCONTRO COAS ASOCIACIÓNS

O sábado, día 18 de xuño de 2011, celebramos o **IV encontro de asociacións culturais galegas** no que participaron **A.C. de Amigos do Patrimonio de Castroverde, A.C. Arcas de Sarria, Agrupación Instrutiva de Redes-Caamouco**, exercendo a A.C. Arumes do Corgo de entidade anfitriona.

O punto de encontro tivo lugar no aparcadoiro da Casa Grande de Nadela. Dende aquí dirixímonos a ribeira do Miño onde comezamos unha ruta de sendeirismo que nos levou por a insua de Burneiros, desembocadura do río Chamoso, ponte e muiño de Foz, muiño e fraga da Fervenza e desembocadura do río Neira, ali visitamos a Ponte de Neira. Despois tivo lugar o xantar de confraternización no local social de Cela.



Pola tarde, fixemos unha visita a algúns dos monumentos máis senlleiros do noso concello, entre eles o Pazo do Corgo.

Dende aquí dirixímonos a Adai onde gozamos coa actuación de **Cándido Pazó** co espectáculo "Cunqueiradas" e ca actuación da A.C. Legua Dereita do Corgo

EXCURSIÓN AO SALNÉS

O día 10 de xullo do 2011, uns 50 socias/os da Asociación Arumes do Corgo visitamos a comarca do Salnés. Sobre as once da mañá chegamos a **Cambados**, no que visitamos entre outros monumentos a famosa praza de Fefiñáns, enmarcada polo nobre e fidalgo Pazo de Figueroa do século XVI e a igrexa neoclásica de San Bieito. No contorno de dita praza degustamos o famoso viño de albariño.

Despois dirixímonos o **Mosteiro de Armenteira** maxestoso mosteiro cistercense do século XII, hoxe en día está restaurado e a el acoden milleiros de fieis o día da romaría de Nosa Señora das Cabezas. Na actualidade está habitado por unha pequena comunidade de monxas cistercenses. O mosteiro dispón dunha hospedaría.



Ao mediodía trasladámonos á vila de **Mosteiro**, onde se estaba a celebrar a "XXI festa dos callos de Mosteiro", onde puidemos degustar o prato típico desde concello pontevedrés "os callos". Xa pola tarde saímos cara a **Illa de Arousa** onde fixemos unha visita a esta acolledora vila.

"PALIMOCO TEATRO" NO CORGO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo, o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e a Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo organizaron dúas actuacións do grupo "Palimoco Teatro" no concello do Corgo.



A actuación titulada "Queres que cho conte?" (integrada no proxecto "Cultura sobre rodas") é unha actividade interdisciplinar de gran calidade, na que se mestura dinamicamente a literatura oral, o teatro, a danza e a música, cun obxectivo común, achegar os contos tradicionais das nosas terras ao público infantil, dun xeito entretido e divertido. As actuacións que dito grupo de teatro desenvolveu no noso concello, foron como segue:

O CORGO

- Lugar: Centro Sociocultural
- Data: mércores, 20 de xullo de 2011
- Hora: 11:30 h

CELA

- Lugar: Ponte de Neira
- Data: xoves, 21 de xullo de 2011
- Hora: 19:30 h

Ás dúas actuacións asistiu moito público, tanto infantil como adulto. Na actuación de Cela o grupo de actores, aproveitaron o contorno natural do río Neira como escenario, que resultou moi sorprendente, innovador e divertido. Achegamos foto da representación de "Queres que cho conte".



Foto da actuación na Ponte de Neira (Cela)

EXCURSION A COMARCA DO BIERZO

O día 24 de setembro do 2011, puxémonos outra vez en camiño, esta vez para visitar a fermosa terra do Bierzo.

A primeira parada foi en **Vilafranca do Bierzo**, onde visitamos: a **Igrexa de Santiago** do século XII no seu exterior atopase a **Porta do Perdón**, onde os peregrinos gañan o xubileo, cando están

incapacitados para continuar o camiño a Compostela; a **Igrexa de San Francisco**; a **Colexiata de Santa Maria**, construída sobre un mosteiro entre os séculos XVI e XVII; o **Castelo** do século XVI; a **Rúa da Auga**, coas súas casonas señoriais, esta rúa é camiño dos peregrinos, é tamén a máis importante da vila.



Máis tarde dirixímonos **As Médulas**, sen dubida, o maior atractivo do Bierzo, foi a maior mina de ouro do Imperio Romano, declarado **Patrimonio da Humanidade** pola súa riqueza paisaxística e arqueolóxica. Asimesmo son ben de Interés Cultural en canto que **Zona Arqueolóxica** (1996) e como espazo natural no ano 2002 foron declaradas **Monumento Natural**. Realizamos unha ruta por esta fermosa paisaxe.

Ao mediodía trasladámonos á preciosa vila de **Molinaseca**, onde despois de dar conta do xantar cun menú típico desa zona no "Mesón Ponte Romano" dispuxémonos a facer unha visita a esta acolledora vila. Tres son os elementos clave da orixe de Molinaseca: "a Ponte", "os Muíños" e a "Rúa Real". A Rúa Real é o paso tradicional dos peregrinos, xa que o Camiño Francés cruza este termino municipal; percorremos as súas rúas ollando as súas casas nobres e os seus monumentos: o Santuario da Virxe das Angustias do século XVIII; a Igrexa de San Nicolás de Bari da segunda metade do século XVII; a súa "ponte medieval dos peregrinos" sobre o río Meruelo, etc. Dende aquí dirixímonos a **Ponferrada**, que debe o seu nome a unha ponte (**PONS**) de ferro (**FERRATA**) mandada construír polo Bispo Osmunda, a finais do século XI para facilitar o paso polo río Sil aos peregrinos do Camiño de Santiago, visitamos os seus monumentos máis

emblemáticos: o Castelo dos Templarios; a Basílica da Nosa Señora da Encina; a Torre do Reloxo; a Real Cárcere; a Casa dos Escudos etc.

III CARREIRA POPULAR ARUMES DO CORGO

Despois do éxito das dúas primeiras edicións, o 22 de outubro de 2011 (sábado) celebrouse pola tarde, no concello do Corgo (en fronte do Ceip do Corgo) a terceira carreira popular pedestre "ARUMES DO CORGO".



Como ben sendo habitual coa colaboración económica da Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo e do Concello do Corgo. Esta actividade, supón un gran esforzo organizativo para a Asociación, na que é necesaria a colaboración de máis de 40 persoas de forma voluntaria, para poder levar a cabo este evento deportivo de gran transcendencia pola súa singularidade para o noso Concello.



Saída dos pequenos

Esta proba xa está consolidada dentro dos circuitos das carreiras populares como demostra o aumento considerable de participantes en todas as categorías.

A asistencia de público foi numerosa, sendo de especial relevancia a asistencia maioritaria da veciñanza do Corgo.

As categorías de participantes incluíron todas as categorías, dende prebenxamin ata senior. As distancias a percorrer foron de 320 m para prebenxamin e benxamin; 1.800 m. para alevín e infantil; 3500m. para cadete e xuvenil e 5.300 m. para junior, promesa, veteranos e senior.

O premios consistiron en:

- Prebenxamín e benxamín: trofeo para o primeiro de cada categoría, medalla especial para o segundo clasificado (diferenciando homes e mulleres) e medallas para o resto de participantes. Camisetas para todos.



Saída dos adultos

- Alevín, infantil, cadete e xuvenil: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (diferenciando homes e mulleres). Camisetas para todos.
- Júnior, promesa, senior e veteranos: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (diferenciando homes e mulleres). Camisetas para os 150 primeiros.
- Carreira absoluta (5300 m):
 - Primeiro: 100 €
 - Segundo: 75 €
 - Terceiro: 50 €

Diferenciáronse homes e mulleres.

- Entregouse unha medalla ao primeiro home e á primeira muller de cada categoría empadroados no concello do Corgo.

- Entregouse un trofeo ao participante máis novo e ao de máis idade



Zona de desenvolvemento da carreira

XIMNASIA DE MANTEMENTO PARA MAIORES

Organizado pola Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e a Fundación Balogal coa colaboración da Asociación Cultural Arumes do Corgo e dentro do programa “Non te retires, volta a xogar”, a Asociación Arumes organizou un curso de ximnasia de mantemento para maiores dende o mes de outubro ata xuño do 2012, cunha duración de dúas horas semanais impartidas no local de veciños de Cela e na escola de Adai.

CURSO DE MICOLOXÍA.

Unha das múltiples actividades que realizamos dende a Asociación Cultural Arumes do Corgo, foi a organización das primeiras xornadas de recoñecemento, exposición e degustación de cogumelos, celebrados os días 29 e 30 de outubro de 2011.



Un curso no que participaron máis de 20 persoas cunha grande demanda de inscricións, polo que

nos comprometemos dende a Xunta Directiva da asociación a realizar unha segunda edición no outono- inverno próximo.

As actividades arredor desta temática dividímolas en tres apartados: unha primeira centrada nos coñecementos teóricos dos distintos tipos de fungos, características singulares das múltiples especies, coñecementos básicos para a súa identifica-



ción e clasificación, guiadas por un profesional de recoñecido prestixio na materia como é o Xefe de Área dos Servizos Agrarios de Lugo, José Folgueiras.; unha segunda parte na que organizamos unha saída ao campo por distintos tipos de hábitats favorables para a proliferación de fungos (carballeiras, prados, piñeirais), arredor do lugar de Santa Eufemia no Corgo, na que en verdade non tivemos moita sorte debido as condicións climatolóxicas deste outono que non favoreceron a saída de cogumelos; e unha terceira parte que consistiu nunha degustación e previa preparación nun restaurante da zona.

Este tipo de actividades teñen por obxecto ademais de adquirir uns coñecementos básicos na materia, que ademais pode ser un recurso económico adicional, favorecer o coñecemento do medio que nos rodea e a convivencia entre os participantes.

SOÑOS EN COR FEITOS CON TERRA

O longo do mes de Novembro de 2011 na Casa de Galicia en Madrid fixo una exposición das súas pezas “escultóricas” feitas en cerámica o noso socio Manuel Fernández “Lolo” de Ansean.

Na sala da casa de Galicia en Madrid puidose ver unha ampla selección do traballo realizado por este artista corgués, onde as formas torneadas ou

levantadas con planchas son sometidas a acción do calor no forno onde se funden as cores a temperaturas superiores a 1280°C que habitualmente cubren as superficies das súas pezas, con tonos onde predominan as cores azuis e grises (ceo), ou ocres (terra), de aí o título da exposición: "Soños en color feitos con terra".

A exposición contou ca edición dun ben coidado catálogo onde aparecen fotografías das pezas expostas e texto explicativo das pastas usadas, técnica de feitura, esmalte empregado, así como

as características da coción a que foi sometida. O catálogo iniciase cun texto titulado "Tradición e vangarda", escrito para a ocasión pola directora do Museo Provincial de Lugo Aurelia Balseiro.

Unha exposición que contou cun bo éxito de público e gabanza da crítica especializada, sobor de todo, polas calidades e texturas no dominio das cores, e a sensibilidade e pureza das formas.



V XORNADAS DE OFICIOS TRADICIONAIS: OS TRABALLADORES DA MADEIRA

No segundo fin de semana do mes de Decembro celebrouse na sede do centro sociocultural do Corgo as “V Xornadas de Oficios Tradicionais”, organizados pola Asociación Cultural Arumes. Iste ano dedicouse aos “traballadores da madeira”.

Como en anos anteriores, ese fin de semana os socios/as de Arumes atenderon o local e deron explicación aos visitantes que acudiron en horario de mañá e tarde.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

Exposición de ferramentas:

Montouse una exposición na cal se puido ver una ampla e variada selección de ferramentas empregadas nos traballos relacionados coa madeira, en especial cos carpinteiros. Ali expuxéronse: tronzóns, serras de aire, serras de volta, serra portuguesa, cepillos de volta, serróns, garlopas, cepillos, garlopins, acanaladores, xuntoiras, machembras, rebates, rebaixadores, cepillos de molduras, machadas, anxolas, gubias, formóns, trenchas de esquina, limas, escofinas, mazos, macetas, compás, trades, barriletos, sarxentos, berbiquís, torniquetas, etc.

Ferramentas de zoqueiro: anxolas, trades, burro de desbastar, canceira, llergas, pratos, revocadores, cóitelas, bastrens, repeniscos, etc

Demostracións en vivo:

A cargo dos artesáns Alberto Geada (construción de zocas), Julio Guntín (torneador) e Marcos Ladra (talla en madeira). Estes artesáns traballaron durante o tempo que se mantivo aberta a exposición e os visitantes puideron participar en obradoiros que baixo as ordes e explicacións do artesán, puideron facer sinxelas pezas.

Dispuxose ademais de paneis explicativos dos diferentes traballos e procesos da madeira.

Asimismo realizáronse carteis para publicitar as xornadas e trípticos que cada visitante tiña a súa disposición para leer e levar. Os trípticos contaban cun “limiar” que facía referencia a historia da madeira en Galiza, outro apartado facía referencia aos oficios relacionados cos traballos da madeira (serranchins, carpinteiros de taller, ebanistas,

carpinteiros de armar, fragueiros, cubeiros, carpinteiros de ribeira, zoqueiros, torneiros, etc...).

Como en anos anteriores, estas xornadas contaron con importante afluencia de socios e público en xeral que se interesou tanto polas pezas expostas como polos traballos realizados polos artesáns que traballaron alí en vivo.

So queda dicir que estas xornadas continuarán a realizarse a pesares do importante traballo que supón recoller e catalogar pezas e ferramentas que están en proceso de desaparición ou xa desaparecidas, é precisamente por a razón de conservar a memoria e recuperar a tradición, tal esforzo merece a pena.







| |
|--|
| <p>fiCHA técnica</p> <p>DATA FUNDACIONAL: 7 de outubro de 2005</p> <p>TELÉFONO: 626 73 93 90</p> <p>CORREO-E: arumescorgo@gmail.com</p> <p>PÁXINA WEB: http://arumescorgo.blogspot.com</p> |
|--|

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO NUMERARIO

D./Dna

NIF: Data de nacemento: / /

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Tfno. fixo: Tfno. móbil:

Correo-e: Ocupación:

Forma de recibir comunicacións da asociación: Correo electrónico Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a da ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En, a de de

Asdo.:



AUTORIZACIÓN BANCARIA PARA A DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

Sr./Sra. Director/a do Banco/Caixa:

Lugar da oficina:

Prégolle que, ata nova orde, aboem os recibos que presente a ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO con cargo á miña conta/libreta:

| | | | |
|-------------|------------|----|-----------------|
| | | | |
| C. Entidade | C. Oficina | DC | Número de conta |

En, a de de

Asdo.:

CICLO DE CONFERENCIAS “COÑECEMOS O CORGO III”

O sábado, 2 de abril de 2011, ás 20:00h. no centro sociocultural do Corgo realizouse a presentación dos traballos de investigación que formaron o contido da revista Corga nº 2, co fin de acadar a condición de socio/a numerario/a. Cunha duración aproximada de 15-20 min. o programa dos relatores foi o que segue:



- “O camino real de acceso a Galicia e a súa pegada nas terras do Corgo” de Javier GÓMEZ VILA.
- “Catalogación de construcións rurais tradicionais. Os hórreos no concello do Corgo” de Juan ORTIZ SANZ e Miguel Ángel PIÑEIRO GÓMEZ.
- “O santuario da Virxe das Virtudes (Pedrafita)” de José Manuel BLANCO PRADO.



- “O galego en Queizán. Vocalismo, consonantismo, e fonética sintáctica” de Xosé Manuel CASTRO CASTEDO.
- “O Pazo do Corgo” de Jesús ABUÍNARIAS e Josefa GONZÁLEZ DIAZ.
- “O traballo compilador de Francisco Vázquez Saco: as oracións de elaboración do pan e outras tradicións orais do Corgo” de José Luis GARROSAGUDE.
- “Recollida do patrimonio inmaterial no Corgo: unha materia pendente” de Mario OUTEIRO IGLESIAS.

CICLO DE CONFERENCIAS “COÑECEMOS O CORGO IV”

A presentación de traballos continuou o sábado 16 de abril de 2011 ás 20:00 horas, tamén no centro sociocultural do Corgo. Os traballos que se presentaron nesta ocasión foron:



Estes ciclos de conferencias foron moi interesantes para o público asistente pola calidade dos contidos presentados, o remate de cada exposición, o público presente tiveron a oportunidade de preguntar os autores dos artigos as dúbidas que lles xurdiron.

PRESENTACIÓN DA REVISTA CORGA EN SARGADELOS

O Centro de Estudos do Corgo (CEC), realizou a presentación do nº 2 da revista Corga, o 6 de xuño de 2011, ás 20:00 h. na Sala da Galería de Sargadelos situada na Praza Santo Domingo en Lugo.

M^a Consuelo Vázquez Castro, presidenta do CEC, fixo a presentación desta entidade, enumerando os seus fins, os seus obxectivos e o labor que este realiza. Roberto Rodríguez Páramo presentou a revista Corga nº2, e o autor dun dos traballos que conformaron a revista Javier Gomez Vila, presentou o seu artigo: O camino real de acceso a Galicia e a súa pegada nas terras do Corgo.

A revista do CEC foi maquetada por Grafenco e ten como ISSN 2171-6013 e Depósito Legal LU 149-2010. O segundo número sae cunha tirada de 750 exemplares e conta coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo.



D./Dna
NIF: Teléfono:
Enderezo:
C.P.: Concello: Provincia:
Correo-e:

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO (CEC):

- Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- Copia simple do D N I
- Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
-

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dna

NIF: Data de nacemento: / /

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Tfno. fixo: Tfno. móbil:

Correo-e:

Título do estudo:

Formación académica:

Experiencia laboral:

Forma de recibir comunicacións da Asociación: Correo electrónico Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dna (en diante: "o autor")

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

convén o seguinte:

PRIMEIRO: Antecedentes

- 1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.
- 2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recompilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.
- 3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:
.....
.....
obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.
- 4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

SEGUNDO: Cesión dos dereitos

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.

TERCEIRO: Regalías

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuíto, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

CUARTO: Obrigas do CEC.

O C E C non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

- a) ceder total ou parcialmente, en forma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.
- b) facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.

QUINTO: Dereitos do CEC.

Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

- a) determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
- b) realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
- d) utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

SEXTO: Garantía de lexitimidade

O autor garante que a obra goza da “libre dispoñibilidade” (no caso de varios autores, da “dispoñibilidade conxunta”) dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas co contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

SÉTIMO: Mandato de protección

O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

OITAVO: Liberdade do autor

O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.

NOVENO: Modificación e resolución do contrato

Este contrato poderá modificarse ou rescindir-se de mutuo acordo das partes, así como rescindir-se unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

ANEXO I

(Cesión de dereitos de autor)

COAUTOR 1:

D./Dna

..... NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

COAUTOR 2:

D./Dna

..... NIF:


Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

En, a de de

Asdo:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dna

NIF: Teléfono:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Correo-e:

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor:

..... con NIF:

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo ao CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posíbeis (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



Idioma. Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

Extensión. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

Estrutura. O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

Formato:

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recomendase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓN, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negriña e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).

- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

Imaxes. O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Inclúiranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

Bibliografía. Clasificada por orde alfabética, axustárase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

Unidades de medida. Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

Principios éticos e legais. Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.


A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Segundo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaron na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgún ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura

ARZUMES

ASOCIACIÓN CULTURAL
O CORGO

